


AUNIÓS

Nº 11

MAIO 2006



ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

pineiróns




A PROPIEDAD DA ILLA DE ONS: UNHA APROXIMACIÓN DE URXENCIA

Por: Xosé Manuel Pereira Fernández
Universidade de Santiago de Compostela

Referíndose ao coñecemento dos avatares vividos a través do tempo pola illa de Ons, no 1934, Álvaro das Casas escribía "non sei ren da histórea da illa"¹. Vinte anos despois, Salustiano Portela Pazos tentaba "suplir en parte tal sentida omisión" cun artigo publicado en Cuadernos de Estudios Galegos². Do feito de que as brétemas do descoñecemento seguían dominando sobre os ceos limpos dun perfecto discernimento, fíxose eco a comezos da década dos anos oitenta do século pasado Fernando Alonso Romero³.

Coas súas luces e as súas sombras, ata o presente, o artigo de Salustiano Portela⁴ é a obra de referencia para aproximarse ao coñecemento da historia da illa ao longo dos séculos⁵. A ela, citando a fonte de información de onde se bebía, ou omitindo tal feito, recorreron unha serie de autores⁶, pero sempre aceptándoa como verdade absoluta e sen deixar ningunha fenda para a crítica científica. Con esa metodoloxía, resulta doado supor que, no caso de conter o citado artigo algún erro, o mesmo reproduciríase cantas veces fose empregada a obra do cóengo compostelán. É deste xeito como unha

noticia falsa toma carta de verosimilitude e convértese en verdade comunmente aceptada.



Illa de Ons nos anos 60

A propiedade da illa semella que foi motivo dalgunha controversia ao longo do tempo. Segundo Salustiano Portela, a mesma pertencía ao Cabido catedralicio compostelán en función de doazóns reais. Agás no caso de Hipólito de Sa Bravo, quen respondendo a preguntas formuladas por Celestino Pardellas de Blas, e sen profundar na investigación, razón pola que as respostas posiblemente fosen froito unicamente da súa enorme erudición e vasta cultura, deixa entrever que algunhas pezas non encaixaban no crebacabezas da versión oficial⁷. No resto dos casos, é permanente a acrítica incuestionabilidade.

De seguir ao deán da Catedral de Santiago de Compostela, segundo a documentación do Tumbo A da

incorporación municipal de las islas de Ons a Bueu", *Historias de las Rías (II)*, Vigo, 2000, pp. 841-856.

⁶Entre outros: FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E., *Cíes y Ons. La ruta de las islas*, Vigo, 1991, pp. 111-123; FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E., *Illas de Ons e Sálvora: Historia Natural e Humana e outros traballos*, Vigo, 1989, pp. 30-41; LLANO, P. de, *Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida*, Sada - A Coruña, 1981, pp. 17-21; OTERO ACUÑA, M.J., *Isla de Ons. Privilegio de la Naturaleza*, A Coruña, 1998, pp. 17-30; SOUTO FIGUEROA, M.G. / SÁ OTERO, M.P. de, *Flora da Illa de Ons*, Pontevedra, 2005, pp. 17-20.

⁷PARDELLAS DE BLAS, C., "A propiedade da illa de Ons. "O cabido catedralicio". "Carta de Hipólito de Sa Bravo"", *Aunios*, nº 7, Pontevedra, 2003, p. 42-44.

¹CASAS, Á. das, "A illa de Ons", *Nós*, ano 16, tomo 11, nº 131-132, Santiago de Compostela/Ourense, 1934, p. 169.

²PORTELA PAZOS, S., "Apuntes para la historia de la isla de Ons", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXVII, Santiago de Compostela, 1954, pp. 35-73.

³ALONSO ROMERO, F., "Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXXII, nº 96-97, Santiago de Compostela, 1981, p. 287.

⁴Natural de Cotobade, foi membro de Real Academia Galega, do Seminario de Estudos Galegos, catedrático da Universidade Pontificia, deán da Catedral de Santiago de Compostela e presidente do Cabido da citada catedral. Para unha aproximación á súa vida ver: FRAGUAS FRAGUAS, A., "O M. I. Sr. Dr. Salustiano Portela Pazos", *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano LXXIII, tomo XXXIII, nº 360, Vigo, 1980, pp. 490-496; RODRÍGUEZ FRAIZ, A., Voz: "Portela Pazos, Salustiano", *Gran Enciclopedia Gallega Silverio Cañada*. Tomo XXXVII, Lugo, 2003, pp. 29-30.

⁵Dentro desta erma xeografía, como puntuais excepcións podemos considerar os magníficos traballos de Xosé Fariña Jamardo sobre a adscrición municipal da illa. Vid.: FARIÑA JAMARDO, X., "A adscrición municipal da Illa de Ons", *Pontevedra*, nº 4, Pontevedra, 1988, pp. 133-142 e "La

catedral compostelán, foi Afonso III quen no 899 fixo doazón perpetua ao Cabido da illa de Ons. A ofrenda sería confirmada por Ordoño II no 911, Ramiro II no 932 e Afonso V no ano de 1019⁸. Sen embargo, a información emanada da citada fonte documental indica unha cousa diferente. No 899, Afonso III, xunto a outras illas, doa a de Ons ao Apóstolo Santiago, máis en concreto ao seu altar⁹, non aparecendo en ningunha pasaxe do documento o termo cabido, canónigo ou canóniga. Idéntica situación repítese no 911 con Ordoño II¹⁰. Se o documento de Ramiro II, datado o 13 de novembro do 932, é unha confirmación real á Igrexa de Santiago de todas as posesións, entre elas as illas, sen especificar ningunha en concreto, o do 30 de marzo do 1039 é o emanado da *Exquisitio Magna* presidida por Afonso V para clarear os dereitos da Igrexa de Santiago sobre as súas posesións, entre elas as "insulas de Ulia ad Mineum infra mare". Tampouco en ámbolos dous documentos aparece a máis mínima referencia aos termos cabido, canónigo ou canóniga¹¹.

⁸PORTELA PAZOS, S., "art. cit.", pp. 37-38.

⁹Celicolo glorioso domino ac patrono Sancto Iacobo, cuius uenerabile sepulchrum est sub Arcis marmoricis in provincia Gallecie. Nos Adefonsus rex et Exemena regina (...) Oferimus itaque et oulumtarie donamus sancto altario uestro ecclesias, id est: (...) insulam Aunes cum ecclesia Sancti Martini; insulam Arauza cum ecclesia Sancti Iuliani ibi fundata; item insulam Saluare cum ecclesia ibi sita: et ecclesiam Sancti Uincentii in insula Ocobre cum dextris suis...(LUCAS ÁLVAREZ, M., estudio e edición, *La documentación del Tumbo A de la catedral de Santiago de Compostela*, León, 1997, pp. 87-91)

¹⁰"Glorioso domino nostro Sancto Iacobo apostolo, cuius uenerabile corpus // sepultum est in Arcis marmoricis in prouincia Gallecie. Nos famuli eius Ordonius rex et Geluira regina (...) offerimus sacrosancto altario (...) Confirmamus quoque omnes insulas que sunt infra mare, quas pater noster domnus Adefonsus rex per testamentum concessit Sancto Loco uestro, id est: Aones, Framio, Saluare, Arauza, Sias et Tanao, cum ecclesiis et prestationibus aearumdem..."(LUCAS ÁLVAREZ, M., *Opus. Cit.*, pp. 94-96).

¹¹LUCAS ÁLVAREZ, M., *Opus. Cit.*, pp. 131-133 e 173-178.

¹²Neste apartado, quero deixar constancia do meu maior agradecemento ao profesor Fernando López Alsina polas súas indicacións e axuda prestada.

¹³DÍAZ Y DÍAZ, C., "La diócesis de Iria-Compostela hasta 1100" en GARCÍA ORO, J. (coord.), *Historia de las diócesis españolas. Tomo 14. Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, 2002, pp. 38-39; LÓPEZ ALSINA, F., "De la magna congregatio al cabildo de Santiago: reformas del clero catedralicio (830-1110), en *IX Centenario da dedicación da sé de Braga. Congreso Internacional. Actas. Volume I. O Bispo D. Pedro e o Ambiente Político-Religioso do Século XI*, Braga, 1990, pp. 735-762; PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., *El dominio del*

Coa intención de botar luz sobre o silencio documental mostrado polos citados termos, recorreremos aos estudos realizados sobre os mesmos¹². Para atopar as primeiras referencias á existencia dun cabido catedralicio ou canónica en Santiago de Compostela temos que esperar ao século XI. É no 1017 cando López Alsina localiza a primeira constatación da existencia de canónigos na catedral compostelá, o que non quere dicir que xa houbera cabido. Se durante o pontificado de Cresconio (1037-1066) a congregación capitular recibe un forte impulso, co episcopado de Diego Peláez (1070-1088), o número de membros do embrionario cabido compostelán acada o número de vintecatro. O traslado da sede de Iria a Compostela no 1095 debeu lexitimar de forma definitiva a existencia en Santiago dun cabido catedralicio. No 1102, Diego Xelmírez eleva a setenta e dous o número de membros do cabido catedralicio compostelán, converténdoo no máis grandioso do reino¹³.

Como queda indicado, nun artigo aparecido nesta revista no 2003, Hipólito de Sa respondía a Celestino Pardellas sobre a propiedade da illa de Ons. O autor recoñece que efectúa a resposta por cortesía e sen realizar unha investigación en profundidade sobre o tema. Nun texto que presenta unha redacción un tanto confusa en certas pasaxes, Hipólito de Sa indica que nalgún momento da Idade Media a illa de Ons pertenceu ao mosteiro de San Martín¹⁴. Nin na Concordia de Antealtares¹⁵, nin na *Historia*

cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (Siglos XII-XIV), Santiago de Compostela, 1994, pp. III-IV; PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., *La iglesia de Santiago de Compostela en la edad media: El cabildo catedralicio (1100-1400)*, Santiago de Compostela, 1996, pp. 19-24; PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., "Viajes y desplazamientos de los canónigos de Santiago en la Edad Media (siglos XII-XIV), en *Viajes y viajeros en la España medieval. Actas del V Curso de Cultura Medieval celebrado en Aguilar de Campoo (Palencia) del 20 al 23 de septiembre de 1993*, Madrid, 1997, p. 333.

¹⁴"A separación destes Mosteiros [refírese a San Martín e Antealtares] da catedral supoñía unha mingua nos seus ingresos, e isto llo compensaron os prelados con determinadas doazón. Na lista Sisnado, Diego Peláez, na súa estudada concordia co Abade Fagildo, e sobre todo Gelmírez, segundo lemos en La Compostelana. Esta compensación trouxo o que algúns dos bens pertencentes por doazón real á igrexa de Santiago pasasen á xurisdición do Señorío do Mosteiro de San Martín. Entre estes bens menciónanse algunhas illas e entre elas a de Ons"(PARDELLAS DE BLAS, C., *art. cit.*, p. 42).

¹⁵Aínda que tamén pode consultarse noutras publicacións, a modo de exemplo ver: LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo III*, (edic. facsímile), Santiago de Compostela, 1983, Apéndice I, pp. 3-7.

Compostelana, fomos quen de atopar a citada información. De tódolos xeitos, tampouco resultaría un feito decisivo, pois, no hipotético caso de que existira a citada cesión, a illa debeu volver nun momento indeterminado á Catedral de Santiago. Como veremos, a comezos do século XVI atopamos ao arcebispo aforándoa a membros da Casa de Montenegro. O que parece ser totalmente verosímil, en función da documentación existente, é que durante a Idade Media o Cabido da Catedral compostelá non gozou da citada propiedade.



Ons, Traballos agrícolas. 1974

Entre a documentación empregada por Salustiano Portela aparece unha relación de documentos vinculados coa illa de Ons depositada no Museo de Pontevedra. Os mesmos conforman un dos piares fundamentais do seu artigo. Sen embargo, o cóengo recoñece que non foi capaz de atopar os orixinais. A citada relación segue custodiada no Museo de Pontevedra¹⁶. A existencia dos documentos orixinais sitúase no mundo das difusas brétemas, aínda que, polo menos nalgúns casos, sexa factible pensar que existiron. Noutros casos a súa existencia está confirmada, aínda que cunha localización diferente á citada. A modo de exemplo, Salustiano Portela cita a concordia, e posterior aforamento, levada a cabo polo arcebispo don Gaspar de Zúñiga e Avellaneda con don Luís de Montenegro e don Antonio Sarmiento de Montenegro no 1562. No referido ao foro, a relación depositada no Museo de Pontevedra remite a un documento redactado, a pedimento do marqués de Valladares, polo notario compostelán don Xosé María Pego o 2 de novembro de 1837. O citado notario existiu,

e no Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela consérvase a documentación xerada pola notaria para o período de 1831 a 1866¹⁷. Sen embargo, nin na citada data, nin en todo o espazo temporal, aparece o citado documento. Agora ben, concordia e foro foron redactados no citado ano de 1562, estando o orixinal depositado no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela¹⁸.

O 10 de xullo de 1562 o doutor Sebastián de Carriazo, en representación do arcebispo don Gaspar de Zúñiga e Avellaneda¹⁹, ausente en Madrid para atender, por expreso mandato de Felipe II, ao Proceso Carranza²⁰, e o arceidiago do Val de Miñor don Luís de Montenegro, xunto co seu irmán, o veciño de Redondela don Antonio Sarmiento de Montenegro²¹, asinaban unha concordia. Na mesma,

¹⁹Fillo do terceiro conde de Miranda, estudou teoloxía en Salamanca baixo a dirección de Francisco de Victoria. Posteriormente ocupou a citada cátedra. Asistiu e interveu no concilio de Trento. Bispo de Segovia e arcebispo de Santiago, foi nomeado para ocupar a sé de Sevilla, pero morreu antes de entrar na cidade andaluza. Para unha toma de contacto coa vida de don Gaspar de Zúñiga ver: ALDEA VAQUERO, Q. / MARÍN MARTÍNEZ, T. / VIVES GATELL, J., *Diccionario de Historia Eclesiástica de España. Tomo IV*, Madrid, 1975, p. 2817; LÓPEZ FERREIRO, A., *Opus. Cit. Tomo VIII*, pp. 221-237; PAZOS, M.R., *El episcopado gallego a la luz de documentos. Tomo I. Arzobispos de Santiago (1550-1850)*, Madrid, 1946, pp. 19-34.

²⁰Causa seguida durante dezaseis anos, primeiro na Península Ibérica e logo en Roma, contra frei Bartolomé Carranza, arcebispo de Toledo. Vid.: ALDEA VAQUERO, Q. / MARÍN MARTÍNEZ, T. / VIVES GATELL, J., *Opus. Cit. Tomo I*, pp. 358-361; BOFILL Y MATAS, J., *Proceso del Arzobispo de Toledo Fray Bartolomé Carranza. Memoria leída en los ejercicios para obtener el grado de doctor en filosofía y letras verificados en la Universidad Central el día 28 de junio de 1902*, Barcelona, 1903; SALAZAR DE MIRANDA, *Vida y sucesos prósperos y adversos de don Fr. Bartolomé de Carranza y Miranda, Arzobispo de Toledo, Primado de las Españas, Chanciller Mayor de Castilla y León*, Madrid, 1788; SUÁREZ FERNÁNDEZ, L. (coord.), *V Centenario del Arzobispo Carranza*, Madrid, 2004; TELLECHEA IDÍGORAS, J.I., *El arzobispo Carranza "Tiempos recios"*, 2 Vols., Salamanca, 2004; TELLECHEA IDÍGORAS, J.I., *El catecismo del Arzobispo Carranza*, Madrid, 1972; TELLECHEA IDÍGORAS, J.I., *El proceso romano del Arzobispo Carranza (1567-1576)*, Burgos, 1989; TELLECHEA IDÍGORAS, J.I., *Fray Bartolomé de Carranza: documentos históricos*, 5 Vols., Madrid, 1962-1976.

²¹Para unha aproximación aos Montenegro ver: APONTE, V. de, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Santiago de Compostela, 1986, información dispersa; CASTRO PÉREZ, F., *A Casa de Valladares: Formación e evolución do patrimonio dunha familia dominante na Pontevedra do Antigo Réxime*, Pontevedra, 2004, sobre todo pp. 58-77; CRESPO DEL POZO, J.S., *Blasones y Linajes de Galicia. Tomo III*, Santiago de Compostela, 1965, pp. 317-322.

¹⁶MUSEO DE PONTEVEDRA (MPo), *Colección Sampedro*, mazo 31-23.

¹⁷ARQUIVO HISTÓRICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (AHUS), *Fondo Protocolos Notariais, Sección Santiago de Compostela: Pego e González Acebo, Xosé María*, mazos 8.493 a 8.532, inclusive.

¹⁸ARQUIVO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (AHDSC), *Fondo Xeral. Serie: Bens e rendas da Mitra*, mazo 1.7.15 (57), fs. 168rº.-187vº.

os irmáns argumentan que tiñan e posuían a illa de Ons, usando da súa xurisdición civil e criminal, ao tempo que se aproveitaban dos froitos producidos e rendas xeradas como antes o fixeran o seu pai, Paio Sorred, ou seu avó, Lopo de Montenegro, e o seu bisavó, Tristán de Montenegro. Recoñecían que en datas recentes tiveran diferenzas co arcebispo, pero agora apartábanse de todo dereito e confesaban "ser todo ello y aber sido sienpre de la dicha Sancta Yglesia de señor Santiago e perlados que della an sido y de su mesa Arçobispal". Tamén afirmaban que no caso de que algún dereito puidera pertencerlles renunciaban ao mesmo, cedéndoo e traspasándoo "en la dicha Sancta Yglesia de señor Santiago y en el dicho yllustrisimo señor Arçobispo y en sus subçesores perlados que de la dicha sancta Yglesia fueren dende agora para en todo tiempo de sienpre jamas"²².

Dous días despois, o 12 de xullo de 1562, don Sebastián de Carriazo, como queda indicado, en nome do arcebispo don Gaspar de Zúñiga e Avellaneda, asinaba con don Antonio Sarmiento a carta de feudo perpetuo da illa de Ons. Mentres que o segundo recoñecía a propiedade do arcebispo sobre a illa, aquel dáballe autorización para elixir a quen considerase oportuno para exercer a xurisdición da illa. En recoñecemento do feudo, don Antonio de Montenegro e os seus sucesores comprometéñanse a pagar cada ano "por el día de Sanctiago en la dicha çiudad de Sanctiago" dez ducados. Tamén deberían render homenaxe, no prazo dos dous meses seguintes á toma de posesión, a cada novo arcebispo²³. Como colofón á sinatura do foro, don Antonio Sarmiento de Montenegro:

"se llebanto en pie y anbas manos juntas dijo que el como caballero e onbre hijodalgo y desçendiente de tales una dos y tres vezes daba y dio su fee y pleito omenaje segun lei e fuero despaña en manos del muy magnífico señor Don Alonso de Arellano como en manos de caballero e onbre hijodalgo y desçendiente de tales metiendo el dicho Antonio Sarmento sus manos hanbas juntas entre las manos del dicho Don Alonso de Arellano daba y dio su fee y pleito omenaje conforme al dicho feudo de tener guardar y conplir el dicho feudo que por el dicho señor Provisor le fuera echo en nonbre e por

mandado de su yllustrisima señoria de la dicha ysla Dons (...) y que el en todos los dias de su vida (...) ser serbiente y obediente a la dicha Sancta Yglesia de señor Sanctiago y al yllustrisimo e Reberendisimo señor Don Gaspar de Çuñiga y Abellaneda Arçobispo que de la dicha Sancta Yglesia hes y a los otros sus subçesores perlados que della fueren..."²⁴

A situación, presentando ao arcebispo como titular da illa de Ons e á familia Sarmiento Montenegro como foreira, segue manténdose a finais do século XVI, como recolle unha visita pastoral de ca. 1598 depositada no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela²⁵. O estado de cousas móstrase inamovible nos primeiros compases da centuria seguinte, como indica a visita pastoral feita polo cardeal del Hoyo no 1607²⁶, a cal é debedora da anterior²⁷. A conxuntura mostra cambios en 1651-52. Na visita pastoral realizada nese bienio, no arciprestado do Salnés as únicas modificacións respecto á inspección feita por del Hoyo son a desaparición de Santa María da illa de Ons e a aparición de San Gregorio de Raxó²⁸. Esta,

²⁵"Santa Maria de la ysla Dons

Esta felegresia de Santa Maria tiene 19 feligreses. Los frutos lleva la cura presentacion por fuero o feudo de la dignidad arçobispal cuya es la ysla de la heredera menor de Antonio Sarmiento la qual paga a la dicha dignidad 10 ducados cada año" (ARQUIVO CATEDRAL DE SANTIAGO (ACS), *Sección Visitas Pastorais do Arcebispo. Libro 3º, ca. 1598, mazo IG 277, f. 185vº*)

²⁶"SANTA MARIA DE LA ISLA DE ONS

Esta felegresia de Sancta Maria tiene dies y nuebe feligreses. Los frutos lleba la cura. Presentación, por fuero o fondo, de la dignidad arçobispal, cuya es la de la heredera menor de Antonio Sarmiento, la qual paga a la dicha dignidad dies ducados cada ano" (HOYO, J. del, *Memorias del Arzobispado de Santiago* (Edición preparada por A. Rodríguez González e B. Varela Jácome), Santiago de Compostela, [1950?], p. 521).

²⁷Para ver as similitudes e diferenzas existentes entre ámbalas dúas visitas, Vid: PEREIRA FERNÁNDEZ, X.M., *A Pontevedra de Felipe II*, Valga, 2000, pp. 58-61 e 292-326.

²⁸"San Gregorio de Raxoo

Visite a esta hermita la qual esta en el distrito de la felegresia de San Juan de Dorrón. Los monges Bernardos del convento de Armenteyra tienen casa junto a esta hermita, y se introduxeron a hacer la parroquial poniendo en ella pila baptismal y teniendo santos oleos, pero no tienen Sactissimo, el qual en tiempo que no se puede decir missa, viene de la yglesia de dorrón, o, de la de Samieyra para los enfermos. Los cuales suelen irse a enterrar a alguna de dichas yglesias. Los vecinos y feligreses deste nuevo curato son como ocho, o diez. = Para remover a estos frayles desta introducion avra dificultad pues ya ay algunos años que se fueron metiendo poco a poco en esta administracion..." (AHDSC, *Fondo Xeral. Serie: Visita Pastoral*, mazo, 1.52.8., fs. 108rº.-108vº.)

²²AHDSC, *Fondo Xeral. Bens e rendas...*, mazo 1.7.15(57), fs. 168rº.-172rº.

²³AHDSC, *Fondo Xeral. Bens e rendas...*, mazo 1.7.15(57), fs. 172rº.-187vº.

²⁴AHDSC, *Fondo Xeral. Bens e rendas...*, mazo 1.7.15(57), fs. 186rº.-187rº.

na visita anterior, aparecía como ermida pertencente á parroquia de Santa María de Samieira.

A explicación da desaparición da igrexa de Ons debemos buscala no despoboamento da illa a causa da inseguridade existente no litoral. Algo similar debeu ocorrer en Sálvora, pois en 1791, nun preito xurdido pola propiedade da citada illa, atopamos esa argumentación²⁹. No ecuador do século XVIII, o Castastro do marqués da Ensenada reafirma o indicado no referido ao despoboamento da illa de Ons. Ao mesmo tempo, preséntaa como lugar inculto, do que se extraían 2.000 carros de toxo ao ano, conformando un espazo adicado ao pasto de "ganados Mulares y Cerriles, dexando de executarlo con los lanares y Bacunos por el riesgo de que los extraigan y roben las embarcaciones enemigas que suelen ampararse de dicha Ysla para hazer agua"³⁰. No referido á propiedade, nada concreto se indica de Ons nin de Onza³¹.

Coa chegada do século XIX aparecen grandes novidades. Xorde entón a visión da propiedade que chegou aos nosos días e se pensou arrincaba da Alta Idade Media. É a partir do 1810 cando o Cabido da Catedral de Compostela aparece como propietario da illa de Ons³². A situación segue

²⁹"En 30 de enero de 91, ocurrieron a V.M. el Cura Parroco, y 13 vecinos de Sⁿ. Pelayo de Carreira, Diocesis de Santiago, exponiendo que a tres quartos de legua de aquella Parroquia, se halla la fertil Ysla de Salbora, de legua y media de Circunferencia la que fue invadida, y despoblada por los Argelinos, en el siglo pasado..."(ACS, *Fondo Cabido. Illas de Sálvora e Ons. Documentos sobre a súa pertencenza*, mazo IG 423, sf.).

³⁰ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (AHPPo), *Sección Catastro de Ensenada. Real de Legos*, mazo L-117, sf., e Interrogatorio, microfilm, L. 247, fs. 34v^o.-35v^o.

³¹"...y por ser esta Villa y Puerto de Sⁿ. Jenxo la Capital de esta Jurisdiccion parecio combeniente notar en el Libro de su operacion la situacion de dichas Yslas, para los fines que puedan conducir, y se dejo de executarlo en los emolumentos de el Comun porque las referidas Yslas [Ons e Onza] no son de la particular pertencencia de esta feligresia sino de toda la jurisdiccion y aun de otras forasteras...(AHPPo, *Sec. Catast. de Ensen. Real de Legos*, maz. L-117, sf.).

³²PORTELA PAZOS, S., *art. cit.*, pp. 50 e ss.

³³"En el espacio que media entre las puntas de Udra al S. y la de Cabicastro y Montalvo al N., que es de 4 leg., estan sit. las islas de Ons (...). Hacia el E. de la isla grande ó de Ons hay un buen fondeadero donde han anclado fragatas inglesas para hacer águada cuando durante las guerras tenían cerrados los puertos. En este punto fue donde por disposicion del cabildo de Santiago, señor de dichas islas..."(MADOZ, P., *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones en Ultramar*. Tomo V (edic. facsímil), Madrid, 1986, p. 1051).

manténdose no ecuador da centuria, segundo reflicte a información contida no Dicionario de Madoz³³. Do que aconteceu a partir de entón temos un mellor coñecemento, e os ceos despexados do discernimento comezan a dominar sobre o difuso mundo das brétemas do ignoto.

Acerca da propiedade da illa de Ons queda moito que investigar. Mellor sería dicir que falta por pescudar case que todo. O contido do presente artigo só é, como indica o título, unha aproximación de urxencia efectuada a instancias dos responsables desta revista, en especial de Celestino Pardellas, a raíz da localización do foro da illa no Arquivo Diocesano de Santiago. A eles quero mostrar o meu agradecemento pola confianza depositada na miña persoa.

O foro constitúe o eixo central do presente artigo e conforma un punto de inflexión. O novidoso dos resultados non deben causar inqueda, no caso de que actuemos orientados por un pensamento e unha metodoloxía de corte científicos. Salvando as diferenzas, nos últimos tempos é doado atopar exemplos similares. En datas recentes, o libro de Ofelia Rey Castelao sobre os mitos do Apóstolo revisou moitos tópicos seculares considerados incuestionables. Nun plano máis modesto, no seu momento, un artigo da miña autoría demostrou que en Pontevedra o Gremio de Mareantes non existiu ata que a finais do século XIX o inventou Castro Sampedro, invención que posteriormente levou ata as últimas consecuencias Filgueira Valverde. Iso non quere dicir que os mareantes pontevedreses non foran un dos piares fundamentais do esplendor de Pontevedra, que si o foron, pero agrupados, primeiro, na Confraría do Corpo Santo, despois, no "Gremio de la Mar", e posteriormente no "Gremio de Mar". Nun traballo actualmente en curso, mostro como a visión vixente do Corpus pontevedrés non é secular, senón que arrinca de 1940, sendo debedora da estética do nacional-catolicismo. Cando menos dende o século XVI, e ata o 1940, ao igual que sucedía no resto da Península Ibérica, o protagonismo organizador correspondíalle ao Concello.



San Martiño Pinarío, onde se atopa o foro.



O MONTE LOURO <O MONTE DOS MILAGRES>

Por: Manuel Chazo Cores

Monte Louro e a súa praia de San Francisco co seu vento fresco do nordés. Mes de setembro e as fabricas baleiras de sardiñas.

Arrumbando a cabo Corrubedo dende a praia de Langosteira, dende a Foz de Carnota, Caldebarcos e da praia de San Pedro, os galeóns de compra a flote izaron as velas e marcharon para as festas patronais de Vilanova de Arousa despois de catorce días de nordés que voaba o mar.

En Area Maior, ou tamén chamada Longa, con tres amarras no mar, só o noso motoveleiro, fronte a praia de San Francisco, esperaba. Foi nesa cando o meu pai José Marcelino Chazo Martínez decidiu botar a chalana auxiliar ao mar para ir a Muros de San Pedro a falar co xefe.

Unha vez na praia camiñou monte arriba. Preferiu ir pola Atalaia e non pola estrada de cabo Rebordiño; subiu o monte, que coñecía de memoria, e chegando a Muros falou por teléfono co xefe salgadoiro.

A orde que recibiu foi de non abandonar o mar ata o día do Carme. Como quedou dito, eran as festas Patronais. A do Carme era o último día despois da Virxe Pastoriza e San Roque e remataban as festas con San Cipriano entrando a vendima.

Ao chegar o patrón á praia de volta de Muros, fórono a buscar na chalana dous mariñeiros a vogar. Unha vez a bordo falou moi claro: - *orde do xefe de non abandonar a Ría de Muros e Noia ata o día da celebración do Carme en Vilanova de Arousa*-. Logo, dirixíndose a min soproume ao oído: - *síntoo por ti, pero Barcelona pide sardiñas prensadas e na fábrica non hai nada*-.

Ese mesmo día, despois do xantar, como un milagre, a ría quedouse en calma e ao asexo levantamos tres amarras, a áncora e dous rizóns, prendín o motor e nos fomos. Polo costado o Monte Louro e polo carreiro o illote de Leixones, víase a costa e fondeamos. O nerviosismo notábase en toda a tripulación, pero o meu pai non perdeu a esperanza. Ao chegar a noite estivo pola boca do rancho ollando a costa leste do Son e Portosín.

Na súa garda veu unha luz de situación buscando costa, despois deitouse no seu catre non sen antes acender un farol á metade do sol.

De madrugada paseaba por un dos costados da cuberta como se o corazón esperase algo. Os mariñeiros saíran tamén á cuberta; meu pai non sacaba a vista da costa cando de súpeto exclamou:

- *Senón me engano ven aí unha motora e ven metida*-.

Coas ondas tendidas, daba unha ilusión mirala, ilusión que ía en aumento a medida que a motora do cerco achegábase a Monte Louro. Ao entrar no carreiro do illote Leixones buscounos.

Atracou ao costado e Vaia sorpresa!, era o "Rapaciño de Portosín" cheo de ledicia porque coñecía ao meu pai. Trataron o prezo e veña a facer salmoira nas tinas. Eu a salgar as sardiñas, medíanse por caixón e a motora do cerco traía unha carga de 150 cestas.

Ao rematar de salgar e cando meu pai ía a pagarlle, díxolle: -*Son as festas patronais no noso porto*-, e coa mesma mandou acender o motor. O patrón de pesca, coñecido como "Rapaciño" de Portosín colleu na súa motora de cerco dúas pescadas grandes e deullas ao meu pai; déronse a man e as grazas e colleron rumbo a Portosín.

Os xeiteiros de Noia a Monte Louro fixéronlle un cantar e eu chameille sempre a este monte <Monte dos milagres>. Ao costado deste monte pescábase con poteiras, luras como manguerías, e a pesca do xeito sempre foi aquí moi abundante.


Ao chegar o día varios galeóns estaban embandados con sardiñas. Nós compramos sardiñas polo día na ría. Os xeiteiros de Noia traballaban á corda polo día, antes do asexo, e, se picaban, izaban o pendón no pau indicando que ían desmaiando sardiñas.

O amencer de aquel día foi o milagre da vida no mar e navegando en calma entramos na Ría de Arousa. Sobre as tres da tarde estábamos fondeados no porto de Vilanova de Arousa. Pola noite fomos á procesión marítima da nosa Señora do Carme.

Foi o premio da Virxe do Carme ao motoveleiro "Joaquín" e ao meu pai.

Cando chegamos a porto, fondeamos á altura do faro e, aos poucos minutos, as xentes que estaban nos bares e paseando -hai que ter en conta que estábamos nas festas patronais- saíron buscando o cabo para mirarnos cargados de sardiña. O Xefe tamén veu, chamou polo meu pai e díxolle: -*Chazo, enche tres cestas de sardiñas e cando veñan para terra as repartimos entre os amigos*-.

Á noite o meu pai durmiu a bordo para que non roubaran as sardiñas. Ao outro día descargámolas.



Praia de San Francisco, Monte Louro ao fondo.

ASOCIACIÓN CULTURAL-GASTRONÓMICA

"PINEIRÓNS"

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2006

- Peregrinación a Santiago seguindo a Ruta Xacobeá Marítima mesturándoa co Camiño Portugués. Tamén realizamos a Ruta Fisterrá visitando Malpica, Corme, Ponteceso, Laxe, Camelle, Camariñas, Muxía e rematando en Fisterra.

- Exposicións Fotográficas: Con temática variada sobre historia e etnografía galega. Neste caso estamos a preparar unha grande exposición sobre a Illa de Ons a realizar na propia Illa no intre no que haxa un espazo adecuado. dos Maíos: Celebrada na Illa de Ons con unha importante asistencia de público que participou e divertíuse con ledicia das coplas e do xeito especial de cantar o maío.

- Biblioteca Itinerante: Actividade realizada por varios colexios do Morrazo e do Salnés. Estamos á espera de podela realizar na Illa cos participantes dos Campamentos que a Consellería de Xuventude monta en Ons para nen@s de entre 8 e 15 anos.

- Viaxes Culturais e Gastronómicas: Por diferentes puntos da nosa xeografía. Moitás destas actividades foron feitas con participación doutras Asociacións culturais e gastronómicas.

- Organización de Charlas, Conferencias, Exposicións diversas, Diaporamas, presentación de libros,...

- Intercambio de bibliografía con diversas asociacións e organismos. Importante é o intercambio que temos con diferentes institucións e padroados.

- Interesantes actividades con outras Asociacións Culturais.

- Edición da Revista Cultural AUNIOS no seu nº 11.

- Presentación da revista AUNIOS con viaxe cultural

pola Ría de Arousa, conferencia, promoción da revista e xuntanza gastronómica.

De entre as actividades realizadas e pola falla de espazo, pasamos a comentar algunhas delas:


REVISTA AUNIOS Nº 11

Un ano máis e con moitos problemas de financiación sacamos adiante a nosa revista cultural AUNIOS no seu nº 11. Como xa temos explicado, é unha revista de distribución gratuíta, polo que, os anuncios inseridos nela e as pequenas axudas que recibimos de diferentes organismos son os que facilitan a súa gratuidade e o enorme custo que supón a súa distribución por correo chegando ás Bibliotecas, Museos, Organismos, Casas de Cultura, Padroados,...., máis importantes de Galicia; tamén a un bo número de Centros de Ensino de todas as idades: Primaria, Secundaria, Bacharelato e Universidade; sen esquecermos de Concellos, Asociacións culturais que nola solicitan, Centros da terceira

idade,...., das Rías Baixas e numerosos intelectuais, investigadores e particulares que están interesados na nosa Cultura.

Neste nº 11 podemos atopar, o traballo de **Isidro de Malet** sobre *as Sereas e Mariños* centrándose na súa lenda ou na realidade destas.

Sobre a nosa querida Illa de Ons temos varias colaboracións: **Fernando Cabeza Quiles** fai unha primeira entrada na súa *Toponimia Marítima*; **Celestino Pardellas de Blas** segue traballando o mundo etnográfico desta Illa e neste número preséntanos o seu *Cancioneiro Popular*; **Julio Santos Pena** mestre que foi de Ons a principios dos anos 70 do pasado século cóntanos a historia da *Virxe Negra* e **María Jesús Otero Acuña** comeza unha exposición sobre pequenas historias da Illa falando do *Cabazaleiro e Arrendador da Pesca*.





As terras de Noalla, parroquia de Sanxenxo, teñen neste número varias colaboracións. **Estanislao Fernández de la Cigoña** nos adentra no rito da *Fecundidade arredor da Cama da Virxe da Ermida da Lanzada*; **Francisco Calo Lourido** centra a súa colaboración na *Fame na Xurisdición da Lanzada en 1772* e **Javier Fernández Soutullo** fai un pequeno percorrido pola historia da Lanzada co seu traballo *A Fortaleza da Lanzada, como Último Bastión Irmandiño*.

Nos temas vinculados ao mundo do mar, atopamos neste número o traballo de **Manuel Chazo Cores** onde escribe sobre a aventura corrida polo seu pai nos mares da Costa da Morte con *Historia dunha Época. O Galeón "Joaquín"*; Jose M^a Mosquera preséntanos o primeiro *Mapa do Reino de Galicia*; **Xosé M. Pereira Fernández** toca o mundo dos *Cercos e Xeitos como Artes de Pesca nas Rías Baixas no Século XVI*; **Eduardo V. Castro López** toca unha fermosa lenda que ten que ver coas furnas da costa marinense *Lenda de María Manta* e, englobándoa tamén no tema mariñeiro, destacar o traballo de **Fernando J. Costa Goberna** e **Antonio de la Peña Santos** sobre *Os Navíos dos Petroglifos de Oia*.

E, xa por último, entramos nos temas varios con **Pepy Clavijo** que nos fala dos *Contos* como ideal sistema de conectar cos nenos; **Lino J. Pazos Pérez** penetrou no coñecemento dos muíños de vento da costa Cantábrica co seu traballo *Vai polo Vento*; **Eva Rodríguez** danos a coñecer aos *Condes*

de Lemos; **José Miguel Besada** fala do problema da peste nos *Séculos XVII e XVIII*; **José Taboada García** escribe sobre o seu pobo, Quireza, na Terra de Montes, e ensínanos os seus peculiares balcóns co tema *Os Balcóns de Terra de Montes*; *Sta. María de Salceda de Caselas no contexto do Monacato Bieito Galego da Idade Media* é estudado por **Teresa C. Moure Pena**; **Pablo Fernández** condúcenos polos *Camiños Xacobeos* e **Lauréano Mayán** Taboada dedica unha fermosa poesía a Galicia da que di que é *Máis que unha Terra un Sentimento*.

ACTO DE PRESENTACIÓN DA REVISTA CULTURAL AUNIOS Nº 11

O pasado ano a presentación da revista resultou un evento interesantísimo. Puxémonos en contacto co Aquarium de O Grove que aceptou poñer á nosa disposición, dun xeito desinteresado, unha fermosa goleta de dous paos construída en Noia no ano 1918 e que fora acondicionada para a celebración de actos culturais no seu interior, para celebrar nela esta actividade cultural.

O programa consistiu nunha preciosa e engaiolante singradura pola ría de Arousa cara á Illa de Ons. No camiño, ao carón das fermosas vistas sobre a costa de



San Vicente e a Lanzada, degustamos un pequeno aperitivo entre todos os asistentes, que non eran outros que os socios, colaboradores da revista, anunciantes, amigos e tripulación do barco.



Xulio Pardellas charlando sobre o proxecto turístico de Vivi-lo Mar



Cantando o Maio

FESTA DOS MAIOS

Como levamos facendo dende hai anos, a Asociación celebrou na Illa de Ons a festa dos Maios o día 1 de dito mes das flores. Este ano agradecemos a colaboración que dende Parque puxeron para, dun xeito ecolóxico e controlado, puideramos empregar material autóctono para a confección do maio.

O noso copleiro maior, Lauréano Mayán, foi o encargado de compoñer as estrofas e dirixir ao grupo de cantores, cousa arduo-complicada debido as atronadoras, enordecedoras, estridentes e, sobre todo, descompasadas voces que tiñan, polo que tivo que armarse de paciencia e a base de berrarlles e de fungar e fungar, lograr sacar algo parecido a unha cantiga de Maio.

Ao final resultou un enorme éxito por mor das graciosas letras que falaban das cousas da Illa, dos membros da Asociación e algún que outro tema, rematando todo con moita troula.


Ao chegar á Illa de Ons, fondeamos e o noso Presidente, Lauréano Mayán, fixo a presentación da Revista para de seguido o economista e experto en temas pesqueiros, Xulio Pardellas, dar unha amena e interesante charla sobre o novo produto turístico de “Vivi-lo Mar”.


A continuación trasladámonos á Illa para alí dar boa conta dun exquisito Polbo con Patacas, especialidade da Illa, no restaurante CASA ACUÑA, colaborador desta revista, en onde, aos postres, o músico Xosé Navia amenizou aos asistentes co seu acordeón convertendo a sobremesa nunha grande festa.

Xa pola tarde puxemos rumbo a enigmática Illa de Sálvora que, por mor do apertado horario, só puideramos navegar ao seu carón e observala dende o barco, iso si, cunha fermosa posta de sol sobre o seu faro.

Rematou a actividade cunha viaxe de volta acompañados dos cánticos de gaviotas, cormoráns, paños.

A Goleta “Nieves” fondeada fronte á Illa de Ons





PERO DE ARDIA

Por: José Miguel Besada Fernández

Como di o profesor Filgueira Valverde no seu traballo “Lírica Medieval Gallega y Portuguesa”: “*Pero d’Ardia é un dos enigmáticos poetas do século XIII*”. Refírese ao pouco coñecemento que se ten del como dalgúns outros poetas - trobadores e xogares - do seu tempo, tamén pouco coñecidos. De Pero de Ardia só se sabe ou se deduce o seu lugar de orixe, a época e a temática da súa obra, que é escasa ou testemuñal, ben pola pouca produción, que non é probábel ou ben porque nesa época gran parte deste tipo


de que sexa Vilar de Ardia, como nos di o seu apelido, lugar ou barrio da península de O Grove; polo estilo poético, a temática e a localización do entorno onde se desenrolan as súas cantigas. Así o proba e o cren, entre outros, os máis prestixiosos filólogos da literatura medieval galega, o profesor Filgueira Valverde e Menéndez Pidal.

Ardía, polos documentos onde figura, ten a honra de ser o primeiro lugar, coma tal, de O Grove. Empezando na época romana na que recibía o nome de *Villam Ardenam*,

de aí seu nome, ou sexa, unha vila que fundamentalmente consistía nunha casa ou grupos de casas con dependencias anexas para cortes, outras para os criados e tamén para as ferramentas e demais pertenzas relativas ás explotacións agrarias que daquela eran a base da economía. Ou sexa, que a actual Ardia xa tiña entidade propia como núcleo de poboación. Isto non quere dicir que fose o primeiro núcleo de O Grove, pois existen xacementos arqueolóxicos noutros lugares da península con restos mais antigos. A partir dese núcleo ou vila foise asentando e adquirindo na Idade Media a maior relevancia, como consta, entre outros, en documentos do tempo do reinado de Alfonso III

e seguintes nos que cita os cambios de doazóns ou dominio dos territorios comarcais, coma a cesión por parte do reino á igrexa de Santiago e ao seu bispo Sisnando, das salinas da comarca de Noalla, a illa de *Ocobre* coas súas vilas e igrexas e todas as súas pertenzas e sen excluír a Vila de Ardia, (aquí dedúcese a importancia que tiña). Tamén, en ditos documentos, reconécese que as salinas foran propiedade do conde Pedro e do seu fillo Hermenexildo, emparentados con familias reais, e que residían en Vilar de Ardia, na segunda metade do século IX, o que nos demostra a relevancia deste lugar como cabeceira da importante zona das salinas co seu importante comercio, e da Lanzada, lugar estratéxico para a defensa das rías.

Barrio de Ardia Norte



de literatura desapareceu; non obstante, estes poucos datos proporcionaron un pequeno pero importante coñecemento que confirman e amplían os aspectos culturais, históricos e literarios desa época dos pobos onde se desenrolou. Polo tanto, para ter unha idea sobre o moi pouco coñecemento que hai deste xogar, é indispensable enmarcalo no ámbito histórico do entorno xeográfico onde se desenrolou a súa vida, a súa obra, así como no momento literario cultural e folclórico desa época.

O ÁMBITO HISTÓRICO-XEOGRÁFICO: ARDIA

O lugar de orixe do xogar, Pero de Ardia, aínda que hai algunhas diverxencias, parece que non dá lugar a dúbida

Esta situación privilexiada de Ardia prolóngase durante toda a Idade Media, sobre todo pola importancia das citadas salinas e pola proximidade a Compostela na ruta do mar de Arousa, chegando tamén ata o tempo dos reinados de Fernando III e do seu fillo Alfonso X, primeira época de esplendor da lírica galega e da maioría dos xograres. Sen embargo, Ardia, que tivo tanta relevancia dentro do contorno de O Grove e na zona do Salnés, quedou relegada a partir da Idade Moderna. Non ten restos nin testemuñas arqueolóxicas de ningunha época, nin sequera a tradición oral se acorda de que houbera alí algunha testemuña de interese histórico, pero haber, tivo que haberlos. Seguramente foron desaparecendo pouco a pouco por non darlle importancia ou ben por falla de interese nos medios competentes nesa materia, e sen embargo a documentación escrita foi a única e moi importante para coñecer este interesante pasado.


A OBRA DE PERO DE ARDIA

É necesario resaltar aquí a grande achega que os xograres e os trobadores fixeron á literatura galega e a peninsular, pois só no Cancioneiro da Vaticana máis de medio cento son galegos. Tanto é así, e a lírica galega medieval tiña tal prestixio, que dominou nas cortes de Castela ao menos desde os reinados de Fernando III ata Alfonso XI así como tamén en Portugal.

Pero de Ardia era un xograr, ou sexa, un poeta, cantor e músico ambulante que recitaba nas feiras, castelos e cidades o seu repertorio para deleite dos ouvintes; no caso concreto deste autor, as recitacións que se conservan desenrólanse en romarías, concretamente na de Santa Marta, o cal non quere dicir que non tivera outros temas, posiblemente que si, xa que debía ser un profesional con certa facilidade para a poesía, como proba a soltura e o dominio na composición das cantigas.

Da obra de Pero de Ardia, só se coñecen cinco cantigas, algunha incompleta, que figuran nos cancioneiros da Biblioteca Vaticana cos números 709 ó 713 e no Colocci Brancuti cos números 1.051 ó 1.055. Son do século XIII, no tempo do reinado do Rei Fernando III, co estilo literario e temático propio dos trobadores e xograres das Rías Baixas entre os que podemos citar, entre outros, a Martín Códax, Mendiño, Xoán de Cangas e Martín de Xinzo por ser dos mais coñecidos.

Do variado tipo de cantigas do cancioneiro Galego-Portugués, as de Pero de Ardia están encadradas nas chamadas "Cantigas de amigo" formadas por monólogos dunha moza *namorada na que expresa o estado sentimental pola ausencia ou pola conduta do seu amigo coincidindo neste autor de que a moza enamorada sitúase na romaría de Santa Marta, case seguro que a de Pontearnelas, aínda de que tamén a había en Cambados onde, xa daquela e hoxe*




Barrio de Ardia Sur

en día, se celebra con gran afluencia de devotos de toda a comarca, sen faltar, como é natural, as xentes da illa de O Grove.

Como mostra das cantigas de amigo de Pero de Ardia, citarei un par de poemas dos que se coñecen del:

(C.V. 709,4) Cuando m'el vir en Santa Marta estar
muy fremosa, meu amigo, ben ll'eu
querrá falar migo e non querrei eu.
Entón me cuido ben d'el a vingar,
E por aquesto non teñ'eu en ren
Saña que sei onde verá ben.

(C.V. 710,2.^a) Foi un día polo ver
a Santa Marta e maer
ú m'el xurou que morría
por mi, mais non me quería
tan gran ben como dicía.



CONTOS DAQUÍ E DALÁ

Por: José Taboada García

Isto que aquí escribo pasou na realidade, máis para que sexa crible cóntanse coma contos. Acontecen, os tres primeiros, por Terra de Montes, arredor do 1920. O último é deste ano, sendo o seu autor o meu amigo Pastor de Noalla, que o conta moi ben.

Tres deles son de humor galego do pobo, outro de saber popular, un de retranca, un de caza e outro de turistas.

CONTO DA PETA VELLA

Peta Vella: Femia do peto (paxaro carpinteiro)

Era Vitorino, por aqueles intres, un home duns trinta anos, bastante curto de vista e casado con Preciosa, muller tateira, que de preciosa só tiña o nome.


Compaxinaba, Vitorino, os labores do campo cos de pastor de ovellas. Sempre que volvía co rabaño ía pregoando o mesmo:

- ¡ Un día destes vou traer a peta vella !

Máis un día dixo:

- ¡ Hoxe tráiovos a peta vella !

E meu dito meu feito. Subiu polo carballo arriba, meteu a man cara ao burato do niño do peto e notou que unha cousa grande se lle coara pola manga da chaqueta.



Lagarto ocelado

- ¡ Xa te teño ! – dixo todo ledó – e atou as perneiras do pantalón e as mangas da chaqueta cunhas fronzas de xesta.

Cando xa á tardiña, de volta ao pobo, ía dicindo con voz máis forte que nunca:

- ¡ Traio a peta vella !

- ¡ Traio a peta vella !

Empezouse a correr a voz polo pobo do que traía o Vitorino e fomos case todos á súa casa.

Subimos ao cuarto, pechamos portas, ventás e xanelas, soltou as corras da xesta do pantalón e saíu un lagarto arnal, grande coma un mundo, que comezou a correr polo piso do cuarto.

As mulleres a gritar, nos pilla alí, pilla alí, . . . E o lagarto acabou caéndose por unha greta das táboas do piso.

A CAMPÁ DA IGREXA

Era costume, por aquel entón, os homes xuntarnos os domingos á porta grande da igrexa e facer unhas paroladas antes de comezar a misa.

Un deses días atopabámonos alí uns dez ou once cando vemos que aparece Vitorino. Eu pregunteille:

- Vitorino ¿Cantas formigas farán falta para levantar esa campá?

- Formigas ¿Grandes do monte ou das outras? – respondeu- .

- ¡Grandes! – dixen eu - .

- Máis, teñen que dicirme canto pesa a campá.

Dixémoslle, a rumbo, trescentos quilos, por dicir algo.

- ¡ Bo, bo! O domingo que ven xa lles traio a resposta.

Rematada a misa, cada un foise para a súa casa e esquecémonos do conto. Chega o domingo seguinte e estabamos os mesmos tamén á porta da igrexa, cando vemos que se achega Vitorino.

- Señores, fan falta para levantar esa campá . . . Non sei os miles de formigas dixo que facían falta, mirando para un cacho de papel engurrado que acababa de sacar do peto.

- Agora dínos como o fixeches. – espetoulle o boticario-.

- Non teño inconveniente. – respostou -.

- Unha formiga desas pode cun gran de trigo, eu cando fun a Soutelo merquei un quilo e conteille os grans.

Quedamos mirando uns cara aos outros con cara de parvos . . . ¡ Carallo para o Vitorino! – murmurou o boticario para os seus adentros.

O FERREIRO DOS CASTROS

Chegou un día a este ferreiro un paisano e preguntoulle:

- ¿ Non terás por aí unhas ferraxes para o carro ?
- Algunhas ha de haber. Mira aí dentro a ver se che valen.

Foise para a dentro e, ao ver que o ferreiro xa non estaba, botounas ao lombo e comezou a andar a paso lixeiro.

- ¡ Manuel, quedanche aquí os cravos! – díxolle o ferreiro dende a fiestra do cuarto.

A AUGA DO BAO

Estaba o pasado verán Pedro da Revolta mirando os paxaros que paran na Enseada do Bao, cando aparcou un coche do que baixaron dous homes, un pai e un fillo, que polo xeito do seu falar, de galegos non tiñan nada.

Puxéronse a encher dúas botellas de auga do mar. Pedro achegouse e díxolles que a auga vendíase e que el era o encargado.

- ¿ Canto custa entón? – dixo o maior - .

- Dous céntimos – respondeu Pedro- .

Pagaron e puxeron rumbo ao Grove. Alí tomaron uns viños, comerón, tomaron café, fixeron sobremesa, ...

Volveron a pasar de novo por alí aqueles turistas, xa con rumbo a Pontevedra, cando a marea xa baixara. Ao comprobar que faltaba tanto auga.

- ¡ Vaia negocio teñen aquí montado! – díxolle o fillo ao pai - .

A FIGUEIRA DO PASTOR

Tiña Pastor unha figueira alá en Noalla e non tiña maneira de probar un figo pois o raio dos estorniños non lle deixaban un.

Xa cansado pensou: - Vós de min non vos rides máis - . Foise á tenda, mercou catro botes de cola de ratos e botoulla por tódalas polas. Ao día seguinte estaba a figueira tan chea de estorniños pegados que máis ben parecía negra:

- ¡ Xa vos teño! – dixo Pastor cun sorriso de orella a orella - .

- ¡ Isto hai que celebralo!

Colleu un fogo dos que lle sobraron da festa e botouno. Co susto que levaron os estorniños, marcháronlle coa figueira.

A figueira apareceu ao cabo de quince días na praia da Lanzada, sen figos e sen estorniños.

Conta Pepe o Mudo, experto en aves migratorias, que debeu ser a auga do mar a que fixo reacción coa cola, salvando así aos estorniños.

O COELLO

Antón o Grilo foi o ano pasado a cazar ao monte do Candán. Nada máis empezar, aí lle apareceu o can cun coello na boca, aínda vivo.


Colleu un cordel, atou o coello á primeira árbore que veu, agarrou a escopeta, púxose a certa distancia e comezou a dispararlle ao pobre animalíño.

Acabou os cartuchos e o coello vivo, aínda que tremendo coma unha vara


verde.

A Garda Civil, que pasaba por alí, ao oír tantos tiros, foi ver que pasaba. Acabou Antón multado por delito ecolóxico, pois segundo lle dixeron os gardas civís, por dispararlle a un acivro, especie protexida, e encima soltáronlle o coello.

Irado Antón, botou a escopeta ao lombo e foise para o pobo. Parou no bar de Manolo e contoulle o acontecido, el para consolalo díxolle que aínda tivera sorte, pois podían multalo tamén por maltrato aos animais.



Campá da Igrexa de Quireza.
Terra de Montes.



ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (VI) TRES MESES SEN LUZ ELÉCTRICA

Por: Julio Santos Pena

Era o remate da invernada. Fora un ano realmente húmido e escuro ao longo de tantos meses nos que o sol apenas amosara a súa faciana. Vento e chuvia foran a constante que sometera a unha especie de hibernación a toda a illa e a quen nela vivía. As longas noites de escuridade íanse combatendo co par de horas en que funcionaba o motor da corrente eléctrica que Checho poñía en función a última hora do serán. Era entón cando se animaba a actividade social pois os poucos homes que permanecían na Illa, e algunhas mulleres, sentábanse ante as dúas únicas televisións que había nas tabernas. Nas fiestras das casas lucía tremente a luz interior mentres as mulleres aproveitaban para pasar o ferro á roupa ou facer labores que precisaran da corrente. Eran un par de horas elementais na vida social da Illa que sobre as dez da noite volvía a ser engulida pola escuridade só interrompida nos días de lúa.


Algunhas veces, en casos excepcionais, o motor seguía funcionando porque na televisión ofrecían algunha cousa que se consideraba importante ou gardaba un especial interese. Era o caso de cando pelexaba aquel boxeador español, Pedro Carrasco, a moi altas horas da madrugada. Entón todos os homes da illa erguíanse da cama para acudir ás tabernas as tres ou catro da mañá para presenciar o combate. Precisamente naqueles días vivíramos unha velada especial tanto polo desenrolo da pelexa, como pola excepcionalidade do horario que converteu a noite en día. Ao mañá seguinte non había outro comentario mais que o revivir da pelexa tanto na taberna como na mesma escola na que os nenos facían os mesmos xestos que aquel pletórico Carrasco na súa eterna puxa co seu contrincante arxentino.

Pero aquela noite do venres todo ía mudar de sino. O motor xerador de corrente, se cadra esgotado polo seu intermitente traballo, decidiu tomar un descanso e, cando os veciños estaban máis entretidos co "un-dos-tres", deixou de mandar enerxía e, coa imaxe da pantalla caeu tamén a das lámpadas que iluminaban o cuarto. Toda a illa quedou somerxida na total escuridade nunha noite sen lúa e sen estrelas. Vanos foron os intentos de Checho e dalgúns mariñeiros que opinaban sobre o posible motivo da avaría e que todos quedamos impotentes vendo aquel motor coa carcasa de protección erguida, parado sen remedio, como cabalo desfalecido.

Pasaron dúas semanas e, a pesar das chamadas aquí e alá polo radioteléfono para que viñeran a arranxar a avaría todo era inútil.

Os farois de gas supliron as débiles lámpadas eléctricas e a vida social na taberna daquelas dúas ou tres horas acabou perdéndose pois cada quen prefería quedar na súa casa para non andar a tombos polos camiños da Illa. Máis aló dos quince días apareceu un home que dixo ser técnico do motor e cando entrou no cuarto onde estaba instalado e puxo man nel, fixo un xesto pouco esperanzador que todos captamos con desespero. Pouco máis de media hora de intentos bastaron para que aquel home, agora vestido cunha funda azul e as mans negras pola graxa, dixo que non había nada que facer porque o motor precisaba unha peza de goma de non sei que xunta e que tampouco era doado conseguila porque aquel era un motor antigo, fabricado en Italia, e seguramente sería difícil atopala. Á tardiña o técnico marchou no barco de Pancho deixándonos cheos de anguria.

Foron dous meses sen máis noticias. Xa case ninguén se lembraba da luz nin da televisión.



O Sr. Checho acendendo o motor do xerador de luz da Illa de Ons. 1977

Chegou maio. Os días eran xa luminosos arredada a permanente capa gris do ceo do inverno. O mar, xa calmado, amosaba un aspecto máis amigable. Só un rosario de espuma adornaba o litoral da costa en contraste coas pedras cargadas de pacientes mexillóns. A escola recuperara a normalidade despois da volta dos rapaces que perante o mes anterior estiveran pousados nas leiras espantando aos corvos que caían nelas en bandadas na procura do seu alimento a base da semente do millo acabado de botar na terra fresca. Pola ría os barcos debuxaban o uve escumoso da súa marcha dun lado para outro. Ao fondo, co día claro, adiviábanse as casas de Marín. Era o espectáculo sempre visto dende as amplas fiestras da escola. Aquela mañá facíase especialmente agradable para todos.

Na hora do patio nenos e nenas xogaban ledos por grupos. Varios deles preferiron poñerse no valo mirando ao mar e as idas e vidas dos moitos barcos que a aquela hora faenaban na procura das valiosas ameixas nos bancos próximos á illa. O seu xogo preferido era escudriñar ao lonxe por onde aparecían outros barcos convertidos en puntos negros que de, cando en vez, soltaban débiles lóstregos que non eran senón o reflexo do sol nos vidros da ponte do patrón, ou a ferida que a quilla do buque facía na auga fendendo violentamente a prateada superficie. Os nenos xogaban a saber que barco era este ou aquel que viña do norte ou do sur a aquela avanzada hora da mañá.

De súpeto algún deles descubriu sobre a liña do horizonte na ría a aparición de varios barcos que presentaban un aspecto anormal e deu a voz de alarma. Para min eran só tres ou catro puntos que acertei a descubrir na distancia delatados polos lóstregos de sol reflexo intermitentes que despedían. Para os nenos estaba claro que non eran pesqueiros nin se lle parecían en nada polo xeito de navegar e pola forma en que o facían bastante xuntos e acompañados na súa marcha. As opinións eran diversas mentres se ían agrandando os puntos para dar xa a sensación de ser realmente barcos, cousas que os rapaces non dubidaban desde o principio.

A hora do patio rematou e cada quen púxose ao labor que lle correspondía na aula tendo abandonada a observación da ría. Cada grupo facía o seu traballo con normalidade e a mañá seguiu discorrendo como cada día ata que un murmurio de voces e o son acompañado de pisadas no camiño alteraron a situación. Pola fiestra norte da escola observamos que subían desde Curro un indeterminado pero evidentemente numeroso grupo de homes todos vestidos con traxes verdosos, cubertas as cabezas con gorros idénticos. A curiosidade dos escolares foi en aumento e todos eles acabaron disputando un lugar tras os vidros das ventás para ver o singular espectáculo daquela formación de soldados que levaban colgados nos ombreiros unhas raras metralletas, que aumentaba á curiosidade dos rapaces e a miña propia. Foi entón cando algún dos nenos caeu na conta de relacionar a invasión da nosa cotiá tranquilidade coa misteriosa aparición daqueles barcos pola ría que, perante o tempo de lecer, chamara a nosa atención e todos cruzaron a clase para comprobar dende as ventás do sur que, en efecto, tres barcos de cor gris estaban fondeados moi

de prácticas e que pasarían todo o fin e semana na Illa. Tamén nos anunciaron que, de alí a pouco, chegarían o comandante da Escola Naval de Marín e outros mandos do centro.

Volvemos para casa coñecedores da razón daquel rebumbio e, polo camiño, escoitamos as ráfagas das metralletas que o batallón "invasor" facía soar alí polo Cucorno segundo nos parecía que procedía o ruído dos disparos. De cando en vez oíase a forte detonación, seguramente duna granada, lanzada a calquera das leiras sobre as que estoupaba levantando unha nube de po e terra.

Os mandos chegaron á Illa pouco antes do almorzo. O alcalde pedáneo recibunos e mandou que alguén me chamase na casa. Baixei a Curro, o comandante saudoume con amabilidade ao saber que era o mestre. Igual fixeron os outros dous militares que, pola súas douradas ombreiras era lóxico que fosen altos cargos da Armada.

Aquela foi unha noite distinta. Moitos veciños baixaron a Curro chamados pola curiosidade de ver os barcos preto do peirao e aos mariños que subían e baixaban. Ao anoitecer os xoves militares animaron coa algarabía da súa presenza a Illa mentres non foron chamados a retirarse, uns para as tendas de campaña que instalaron na zona, e outros a bordo dos propios barcos. Algúns dos mandos quedaron na taberna de Checho onde fixemos un interesante parladoiro. Chegada a noite, o comandante estrañouse de que Checho acendese unha lámpada de gas que pendía dun cravo no teito ata que se decatou que non había outro sistema de iluminación e, estrañado, preguntou se non había corrente eléctrica. Nós, que xa nos esqueceramos dela, caemos na conta da súa estrañeza e explíqueille a situación que viviamos desde dous meses atrás a causa da falta dunha peza de goma do motor. Aquel home fíxose cruces sen comprender cómo se podía vivir con aquela carencia que para nós xa non era tal polo hábito que nos invadira. O comandante interesouse moito por outros aspectos e quedou abraiado cando lle explicamos que alí non había médico, nin farmacia, nin policía, nin servizo algún igual que "en terra", e non daba creto a realidade.

Pola mañá, aquel galardado militar, pediu visitar o habitáculo do motor e, despois de observar aquela máquina abafada e medio descomposta comentou entre dentes: "Isto non pode ser".

Polo mediodía, os militares abandonaron a illa. Pouco a pouco foron embarcando nas pequenas lanchas no peirao e delas, aos barcos que os esperaban fondeados. Os nenos da escola despedíronos con certa pena desde o peirao. Algúns deles fixeran bos amigos entre aquel continxente simpático de homes que viñeran a rachar a monotónia da vida illán, Os barcos grises foron converténdose en puntiños ao lonxe e, pola tarde, todo volveu á normalidade.


Pasaron catro días e xa ninguén se lembraba dos soldados cando atracou no peirao un barco descoñecido. Del saíron varios homes que comezaron a desembarcar pesados vultos coa axuda dun guindastre do propio barco. Ao pouco tempo toda a Illa sabía que aquel barco traía un novo motor xerador de corrente que en poucos días devolveunos ao deleite do par de horas da televisión que nos conectaba co mundo exterior, un mundo onde, segundo aprendemos daquela, tamén había xente sensible.



Mariños da Escola Naval na Illa de Ons.

preto da illa e varias lanchas da mesma cor atracadas ao peirao sobre o que había un movemento inusitado de persoas e carros con materiais sen dúbida relacionados con batallón que xa estaba incurso na Illa e que, pouco antes pasara por diante de nós.

Ás doce e media, hora da saída, os nenos atravesaron o portón da escola tomando direccións diferentes ás habituais. A maioría deles acompañáronme ata o peirao onde queriamos satisfacer a curiosidade xerada pola inesperada visita. Alí quedaban uns poucos soldados-mariñeiros coidando do material almacenado no que xurdía unha cociña de campaña, unha grande caixa de urxencias e outros vultos que ocultaban o seu contido da nosa vista. Os gardiáns daquelas cousas explicáronme, unha vez que me identifiquei como o mestre da Illa, que estaban en xornada



A APORTACIÓN DE BELUSO Á GAITA NA INFANTERÍA DE MARINA ESPAÑOLA

Por: Staffan Mörling

A segunda semana de agosto é tódolos anos dedicada na hanseática cidade de Visby, capital da illa de Gotland no Báltico, á experimentación da cultura medieval. Escóitase moita gaita, e a que máis se oe é a gaita galega, cantareira e alegre. Como era natural, deuse, fai tres anos coido, unha conferencia sobre a gaita. O conferenciante dixo, entre moitas outras cousas, que o uso da gaita no ámbito castrense foi un fenómeno que apareceu moi tarde.

Esta constatación do conferenciante fíxome recordar un relato do entrañable gaiteiro D. Manuel Barros Comedeiro, excelente representante da tradición gaiteira da parroquia de Beluso, concello de Bueu, que eu apuntara uns anos antes.

É o relato, ao parecer factual, de como se impulsou nun momento non demasiado distante, o exercicio da música de gaita na Infantería de Mariña española. Tantas veces, nos actos na explanada da Escola Naval Militar de Marín, eu gozara de oír as gaitas da Banda de Música interpretar un ritmo de muiñeira e ver o Batallón de Alumnos desfilar aos acordes de:

Na beira do mar,
hai moito que ver,
baila miña Maruxa,
baila na punta do pé.

¡ Un elemento cultural que vinculaba a Armada a Galicia ! Como unha vez orixinou esta tradición a gaita galega nunha banda de música da Mariña de Guerra contoume Manuel Barros así:

Sí, foi en 1932 que empecei a tocar a gaita, cando o meu irmán foi ao servizo. Aínda non era guerra.

En Cartaxena, en 1939, estaba comigo Riobó o da zapatería de aquí, de Bueu. A el gustáballe moito o baile, pero o malo era que non sabía bailar. Fomos ao baile un día e vimos sentada alí a unha chica moi guapa, pero guapa, guapa.

Díxenlle a Riobó: - “Vamos a ver se ela baila”

- “¡ Ai !, ela, ela non che baila, nin falar”

Pero achegueime e díxenlle á chica:

- “Señorita, ¿Baila vostede?”

E ela veume, e bailaba moi ben e eu, bailando con ela, chisqueille un ollo a Riobó, que estaba aí só, dicindo: - “ ¡Me cachis unha ...!”

Pero no medio do baile, ao dar unha volta, pasoume que se me escordou un brazo. Ben, tiven que deixar de bailar, pero a chica bailara tan ben e era tan guapa, que eu pregunteille se quería ser a miña noiva e ela deume palabra. Pero, cando ela ía cara á porta coas amigas dinme conta de que non tiña dunha perna máis que a metade. Non se lle notara cando bailaba, en absoluto, pero ao andar, notábaselle moito.

A causa do brazo escordado déronme quince días de permiso e cando volví trouxen a gaita. Unha noite quedáramos de ir ao baile, pero facía un temporal horrible, non se podía ir á cidade e quedamos no cuartel. Pero, para non quedar sen baile, saquei a gaita e toquei.

Oíase ben, e como era noite, escoitouno o capitán que estaba de garda. Veu ao noso dormitorio, onde estábamos de festa a toda marcha e, ao abrir a porta, ou un segundo antes, tirei a gaita por debaixo da cama e metínme debaixo da saba con botas e todo.

- Parece que oín unha gaita.

- Si, mi Capitán, - dixo o compañeiro máis próximo a el con moito medo - .

- ¿Onde está a gaita?

E así foi como tiven que saltar ao chan eu e sacala. O capitán, ao verme saír de entre as sabas coas botas e todo non puido disimular a sorpresa. Despois quitouse a correaxe coas pistolas e a chaqueta e arremangou a camisa e dixo: - ¡A bailar! . E eu toquei unha peza e bailaron todos.

Logo dixo o capitán que nos deitáramos a durmir porque xa estaba ben. Chamábanlle capitán “Checa”, porque erguía moito o brazo. Era de Lalín.

VIAJES

CALVITOUR

Agencia de Viajes

viajes calvitour

sercom grupo

agencia asociada


C/ Tiro Naval Janer nº 33 bajo - 36900 - MARÍN (PONTEVEDRA) - Tfno.: 660 990 309 - Tfno. y Fax: 886 20 27 93

E-mail: viajescalvitour@gruposercom.com - www.gruposercom.com - www.viajescalvitour.gruposercom.com

Ao día seguinte, cando estaba a compañía formada, empezaron os altofalantes:

- Manuel Barros Comedeiro ... Que me presentara.

Pensei: - Aínda non pasou todo.... . O capitán "Checa" preguntoume, se me gustaba a comida e despois levoume á cociña. Mandou ao cociñeiro poñerme moita carne. Despois preguntou, se eu tiña ganas de ir de permiso á casa. Eu díxenlle que si, un tanto sorprendido. El díxome que, despois de descansar na casa dous ou tres días, fora a Vigo a un establecemento de música en Velázquez Moreno e que me fixera cargo de trinta e dúas gaitas, que as probara e as embalara. Está todo falado, - dixo -, todo pagado.



Así o fixen e cando volví a Cartaxena estaban xa as gaitas alí, porque o transporte tamén fora arranxado de antemán.

Comezamos a buscar xente en Cartaxena entre os galegos destacados alí para formar unha banda de gaitas, pero non había bastantes. Tivemos que completar a banda con catro andaluces. Eles non querían tocar a gaita. E que non, pero que non querían.

Había un brigada na banda e el preguntoulles aos andaluces eses:

- ¿Queredes saír da banda, ou queredes tocar a gaita?.

De modo que quedaron para tocar a gaita e como as gaitas eran en natural, en do natural, non tiñan nada de raro.

Estabamos preparando para o desfile a peza esa de: "Baila miña Maruxa..." e xuntábanse na porta do local outros andaluces

e, claro, ao principio as gaitas chiaban e os andaluces facían moita burla; o andaluz para o piropo ten un gusto especial.

Logo, cando eu viña polo patio, estaban nel uns andaluces e gritaron tras de min:

- ¡Que calle el chiribío!

Iso non me gustou e comenteino co brigada, que era de Vigo. Mandou formar á compañía e os que gritaran o do "chiribío" facíanse os morosos para formar, así que se notou ben quen fora. O brigada foi xunta deles e colleunos polas orellas e ¡ escoitei triscar as orellas deles ! Levounos así, das orellas, á perruquería e nela tirounos ao chan, facéndolles caer de fusiños nun montón:

- ¡Perruqueiro! ¡ Deixe de atender aos que vostede ten esperando e corte primeiro o pelo a estes dous. Córtellelo ao cero!. Despois aféitelles a cabeza para que as chicas non lles fagan caso!

Á tarde coincidín con eses dous andaluces na porta, no portal de saír á rúa e díxenlles:

- ¡Que guapos estades!

Veu á porta do cuartel o irmán daquela moza coa que bailara e preguntoume que palabra era esa, a miña. Que fora eu á alameda a tal hora da tarde. Fun á alameda e cando estaba entrando nela vin á rapaza entre as amigas, coxeando, e non fun capaz de ir xunta ela. Fíxoseme costa arriba, din media volta e marchei.

Conseguimos facer esa banda de gaitas en Cartaxena porque había alí mallorquinos tamén, e a gaita mallorquina tócase como a galega. A noite antes do desfile había temporal de vento e chuvia. Todos pensabamos: "Desfile ningún", Pero á madrugada parou de chover e despexou e, como o clima alí e cálido, todo secou co primeiro sol que se presentou nun ceo limpo.

Eramos de banda de gaitas e outros músicos, un grupo tan longo como a rúa do Príncipe en Bueu. Cando desfilamos, case non fun capaz de soprar pola gaita. Coa emoción os beizos non me querían obedecer.

Despois fomos ao Desfile da Victoria. Coido que ese foi o principio da banda de gaitas na Infantería de Mariña. Eu era infante de mariña pero sen graduación especial, soldado raso. Pero como para o baile, no que coñecín a esa chica non querían soldados de terra senón da Mariña ou Infantería de Mariña, tiñamos mellor presentación e fun a aquel baile.

(Relatado por D. Manuel Barros Comedeiro na localidade de Achadiza, Bueu, Pontevedra, o quince de febreiro de 1993. Apuntado por Staffan Mörling no mesmo día.)

P. S. : As gaitas aquelas en 1939 tiñan o vestido do fol das cores vermella e gualda, os da bandeira española.




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



PROPOSTA DE ESCUDO HERÁLDICO PARA O CONCELLO DE BUEU

Por: Isidro M. de Malet i Andreu
Dip. Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria

Como consecuencia dunhas charlas informais con algúns concelleiros bueuenses souben que o Concello solicitara en varias ocasións estudos para a adopción e homologación dun escudo heráldico oficial para a Vila, pero que, por varios motivos, algúns deles económicos, non pasaran dos primeiros contactos.

O traballo que se publica, é un resumo do que de modo desinteresado se presentou fai máis de dous anos e que ao quedar arrombado nun caixón e sen que se saiba nada de el, síntome desvinculado de calquera compromiso moral que eu puidera adquirir.

RECORDO HISTÓRICO

O municipio de Bueu está situado na península do Morrazo e é a partir da Constitución de 1812, cando se crearon os "Ayuntamientos Constitucionales", cando adquire entidade propia.

En Bueu e Hermelo xa existiu unha poboación prehistórica, posteriormente romanizada, e proba diso son os restos existentes destas épocas.

É Afonso I quen inicia a repoboación da zona, pero é nos séculos XI e XII, cando esta repoboación se efectúa a base de normandos, borgoñóns e xermanos.

No Concilio de Lugo, o Morrazo (Morratio) queda asignado á diocese de Iria. A loita por conseguir os dereitos xurisdiccionais sobre a zona foi constante entre os Cistercienses de Oseira, os beneditinos con igrexa en Hermelo e a Orde de San Juan de Jerusalén.

Tamén a sede Compostelá exerceu os seus dereitos sobre esta península cuxa cabeceira de xurisdicción foi a vila de Cangas.

A partir de 1654, os bens da Orde de San Juan de Jerusalén, xa convertida en Orde de Malta, que posuía no Morrazo, pasan a depender do Priorado de Castrelos en Vigo e en 1846 pónense á venda os bens da última encomenda da Orde.

A raíz das Cortes Constituíntes de Cádiz creáronse os "Ayuntamientos" con importantes competencias e unha das

primeiras medidas adoptadas tralo pronunciamento de Riego, foi a elección destes "Ayuntamientos" e o nomeamento de Gobernadores. Quedan abolidos os dereitos de morgado (mayorazgo) e outros dereitos vinculantes. Créase a desamortización, redúcense os dezmos á metade e os bens das comunidades suprimidas (con menos de 12 membros) quedan

nacionalizados e saen en pública poxa ao mellor ofertante. Todo este proceso culmina en 1833 baixo a rexencia de María Cristina co goberno de Zea Bermudez.

É en 1836 cando a Provincia de Pontevedra queda constituída en once partidos xudiciais. O Concello de Bueu, que quedara instituído en 1821, quedou ratificado definitivamente o 29 de Outubro de 1836 e publicado no Diario Oficial da Provincia do 30 de novembro do mesmo ano,

quedando constituído polas seguintes parroquias: San Martín de Bueu, Santiago de Hermelo, Santa María de Cela, Santa María de Beluso co seu anexo de San Xoaquín de Ons, San Ciprián de Aldán e San Andrés de Hío.

Por Real Cédula expedida en 1856 concedeselle o Título de Vila. Por unha serie de vicisitudes San Ciprián de Aldán e San Andrés de Hío, en 1862, pasan a depender do Concello de Cangas e en 1868 a freguesía de Santiago de Hermelo constitúese en anexo da de Cela.



Vista do Concello de Bueu

COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA



HERÁLDICA MUNICIPAL

A raíz do establecemento e posterior desenrolo do Estatuto de Autonomía e tras asumir todas as competencias sobre a materia que antes dependían do Ministerio da gobernación previo informe da Real Academia da Historia, regulamentouse todo o que afecta a este tipo de expedientes (R.D. 3037 / 82 de 24 de xullo, anexo 1B, apartado 3,1).

Considerouse conveniente a creación dunha comisión de Heráldica da Xunta de Galicia en quen recae a máxima responsabilidade na valoración das propostas (Decreto 258/1992, aínda que non se constituíu formalmente ata 1994); regulándose as súas actuacións polo artigo 261 da Lei 54/1997 do 22 de Xullo, da Administración Local. Na actualidade esta Comisión depende da Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza de Galicia.

PROPOSTA

Todas as circunstancias históricas e xeográficas do Concello de Bueu, indican un intenso tráfico de veleiros, así como as propias armerías municipais utilizadas dende a súa fundación en 1833, consagran e acreditan suficientemente o emblema usado dende o momento da súa independización de Cangas e quedar constituído como entidade propia.


As catro parroquias que constituíron fundamentalmente o municipio de Bueu foron: San Martín de Bueu, Beluso co seu anexo de San Xoaquín de Ons, Santa María de Cela e Santiago de Hermelo, aínda que esta se constituíra como anexo da de Cela.

Por este motivo as armas municipais poden quedar e organizarse perfectamente cunha representación simple e fundamental na esixencia da mellor tradición heráldica.

Brasonamento:






De azur (azul) e sobre unhas ondas de azur e prata, un navío de tres paus, na súa cor, coas velas de prata (brancas) despregadas. En Jefe, catro cruces de ouro. Ao timbre coroa real pechada.

Escudo proposto



2004

Outras propostas



2004



ILLA DE ONZA: CEMITERIO DE BUQUES DE GUERRA

Por: Lino J. Pazos Pérez

Pertencente ó arquipélago de Ons, a illa de Onza, ou Onceta, segunda en importancia polo seu tamaño, atópase separada de Ons, a maior, por unha estreita canle coñecida como Freu da Porta, perigosa de tomar con buques de determinado calado debido aos baixíos que, como defensores da súa insularidade, velan en sinistro silencio.

Illa de Onza



Unha longa cadea de arrecifes somerxidos, coñecidos como a Loba, dividen practicamente en dous o Freu da Porta, cobrándose ó longo dos anos un número considerable, sempre longo, de naufraxios, entre os que temos a obriga de recordar o paradigmático caso do *María Luísa*, pesqueiro do armador D. José Romero, natural de O Freixo, que se afundiou despois de bater contra as rochas na illa de Onza, co terrible saldo de 16 mortos; pero ese é tema para outro traballo.

A historia da Onza xa quedara marcada por feitos acontecidos en tempos pasados, recollendo na súa toponimia nomes tan insinuantes como Pedra da Galera (seguro que alí petou algún barco desas características), Punta da Galera...

En tempos de loita, e de paz, as augas limítrofes da illa viron como dous buques de guerra, de diferentes países; un español e outro


francés, rendían as súas cadernas ante a mole granítica da Onceta, levándose ao abismo máis de dúas ducias de vidas humanas...

Acendérase a cacharela da guerra europea por segunda vez no que ía de século, cando o goberno francés declaraba zona de conflito as augas do Atlántico, enviando patrulleiras que, partindo da base naval de Brest, navegaban sen descanso procurando pórllle difícil ós alemáns que os seus submarinos puideran abastecerse dos barcos nodriza sen temor a ser detectados, a sabendas de que en España a rede xermanófila tiña moitos e ben engraxados medios para facelo, ao abrigo das rías e enseadas galegas...

Cumprindo unha destas misións, navegaba o buque da Armada francesa *Barsac* en compañía do *Leoville*, que mantiña con el a distancia de seguridade en caso de ataque inimigo. O *Barsac* era un patrulleiro de 300 toneladas de desprazamento e 62 homes de dotación.

“Ás 11 da noite do sábado día seis de xaneiro de 1940, o patrulleiro de nacionalidade francesa Barsac (P 40), de pouco máis de 300 ton. de desprazamento e 62 homes de dotación, que navegaba en convoi co barco da súa mesma bandeira, Leoville, debido á espesa néboa e o mar de fondo existente, foise contra a illa de Onza, próxima á de Ons na boca da ría de Pontevedra, embarrancando na restinga que dita illa despidе cara ó Sur”.

Patrulleira francesa tipo Barsac



A forte turrada contra as rochas provocou numerosas vías de auga no casco, anegando inmediatamente a sala de máquinas e diversos compartimentos do buque.



Isla de Tenerife que colaborou no rescate dos náufragos do Barsac

As violentas ondas, froito do temporal do SW varreron a cuberta, arrincando a ponte de mando, arrebatando a instalación de radio e destruíndo parte da obra morta do buque galo en escasos cinco minutos, non dando tempo o ao seu comandante a tomar iniciativa algunha de abandono do barco, polo que a mariñeiría botouse ao mar nun intento desesperado por salvar as súas vidas.

Ás peticións de axuda dos náufragos acudiu o *Leoville* que se distanciara un tanto do *Barsac*, comunicando por radio o que estaba sucedendo. O SOS foi atendido polo mercante *Isla de Tenerife* (ex *Mar Negro*, de 5115 toneladas de rexistro bruto, construído en 1921), de la compañía Transmediterránea, que, dende A Coruña, dirixíase a Vigo, ordenando o seu capitán as manobras necesarias co fin de socorrer no posible ao patrulleiro. Unha vez no lugar do sinistro, o *Isla de Tenerife*, capeando o violento temporal, lanzou cabos salvavidas aos que se agarraban os mariñeiros como única liña de vida; grazas á dilixencia da tripulación do mercante, o socorro produciu o efecto desexado, salvándose nun primeiro momento numerosos membros da dotación.

“El Isla de Tenerife, para hacer más eficaz las labores de rescate, requirió la cooperación de un buque pesquero de la matrícula de Santa Uxía, velero, de nombre Vilas 2º propiedad de los

sucesores de Domingo Vilas, y de otras pequeñas embarcaciones de los marineros de Ons, dornas, que colaboraron heroicamente en las faenas de salvamento”.

Os traballos de salvamento foron en todo momento dunha dificultade límite, debido á cerrazón e ao forte temporal que impedía que o *Vilas 2º* se achegara ao patrulleiro francés o suficiente, polo que o patrón deste dirixiuse ao costado do *Isla de Tenerife* requirindo material e persoal, toda vez que a súa tripulación era insuficiente para que a misión resultara eficaz.

Do *Isla de Tenerife* trasladáronse a bordo do veleiro oito homes ao mando dun oficial, co material necesario para as labores de rescate. Nestas condicións o patrón do balandro, *Xosé Martínez Basoco*, acercouse ao *Barsac* e, loitando coa resaca, puxo a salvo a 16 náufragos, arriscando para elo a súa vida e a dos seus homes.

No rescate do resto dos náufragos interviñeron, comportándose heroicamente, ademais da tripulación do *Vilas 2º*, do *Isla de Tenerife*, do remolcador *Moncho*, que se achegou a toda máquina ao lugar del sinistro, os mariñeiros de Ons que, a bordo das fráxiles dornas, foron imprescindibles para levar a cabo a ardua tarefa de recoller aos homes do mar.



O Cíclope (colec. Alejandro Anca)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Delegación Provincial PONTEVEDRA

O **Barsac**, por efecto das ondas, desapareceu en poucos momentos baixo as augas.

A dotación do patrulleiro francés naufragado estaba composta por 62 homes, dos que 45 foron rescatados con vida, ignorándose a sorte corrida por algúns dos mariños que, a bordo de improvisadas balsas, tentaron poñerse a salvo.

A cifra oficial de mortos foi de 7, que serían trasladados a Vigo a bordo do *Isla de Tenerife*, e 10 desaparecidos.

O axente consular de Francia en Vigo comunicou que o goberno do seu país recompensaría o heroísmo de aqueles que, con risco das súas vidas, cooperaron no salvamento dos naufragos do **Barsac**.

O 10 de Abril de 1940, na Axudantía de Mariña de Bueu, repartíronse os premios entre os salvadores.

No mes de decembro de 2002 unha señora de nacionalidade francesa, baixo o nome de Marianne, solicitaba información sobre o naufragio do **Barsac** nas páxinas Small ADS, de Internet, "... que a fait naufrage aux large des côtes espagnoles, mon gran-père était marin ...", posiblemente un dos desaparecidos...

Despois de rematar as manobras levadas a cabo pola agrupación, o Cíclope RA-1 puxo rumbo a súa base na Escola Naval Militar de Marín, levando a remolque os brancos como o fixera durante toda a xornada.

Ao atoparse nas inmediacións da illa de Onza, o 23 de outubro de 1952, a máquina perdeu presión, e por moito que o xefe de máquinas o intentou, o barco quedou sen



O Cíclope embarrancado na Onza (colec. Enrique Paz)

goberno a mercé da forte ondaxe que o arrastrou irremisiblemente contra a costa.

A Armada redactou unha nota de prensa na que comunicaba o sucedido:

El Capitán General del Departamento Marítimo de El Ferrol del Caudillo comunicó que al regresar a su base en Marín la noche del 23 de octubre el remolcador de altura Cíclope remolcando los blancos utilizados hasta última hora de la tarde por las unidades de la Primera Agrupación de Escolta en los ejercicios de tiro que vienen realizando, por causas que todavía no se han concretado, pero inicialmente producidas por un descenso en la presión de la caldera y consiguiente falta de gobierno, agravadas por la cerrazón reinante, hubo de fondear en malas condiciones al Sur y a corta distancia de la isla de Onza. Poco después y sin duda por el efecto de la mar que recalaba, cayó sobre la restinga de piedra que despide la citada isla, varando.

Cíclope – RA-1

Este veterano remolcador de altura da Armada española afundirao a aviación rebelde no porto de Cartaxena o 5 de novembro de 1938, sendo refluado en setembro de 1939, entrando de novo en servizo en 1942.

Foi dado de baixa na Lista Oficial de Buques da Armada o 13 de xaneiro de 1953.

Dez anos e algúns meses máis tarde, en plena carreira armamentística protagonizada pola "guerra fría", o remolcador da Armada española **Cíclope**, partía levando á súa popa os brancos que se utilizarían para un exercicio de tiro que se desenrolaría nas inmediacións de Sálvora; ninguén presaxiaba o loito que esta nova e derradeira singradura produciría nas xentes do mar.

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

Destacadas inmediatamente varias unidades de guerra, organizáronse, moi de mañanciña, os traballos de salvamento, e ó comprobar a imposibilidade de reflotar o barco, dispúxose o abandono do buque por parte dos últimos homes que permanecían a bordo, tentando de recuperar o equipo de *observación de tiro*. Foron recollidos 47 tripulantes tendo que lamentarse a desaparición de sete homes, entre os que figuraba o seu comandante.

Caseta levantada en Onza co obxecto de vixiar os restos do Cíclope



Os desaparecidos da tripulación do **Cíclope** foron os seguintes:

Comandante del remolcador, Teniente de Navío, Juan Prieto Clavain.

*Sanitario 2º, Ricardo Fernández Timiraos.
Contramaestre 1º, Andrés Somoza.*

Cabos 2º Luis Rodríguez y José Martínez Abad.

También se dan por desaparecidos al Condestable Mayor de la Escuela de Tiro Naval Janer, D. Gregorio García Bueno y al Contramaestre 2º del guardacostas Uad Martín, D. Manuel Enriquez Romay.

O Cíclope participara en numerosos traballos de rescate e axuda a embarcacións nos últimos anos.

Ademais destes dous naufraxios, nas inmediacións de Onza afundiuse o submarino español **General Mola**, ex *Evangelista Torricelli*, cando era remolcado cara o seu despece.


Parece ser que o cable do remolque faltou por “picar” o alongado casco do veterano submarino, construído no 1931 nos estaleiros de Tossi, de Taranto, Italia, de 880/1.231 toneladas de desprazamento e 70,5 metros de eslora, 6,9 de manga e 4,1 de puntal, que, cedido polo Goberno de Mussolini figurou nas forzas da Armada franquista durante a funesta guerra civil española.

Pertencente á clase Archimede, composta por catro unidades (Archimede, Galileo, Torricelli e Ferraris), o ex Torricelli estaba armado con dous canóns de 100 mm, dúas metraladoras aa, e 8 tubos lanzatorpedos de 533 mm. Un motor Diesel Tosi, de 3.000 HP movía dúas hélices alcanzando una velocidade en superficie de 17 nós e 8,5 cando navegaba en inmersión impulsado polo motor eléctrico de 1.300 HP.

Entre as “fazañas” nas que participou este escorregadizo “escualo” figura o afundimento en augas do cabo Nao, o 27 de xullo de 1937 do mercante da compañía Ybarra, de Sevilla, *Cabo Palos*, curiosamente no cabo do seu mesmo nome (cabo Palos, Alicante), de 7.500 toneladas de rexistro bruto, construído nos estaleiros

Euskalduna, de Bilbao, en 1927, que quedara afecto á República. Deuse a circunstancia de que, un par de meses antes, o **General Mola** botara a pique, practicamente nas mesmas coordenadas, ao veleiro *Granada*.

Na costa galega afundíronse no século XX outros cinco buques da Armada española: **Cardenal Cisneros**, en 1905; **Uad Targa**, en 1931; **Blas de Lezo**, en 1932; **Ciscar**, en 1957, e o **Ariete** en 1966, ademais dalgúns outros accidentes. Deuse a feliz circunstancia que nestes naufraxios, algúns deles ocorridos no medio de fortes temporais, como o caso do Ariete na costa de Lira, non perdeu a vida ningún dos máis de mil cen mariños que compúñan as súas dotacións.



Submarino General Mola, ex Evangelista Torricelli

WOLFGANG AMADEUS MOZART

Por: Eva Rodríguez

Naceu en Salzburgo (Austria), o 27 de Xaneiro do ano 1756 ás oito da noite. Cumpriuse polo tanto, no ano que pasou, o douscentos cincuenta aniversario do seu nacemento. O pai, Leopold Mozart, casou con Anna María Pertl, coa que tivo seis fillos, dos que só sobreviviron dous: María Anna, nacida en 1751, coñecida como Nannerl e Wolfgang Amadeus que acabaría sendo un dos máis grandes xenios da música occidental.



W. Amadeus Mozart criouse nun ambiente totalmente musical: o seu pai tocaba o violín na capela do príncipe arcebispo de Salzburgo e foi vicemestre; ademais era un bo compositor instrumental e inventou un método para violín. A pequena Nannerl foi unha pianista precoz. O seu progreso era tal que Leopold escribiu un libro de exercicios pensando só nela e que empregaba para darlle clases. Conta Nannerl nas memorias que Amadeus xa tocaba o piano aos catro anos e que aprendeu só de escoitar e de practicar durante horas, cando ela remataba as súas clases.

Con cinco anos colleu papel e pluma e púxose a escribir un concerto para clave. Cando o pai mirou aquilo dixo que era moi difícil de tocar. Entón o pequerrecho contestou que por iso era un concerto e que era preciso practicar para tocalo; de seguida púxose ao piano e comezou a interpretar.

Cando Leopold se decatou do talento dos seus fillos decidiu presentalos en público, así que no ano 1762 viaxaron ata Múnic para actuar diante de Maximiliano III, príncipe de Baviera. Isto foi o comezo dunha grande lista de viaxes por diferentes lugares de Europa. Primeiro Viena onde tocou diante da emperatriz María Teresa e onde demostrou a súa habilidade facéndoo cos ollos vendados. Pasados uns días o neno colleu a escarlatina e tiveron que regresar a Salzburgo.

Despois de catro meses, Leopold preparou un coche axeitado, contratou un cocheiro e marchou polas cidades máis importantes dando concertos cos seus fillos: Munich, Augsburgo, Stuttgart, Mannheim, etc.

Mannheim era a corte do príncipe do Palatinado, Carlos Teodoro. Contaba coa orquestra máis moderna e prestixiosa de Alemaña. Nesta cidade W. Amadeus escoitou concertos maravillosos e recibiu unha grande cantidade de diñeiro como agasallo do príncipe. Seguiron camiño por Coblenza, Bonn, Colonia, Aquisgrán, ata Bruxelas. En Bruxelas tocaron no pazo de Carlos de Lorena. En novembro de 1763 chegaron a París, Versalles e París outra vez, coñecendo músicos tan importantes como Schobert ou Eckard. En abril de 1764 aprenderon viaxe cara a Londres, onde foron recibidos polo rei Xurxo III, tocando no pazo de Buckingham. Aquí coñeceu a Johann Christian Bach e os dous xenios fixéronse amigos.



De regreso á casa pararon na Haia. Nesta cidade os dous irmáns colleron unhas gravísimas febres que os tiveron en coma durante unha boa tempada e que case os matan. Repostos da enfermidade seguiron viaxe por Amsterdam, Amberes, Bruxelas e París de novo. Na capital francesa W. Amadeus estreou algunhas das obras que xa compuxera el mesmo. Entraron nas cidades máis importantes de Suíza e chegaron a Salzburgo en novembro de 1766.

Cando Leopold lle contou ao príncipe arcebispo todas as aventuras da viaxe, este nomeou a Amadeus mestre de concertos, aínda que tiña só dez anos. Por estas datas escribiu “Cantata fúnebre, K 42”.

Como o neno amosaba interese pola ópera, Leopold preparou a segunda viaxe e marcharon por Italia que era o paraíso da ópera. Non levaron con eles a Nannerl, pois xa tiña dezaioito anos e non espertaba tanta admiración como cando era nena.

Entraron en Milán no ano 1770. Aquí o pequeno Mozart coñeceu a Giovanni Battista Martín, que era unha grande personalidade dentro da música italiana e que lle deu algúns consellos técnicos. En Roma foron recibidos polo papa Clemente XIV e contan que, estando nunha cerimonia na Capela Sixtina, Wolfgang escoitou o “Miserere mei Deus”, composición que era propiedade do Papa e que ninguén podía interpretar fóra da Capela. Ao saír escribiuna de memoria sen equivocarse nin faltarlle unha soa nota. Por estas datas xa recibían encargos importantes para compoñer.

En marzo de 1773 volveron a Salzburgo, onde pasaron catro anos sen case moverse. Foi unha época moi creativa: “Os cuartetos vieneses”, “Sinfonía nº 25”, “A finta giardiniera”, son algunhas das moitas composicións feitas. Despois dun tempo Amadeus enfadouse co arcebispo Colloredo, rachou o contrato e, sen estar de acordo co pai, marchou de novo cara a París en compañía de súa nai, comezando así a terceira viaxe do xenio. Tiña neste intre vinte e un anos e buscaba unha ocupación remunerada nalgunha das cortes europeas. Pasaron por Múnic, Mannheim e París. Aquí a nai colleu o tifo e morreu no ano 1778.

Amadeus Mozart non conseguiu o emprego que buscaba, sen o pai tiña máis liberdade, pero non gañaba cartos e entón tivo que dar clases de música, tarefa que non era moi do seu agrado. Unha das alumnas era filla do duque de Guines que lle encargou un concerto para frauta. Amadeus escribiu “Concerto para frauta, arpa e orquestra”, obra que foi unha das máis célebres deste músico.

Despois dun mes de morrer a nai, Mozart recibiu unha carta de Leopold onde lle dicía que volvese pronto a Salzburgo, pois morrera o mestre da capela e podía conseguir este emprego. Ao momento de chegar, no ano 1779, Colloredo deulle o posto de organista da corte, pagándolle bastante pouco. A partir deste intre a actividade creativa do músico foi en aumento: “Idomeneo” e “O rapto do serrallo” son dúas das óperas máis coñecidas. Non podemos esquecer que o conxunto das composicións pasa de trescentas.

De todos os xeitos Colloredo e Amadeus nunca se levaron ben. As pelexas entre eles eran constantes por calquera motivo, así que un día Wolfgang deixou de novo o traballo e esta vez marchouse cara a Viena. Instalouse na casa dos Weber, que necesitaban diñeiro e arrendaban habitacións. Alí coñeceu a Constanze Weber coa que casou na catedral de Santo Estebo no ano 1782. Tiña vinte e seis anos.

Durante a súa estancia en Viena desenvolveu as facetas de profesor, compositor e intérprete. A súa fama medrou rapidamente. Contan que nesta época o emperador organizou unha curiosa competición na que participaron Muzio Clementi, considerado o mellor músico do momento e Amadeus Mozart. Parece ser que a victoria foi para o xenio de Salzburgo.

Nos tres anos seguintes toma contacto con F. Joseph Haydn, Johan Sebastián Bach e Händel. Estuda a súa música con moito interese, perfeccionando a arte da composición. En obras como “Adaxio e fuga en do menor, K 546” nótase a influencia destes tres compositores.

O ano 1783 foi moi importante para o matrimonio. Mudaron de residencia, naceu o primeiro fillo dos seis que tiveron, foron de visita a Salzburgo e na súa cidade natal estreou “Misa en do menor”, obra que é a mellor representación de Mozart en arte sacra, estando presentes o pai e a irmá e tendo un rotundo éxito.

Máis tarde, no 1785, Leopold viaxou a Viena para comprobar a vida do seu fillo e quedou impresionado do traballo e da fama que tiña. Tamén de que gañaba moitos máis cartos ca el. Por estas datas saen ao público tres óperas que son verdadeiras xoias musicais: “As vodas de Fígaro”, “Don Giovanni” e “Cosi fan tutte”.

Axiña morreu o pai e morren tamén catro dos seis fillos que tivo; só sobreviviron dous: Franz Xaver Wolfgang e Carl Thomas. Amadeus estaba cada vez máis canso e a súa saúde falláballe bastante. Así e todo en setembro de 1791 estreou “A frauta máxica”, ópera de enorme beleza e que algúns relacionan coa masonería. Morreu o 6 de decembro de 1791, cando estaba traballando nun “Réquiem” que deixou sen rematar. Foi enterrado no cemiterio de San Marcos nun foxo común e sen moitos amigos que lle desen o derradeiro adeus.

Wolfgang Amadeus Mozart foi un xenio único e irrepitible no mundo da música: pola súa agudeza psicolóxica, pola extraordinaria tenrura interior, pola capacidade de inspiración e innovación, o gusto polo poder do trágico, pola grande sensibilidade, refinamento, virtuosismo, orixinalidade, perfección, graza e ledicia que demostrou. Estamos diante dun talento que coa súa música foi e segue sendo capaz de equilibrar o corazón, os sentidos e o espírito da humanidade. Ademais de todo isto foi un grandísimo estudoso e traballador como nos di el mesmo: “A xente pensa que me foi doado adquirir a miña arte, podo asegurar que ninguén se esforzou tanto coma min no estudo da composición, e que sería moi difícil atopar algún compositor célebre que eu non estudara polo miúdo”.

Deleitémonos pois con verdadeiro pracer coa música deste marabilloso xenio.



A EMBARCACIÓN DO PETROGLIFO LAXE AUGA DOS CEBROS. (PEDORNES, SANTA MARÍA DE OIA, PONTEVEDRA)

Por: Fernando Alonso Romero

O DESCUBREMENTO

O petroglifo Laxe Auga dos Cebros, bautizada así polos seus descubridores: Pablo Novoa Álvarez, José A. Sanromán Veiga, Fernando Javier Costas Goberna e María Veiga Moreira, foi descuberto recentemente en Pedornes, moi



Fig. 1 - O petroglifo Laxe dos Cebros. (Foto Pablo Novoa Álvarez)

preto de Santa María de Oia (Pontevedra). Forma parte dun amplo conxunto rupestre que se atopa repartido polos arredores. Un dos seus descubridores, Pablo Novoa Álvarez, presentouno no III Congreso Gallaecia que se celebrou en A Garda no ano 1993. Pablo Novoa destacou entre outros




Fig. 2 - A embarcación do petroglifo Laxe Auga dos Cebros. (Foto Juan Villar Cardona)

motivos rupestres, a presenza dunha estraña embarcación que aparecía rodeada de cuadrúpedes (Fig. 1 e 2). O tema desta comunicación é precisamente o estudo desa embarcación, con independencia das representacións de animais que foron gravados ao seu lado e dos demais motivos

rupestres que están nas súas proximidades, pois deles se ocuparán os seus descubridores noutro traballo. O petroglifo atópase nunha rocha case plana, ao borde dun pequeno regato chamado río do Vilar pola súa proximidade á aldea deste nome e a un km., aproximadamente, da orella do mar. Cando foi descuberto, a principios do 1993, dita rocha estaba cuberta de terra, soamente afloraba a súa parte superior na que se vían algúns cuadrúpedes. Foron os seus descubridores os que limparon toda a superficie, retirando a capa de 20 cm. de terra que cubría aos demais animais e á embarcación. Lamentablemente, a parte central da embarcación desaparecera ao desgaxarse, en data indeterminada, un fragmento da rocha sobre a que fora gravada. De todos os xeitos, como se conservan en bo estado os trazos da proa e popa, é posible indagar gran parte das súas características, así como efectuar unha reconstrución ideal (Fig. 3).




Fig. 3 - A sección punteada do debuxo corresponde á reconstrución ideal da parte do petroglifo que se perdeu.

BREVE HISTORIA E DESCRICIÓN DO ENTORNO

Antes de centrarnos na descrición e análise da embarcación, é conveniente dar algúns datos xerais sobre o entorno costeiro, que quizais poda axudarnos a comprender mellor a existencia deste gravado rupestre tan sorprendente e sen paralelo algún no corpus xeral dos petroglifos galegos.

A freguesía de San Mamede de Pedornes atópase nunha ladeira da cadea montañosa que vai dende A Garda ata Baiona, diante dunha costa rochosa moi perigosa para a navegación (Fig. 4). Atópase preto do Mosteiro de Oia: "A primeira proba documental que temos sobre este Mosteiro, e que nos permite fixar non a fundación, senón a data coñecida da súa existencia, é a doazón do rei Alfonso VII, datada en Tui o 26 de Xuño de 1137, e confirmada por

que, segundo a lenda popular da zona, foi construída fai máis de douscentos anos grazas a un tesouro de moedas de ouro que se atopou ao arar unha finca de Pedornes coñecida do nome de Cova Diñeiro (García Alén, A. 1979, 325). Este tipo de lendas, como sinalou García Alén no seu estudio sobre a voz *camboa*, entra dentro do ciclo tradicional das lendas relacionadas cos castros e xacementos arqueolóxicos (p. 235). O cal é un indicio claro da antigüidade da *camboa* de Pedornes, que no século pasado conservaba aínda unha forma de sección triangular cunha base de máis de catro metros de anchura, dous metros de alto e uns vinte metros de largo (Fig. 5).

ANÁLISE DA EMBARCACIÓN

Polas características dos sucos que delimitan a forma dos animais gravados próximos á embarcación, non cabe dúbida de que son contemporáneos e constitúen un conxunto coherente, formado por un grupo de animais que corren todos eles na mesma dirección, é dicir, a que segue a embarcación, a vulgar pola posición da súa proa, que con respecto ao horizonte xeográfico real apunta ao sur. Os sucos que debuxan a embarcación son de sección en U sen arestas e moi desgastados, información que aínda que indica unha grande antigüidade, non nos serve para datar o petroglifo, como tampouco o feito de que estivera soterrado ata o seu descubrimento en 1993. Debemos polo tanto fixarnos nas características da embarcación para coñecer de que tipo se trata e a que época corresponde.

Aínda que non se conserva o fragmento da rocha na que se gravou gran parte do casco e do mastro, a proa e a popa da embarcación vense perfectamente ben, o que nos permite saber que ten unha eslora de 1,42 m. e que o mastro mide 65 cm., medido dende o tope ao fondo do casco, cuxo puntal é de 10 cm. A proa, que termina nun remate circular, mide 55 cm. e a popa 56 cm. Un centímetro de diferenza quere dicir que a embarcación que serviu de modelo tiña unha proa e popa xemelgas en dimensións, pero non en forma. Estas medidas están tomadas utilizando como punto de referencia a base central do fondo do casco. Por outra parte, a simple vista non se aprecia esta pequena diferenza en alturas. Ambos extremos da embarcación son moi arrufados, elevados case verticalmente sobre a liña de flotación, o que fai supoñer que dispoñía dunha proa e popa moi adecuadas para a navegación oceánica. O casco é curvo e dóbrase nos extremos formando un ángulo de case 90° na proa e a popa. É dicir, máis próximo á proa que a popa. O que constitúe tamén un dato moi importante como imos a ver. Do tope do mastro parte un estai que se afianza na popa preto do seu caperol (remate). Un segundo estai de popa que vai por debaixo do anterior amárrase tamén á popa, pero nun punto máis próximo á súa unión coa regala. Este segundo estai de popa podería ser a ostaga da verga posto que, lixeiramente por riba da súa unión ao mastro, está o estai de proa que chega ata esta última e que vai amarrado á parte interior da roda, moi preto da súa base. A verga da vela non está representada, aínda que tiña necesariamente que levala izada ao ir navegando e aproximada todo o posible ao tope do mastro. De aí, pois, o feito de que o estai de proa estea amarrado ao mastro por enriba do segundo estai de popa, que en realidade non é un estai, senón a ostaga da verga, aínda que cumpre tamén en parte a función dun estai debido á peculiar característica da popa, que se mantén ergueita precisamente pola tensión




Fig. 5 - "Camboa" de Pedornes (Oia). Debuxo de Remigio Nieto. Ano 1978. (García Alén, A. 1979)

Neste contexto xeográfico é onde foi gravada fai centos de anos a embarcación que estudamos. Entón, naturalmente, non existía o mosteiro, e posiblemente tampouco había *camboas*, pero a costa era igual de perigosa que agora. Para achegarse á beira era necesario dispoñer de embarcacións de fondo plano e de pouco calado que puideran navegar sobre os baixos fondos e varar na praia aproveitando a marea. A tripulación desa embarcación do petroglifo tiña que ser necesariamente moi experta para desembarcar na costa de Oia incluso con bo tempo e mar en calma. Todo isto, supoñendo que o autor ou autores deste gravado foran membros da tripulación, que desembarcaran para facer augada ou para proverse de caza. De aí quizais o feito de que o petroglifo estea ao borde dun regato e a embarcación rodeada de cuadrúpedes. Sobre a súa finalidade simbólica só podemos facer suposicións ao igual que sobre os seus autores, aínda que é moi dubidoso que sexa obra de nativos do lugar, pois a forma de representar aos cuadrúpedes é totalmente descoñecida no corpus dos petroglifos galegos e, sobre todo, porque a embarcación aínda que dentro do seu esquematismo, mostra características que só se advirten despois de estar moi familiarizados con ela.




Fig. 6 - Embarcacións predinásticas representadas nos gravados de Nubia (Segin Björn Lansdström), 1970, 16).

dos estais da ostaga. Do tope do mastro, exactamente do mesmo punto de onde parte tamén o estai de popa, sae un estai con pernada, é dicir, bifurcado, un de cuxos extremos vai amarrado ao remate ou caperol circular da roda, e o outro un pouco máis abaixo. É moi curiosa esta pernada de estai, posto que a tensión que soporta divide-se ao bifurcarse en dous estais, o que nos permite pensar que a súa función é unicamente a de manter levantado o extremo da proa, aínda que permitíndolle unha certa flexibilidade, aspecto que queda ben reflectido no petroglifo, pois as liñas deste estai con pernada son lixeiramente onduladas. Podería ser tamén que en lugar dun estai con pernada houbera un motón, xa que os motóns aparecen representados por primeira vez en relevos exipcios da Sexta Dinastía (2429) (Landström, B. 1970, 51). Pero en ambos casos, a función de dito estai sería a mesma que sinalamos.

Cos datos que describimos, o lector experto en arqueoloxía naval xa se daría conta de que temos ante a

nosa sorprendida mirada nada menos que a representación gráfica dunha balsa de papiros ou de xuncos. Deixei para o final a descrición dos trazos do casco e dos remates de proa e popa por ser os máis representativos deste tipo de embarcacións. No pequeno fragmento que se conserva do casco vemos uns trazos verticais separados por dous rectángulos e o comezo dun terceiro que está incompleto. Estes trazos reflecten as ataduras das faces de papiros cos que se construían os cascos das balsas en Exipto e Mesopotamia (Fig. 6). Para manter a curvatura do casco e os seus extremos levantados era necesario que os estais de proa e popa foran amarrados precisamente á parte superior da roda e do codaste. Se os extremos da proa e da popa foran de madeira, non poderían soportar a enorme tensión. Pero nunha balsa de xuncos e papiros, a flexibilidade e a tendencia natural destas fibras a recuperar a súa posición normal, permitía que as balsas conservaran as súas formas curvas e os extremos moi levantados para facer fronte ás ondadas. Nas embarcacións exipcias que se construían con madeira pero imitando a forma das balsas de papiro, os estais ían amarrados á cuberta, pero nunca á proa mesma porque ao ser moi esvelta e de pranchas de madeira unidas, non podía soportar o peso do mastro coa vela despregada. No templo – mausoleo do rei Sahure, en Abusir, ao norte de Saqqara, pertencente á V Dinastía




Fig. 7 - No templo-mausoleo do rei Sahure, (en Abusir, ao norte de Saqqara), pertencente á V Dinastía (2520-2400 a.C.), consérvase este fragmento dun relevo no que vemos a proa da embarcación real provista dunha gran vela rectangular moi decorada. O estai de proa afíanzase ao pé da proa diante do baldaquino real. Aínda que é unha embarcación de madeira a súa construción imita as formas das antigas balsas de papiros. A proa, moi esvelta e recta, remata nunha flor de loto a medio abrir coroada polo disco solar.

(2520 – 2400 a.C.) consérvase o fragmento dun relevo no que se pode ver a proa da embarcación real provista dunha grande vela rectangular moi decorada (Fig. 7). É unha proa recta, moi alta, á que non vai amarrado ningún estai polas razóns que vimos. O estai de proa afiánzase a un amarre fixo preto da proa, pero na cuberta. Landström chama a atención sobre o que podería ser un asento cuberto por un baldaquino ao pé da proa, *probably intended for The King's chair*, (1970, 59). Diante precisamente dese baldaquino vai amarrado o estai de proa. As liñas do casco da embarcación son moi parecidas á da balsa de papiros, aínda que neste caso se trata dunha embarcación construída con pranchas de madeira seguindo a mesma técnica que se utilizou na grande embarcación do rei Cheops, pertencente á IV Dinastía (2630 – 2520 a.C.), que se descubriu diante da pirámide de Giza, e cuxa eslora mide 43 metros (Fig. 8). A embarcación de Cheops construíuse tamén imitando a forma das antigas embarcacións de papiros. Como di Björn Lanström, a embarcación do rei Sahure *podería ser perfectamente a embarcación real de Cheops, pero con vela* (1970, 58). A súa proa, moi esvelta e recta, termina nunha flor de loto a medio abrir, coroada polo disco solar; a partir da V Dinastía e baixo a influencia dos sacerdotes de Heliópolis intensificouse o culto solar (Jenkins, N, 1980, 134). Como

soamente se conserva un fragmento da embarcación non sabemos como sería a terminación da popa, aínda que supoñemos que parecida á embarcación de Cheops. A proa da embarcación de Laxe dos Cebros termina tamén nun remate circular, que podería ser perfectamente o disco solar, aínda que construído con papiros e xuncos dobrados. A súa popa, polo contrario, parécese á proa da embarcación de Cheops e doutras embarcacións exipcias. A súa forma de cáliz, que imita unha flor aberta, nas embarcacións de papiros facíase atando fortemente o talo na terminación da proa e dobrando os extremos das faces de papiros, cuxas puntas cortábanse todas ao mesmo nivel para darlle esa forma plana que vemos no petroglifo de laxe dos Cebros e tamén nas embarcacións construídas con madeira ou con papiros. A orixe polo tanto deste remate de proa, está precisamente no das balsas de papiros.

Na Fig. 6 móstranse diversos tipos de embarcacións predinásticas, nas que podemos observar os trazos que representan as ataduras e as faces de papiros do seu casco. En realidade eran balsas moi parecidas á embarcación de Laxe Auga dos Cebros. Na (Fig. 9) vemos unha embarcación nubia de papiros, datada entorno ao ano 2000, con eses mesmos trazos verticais no costado e cos estais de proa e popa atados aos seus extremos para manter a curvatura da

balsa, que se reforza incluso cun tortor lonxitudinal que vai por riba da regala da embarcación, atado tamén á proa e á popa. O tortor consistía en varios cabos que se retorcián para aumentar a tensión e corrixir así a arrufada da balsa. Este sistema utilizábase moito nas embarcacións exipcias, incluso nas construídas con pranchas de madeira. O mastro está tamén máis preto da proa que da popa. Nas embarcacións exipcias a posición do mastro variou a partir da V Dinastía (2400 a.C.). Antes colocábase moi preto da proa, pero coa experiencia e o cambio de características das embarcacións foise achegando cada vez máis ao centro do casco, ata alcanzar esa posición cara ao ano 1500 a.C., circunstancia que Casson interpretou coma un fenómeno debido á experiencia que adquiriron os exipcios ao navegar con vento contrario (Casson, L. 1971, 19). Na (Fig. 10) vemos o gravado doutra balsa de xuncos datada en torno ao ano 2000 a.C. Procede dun abrigo rochoso ao sur do lago Aral, na orella do río Oxus (Amu-Daria). É unha representación moi imperfecta. Leva vela triangular e os estais están mal representados xa que non poden ir amarrados á verga. Pero é unha testemuña do emprego deste tipo de embarcacións fora da área exipcia (Kellr-Tarnuzzer, K. 1953, 180).

Fig. 8 - Detalle da proa da embarcación de Cepos. Compárese o seu tamaño coa altura da persoa así como o seu aspecto e arrufadura semellante á da embarcación do petroglifo Laxe Auga dos Cebros.




Fig. 9 - Embarcación de papiros gravada nunca roca de Nag Kolorodna. Datada entorno ao ano 2040 a.C. (Almagro, B.M. e Almagro G. 1968, fig. 84)




Fig. 10 - Gravado dunha embarcación de xuncos localizado ao sur do lago Aral a orelas do río Oxus. (Segundo Séller-Tarnuzzer, K. 1953, 180.).




Fig. 11 - A embarcación de xuncos da figura A atópase no dolmen de Antelas (Oliveira de Frades, Viseu). No orixinal aparecen en sentido vertical (Shee Towhig, E. 1981). Compárese coa embarcación B, construída con papiros, que foi gravada nunca tablilla de marfil do ano 2960 a.C. e que se atopou en Abydos (Exipto). (Segundo Müller.Karpe, 1968, Tafel 34, fig 15)

CONCLUSIÓNS

De todo o que vimos podemos sacar xa algunhas conclusións:

1º.- O petroglifo de Laxe dos Cebros mostra un tipo de embarcación construída con papiros ou xuncos e de orixe ou influencia exipcia.

2º.- É o primeiro gravado rupestre que aparece no noroeste da Península Ibérica no que se representa unha embarcación de papiros con vela. Sen embargo, hai outros exemplos na provincia de Cádiz e en Portugal que atribúo ao terceiro milenio (Alonso Romero, F. 1993. **Fig. 11, 12, 13**).


3º.- Pola posición do mastro próximo á proa podemos datala antes do ano 2400 a.C.

4º.- A decoración da proa co seu motivo solar que despois imitouse nas embarcacións de madeira, coma a do rei Sahure, danos a data tamén entre o 2520 e o 2400 a.C.

5º.- As liñas do casco parécense ás da embarcación de Cheops, da IV Dinastía (2630-2520 a.C.), cuxa construción está inspirada nunha balsa de papiros.

6º.- En consecuencia podemos dicir que o petroglifo de Laxe dos Cebros reproduce un tipo de embarcación que se utilizaba nas costas exipcias xa antes do 2500 a.C.

7º.- A esta análise haberá que unir as conclusións que se deduzan do estudo dos animais que rodean a embarcación.



(Separata do volume II das ACTAS DO XII CONGRESO NACIONAL DE ARQUEOLOXÍA. Vigo 1993)
Tradución ao galego: Anxo López Vergara. <Sobre o mesmo tema consultar AUNIOS Nº 11>



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA


Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

Fig. 12 - As embarcacións de papiros nas pinturas rupestres de Laja (Barroso Ruíz, C. 1980)



Fig. 13 - Na figura A reproducéase a pintura da Cueva de las Palomas (Tarifa, Cádiz). Ten todo o aspecto de ser unha embarcación construída con xuncos ou papiros (Topper, Uwe e Uta, 1988, 163). Na fig. B, o gravado rupestre dunha embarcación predinástica de Khor é Salam (Nubia). A proa é horizontal e a popa córvase lixeiramente cara abaixo cunha especie de cinta que colga. Ambos aspectos obsérvanse tamén na embarcación A. O mastro da embarcación B leva unha vela triangular (Resch, W.F.E. 1967, fig. 21)



BILIOGRAFÍA

ALMAGRO, B.M. y ALMAGRO, G. 1968: Estudios de arte rupestre nubio (Ministerio ed. Educación Nacional. Dirección General de Bellas Artes, Madrid).

ALONSO ROMERO, F. 1987: Sobre los orígenes de los antiguos puertos del noroeste peninsular (Lucerna, 2ª serie, vol. II Centro de Estudios Humanísticos. Porto, PP. 135 - 163)

ALONSO ROMERO, F. 1993: Los testimonios más antiguos de los medios de navegación entre el Mediterráneo y el Atlántico. Las embarcaciones de juncos en el arte rupestre de la Península Ibérica. (Mediterráneo, 2. Universidade Nova de Lisboa, PP. 265-284).

BARROSO RUIZ, C. 1980: Nuevas pinturas rupestres en Jimena de la Frontera (Cádiz): Abrigo de Laja Alta (Zephirus, vol. XXX-XXXI, PP. 23-42. Universidad de Salamanca).

CASSON, L. 1971: Ships and Seamanship in The Ancient World (Princeton University Press).

DE SÁ BRAVO, H. 1962: El monacato en Galicia. (Librigal, La Coruña).

GARCÍA ALÉN, A. 1979: Gall. Camboa. (El Museo de Pontevedra, vol. XXXII, PP. 233-238).

JENKINS, N. 1980: The Boat Beneath the Pyramid (Thames & Hudson. London).

KELLER-TARNUZZER, K. 1953: Dreiundvierzigstes Jahrbuch der. Schweizerischen Gessellschaft für Úrgeschichte (Verlag Huber & Co. Frauenfeld).

LANDSTROM, B. 1970: Ship of. the Pharaohs (Doubleday and Co. New York).

LÓPEZ GÓMEZ, 1987: Las rutas del monasterio de Santa María de Oia en la feligresía de San Mamed de Pedornes (Boletín Avriense, vol. XVII, PP. 243-273. Museo Arqueológico. Órense.)

MÜLLER-KARPE, H. 1968: Handbuch der Vorgeschichte. Band II. Jungsteinzeit. (C.H. Beck. München).


RESCH, W.F.E. 1967: Die Felsbilder Nubiens (Akademische Druk. V. Verlagsanstalt. Graz. Austria).

RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, B.M. 1993: Toponimia marítimo-costera de la zona de la Guardia, (III Congreso Gallaecia. La Guardia. Actas sin publicar).

ROMANI BARRIENTOS, R. 1990: El medio Geográfico (en. El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra. Diputación Provincial de Pontevedra).

SHEE TOWHIG, E. 1981: The Megalitic Art of. Western Europe (Clarendon Press. Oxford).

TOPPER, UWE y UTA. 1988: Arte rupestre en la provincia de Cádiz (Diputación Provincial de Cádiz).



RITOS, CONTOS, LENDAS E HISTORIA DA ILLA DE ONS <SEPULCRO ANTROPOMORFO "LAXE DO CREGO"> <BURACO DO INFIERNO> <RESTABLECIDA A MONARQUÍA NA ILLA DE ONS>

Por: Celestino Pardellas de Blas

A Illa de Ons forma parte do primeiro Parque Nacional galego dende o ano 2002. Ata o de agora pouco ou nada se fixo por realzar esta magnífica Illa e á súa comunidade veciñal nun dos seus aspectos máis importante, o histórico - antropolóxico - etnográfico.

Agardemos que os encargados de levar para adiante o Parque Nacional das Illas Atlánticas se dean conta de que Ons ten unha importancia natural, ecolóxica e medio ambiental pero, dende logo, nunca comparable ás súas interesantes, excepcionais e valiosas características etnográficas e históricas, ás que se debería dedicar un gran esforzo de recompilación para despois, no futuro e necesario museo etnográfico mariñeiro - rural de Ons, investigadores, visitantes, escolares, rapaces dos Campamentos, . . ., teñan nel un material que faga posible o estudio e coñecemento dunha Illa e dunha comunidade única, xa que, coñecéndoa poderemos respectala, coidala e protexela.

O SEPULCRO ANTROPOMORFO, "LAXE DO CREGO"

Corría o mes de xuño de 2000 cando me contaron que na parroquia de San Salvador de Prado, no municipio de Covelo, facíase unha romaría na ermida da Virxe de A Xestosa. Resulta que ao carón da ermida existe un sarcófago antropomorfo a onde acoden miles de devotos a curar as verrugas, outros problemas dermatolóxicos e ata a pedir desexos para a curación de múltiples e diversas enfermidades, cousa que se consegue grazas á axuda da auga que contén o Sepulcro, á que se lle atribúen propiedades milagrosas.

Cando coñecín este costume, veume á mente o Sarcófago Antropomorfo coñecido co nome de "Laxe do Crego" que se atopa na Illa de Ons nunha rocha ao sur da praia de Area dos Cans.

Estiven a cavilar pois, entre os meus numerosos apuntes sobre esta Illa, coidaba ter algún dato de prácticas similares que se realizaban no Sepulcro de Ons. Pescudei entre eles e atopei uns cantos que son dignos de reseñar e que nos falan da existencia dalgunha práctica curativa en relación con esta sepultura.

Púxenos en orde e esperei ocasión, que agora se presenta, para dalos a coñecer e seguir insistindo na interesantísima cultura etnográfica que esta comunidade illán tivo e que está sen estudar.

A primeira nova recollína no ano 1975. Estabamos en setembro e fora, acompañando á periodista Ana Liste,

a realizar unhas fotos sobre faenas pesqueiras no Croll, barco que patroneado polo veciño da Illa Francisco, dedicábase á pesca con miños.


Ao rematar, xuntámonos cos mariñeiros e algúns veciños, no bar que Francisco rexentaba no barrio de Canexol, no edificio que antes fora antiga escola - reitoral e que, daquela, lle servía de vivenda na parte alta e na baixa de bar e ata de discoteca, só para os veciños, os sábados.

Tiña apuntado entre os meus datos, como curiosidade, o feito gastronómico de que, Rosario, a muller de Francisco, fixera unha fritada de peixe acompañada de patacas cocidas con loureiro ás que, despois de fritir o peixe, botáballes o aceite por riba o que lle daba un sabor único a aquelas fresquísimas martelas, sarguiños, fanecas, ... Aquel día, polo feito de estar nós no convite, coceu tamén unhas nécoras e uns santiaguíños dos que se colleran con anterioridade.

Ana Liste, xa moi metida por aquelas datas en tarefas investigadoras e xa co café e as copas na mesa, axiña enleou ós presentes para que a charla transcorrerá por camiños que tiveran que ver con meigas, mouros, coa

compañía, encantamentos, . . .

Aquela noite, entre outras cousas, saíu o tema do Sarcófago "Laxe do Crego", do que o Sr. Aurelio comentou:



Laxe do Crego

"... dende que o temporal levou a tapa, o oco do defunto énchese de auga salgada e mestúrase coa da choiva. Despois, ao secar, queda un sal que din que é bo para as feridas e para as espullas . . .".

O Sr. Méndez tamén reparou no tema das propiedades curativas da auga estancada no Sepulcro, dicindo:

"... os vellos de antes contaban que, cando viñan os da zona de Ribeira, xa fora polas festas ou a pescar, levaban marullo e golfeiro á Laxe do Crego emesturábano coa auga que estaba alí empozada. Despois ían e lavaban con ela as mans, outros a cara e os brazos e, se era no verán, ata se poñían en calzóns e mollábanse o corpo.

i Algúns levaban un cheiro enriba !!
ii Mi madreeee !!

Non quero nin pensar o cheiro que habería no barco no que marchaban, ii Debería ser bo !!, pois despois de mollarse coa auga mesturada coas algas podres, poñíanse a roupa enriba sen secarse.

Din que o facían os que tiñan algún mal na pel.

Contaban os vellos que o facían ás agachadas para que ninguén os mirara, seica dáballes vergonza, pero, como dicía meu avó, iiCollíanse polo cheiro!!, disque era completo".


Delmiro, mariñeiro moi dado a contar historias coa súa peculiar voz, da que dicían que era estereofónica, tamén entrou no tema:

"... os da Illa tamén ían alí a coller o sal, pero non para usar na cociña nin para curar nada, senón para realizar <cousas desas> que lle mandan <esas mulleres> (referíndose ás meigas).

Cando foi da señora Ramona, o defunto de Fentos tivo que coller area da praia onde pisara ela, bochos no mar, estrugas de onde estivera a pastar a vaca e sal da Laxe.

Tivo que levarlle todo iso a unha <muller> de Cangas e alí fixo ela o que tiña que facer e a vaca sandou.

O que si, foi que lle mandou levar nun saco todo o sal que tivera a Laxe do Crego, pois díxolle que a necesitaba para outras curacións, que era unha sal especial e que a quería ter na casa.



Laxe do Crego, cargada de sal e auga

Aínda recordo ao defuntiño o medo que pasou, pois cando foi, era inverno, o cadaleito tiña moita auga sucia e nada de sal, co que non podía cumprir o mandado. Tivo que ir de novo a Cangas a explicarlle o conto á muller, que o tranquilizou dicíndolle que illa levará cando a houbera. Non sei se o cumpriu".

Algúns dos alí presentes tamén coñecían ou escoitaban falar desas prácticas inda que recalcaban, que eran realizadas sempre por xentes de fora da Illa. Parecía como se o tema da Laxe do Crego o levaran coma un tabú do que non querían falar, pero á vez todos, dalgún xeito, realizaran algún tipo de práctica ou coñecían alguén da Illa ou mesmo da súa familia que si o fixera.

Noutro dato recollido no ano 1977, unha veciña de Ons contaba que a súa nai lle dixerá:

"... cando foi da <Peste> na Illa, moitos acudían a rezar á "Laxe do Crego" e mollábanse o corpo coa auga que quedaba dentro da Laxe despois das marusías. Tamén se refregaban as feridas co sal cando secaba a auga que había dentro".

Outro relato recollido no ano 1981, no que un veciño contoume que:

"A Sra. María curaba as "avenidas" (grans nos ollos producidos por malos aires). Mandaba traer un allo, nove grans de trigo e sal collida na Laxe do Crego. Despois desfaciáo todo, mesturábao con aceite e botábao no ollo dicindo:

<Santa Lucía tres ollos tenía
uns bordaban e outros cosían
outros tiraban as avenidas
dos ollos de quen as tenían.>

A "Laxe do Crego" agocha moitas e interesantes historias, contos, lendas, . . ., sendo as máis relevantes as relacionadas coa estadía que, polos séculos XIV – XV, levaron a cabo monxes benedictinos como ermitáns e dedicados á recolección. Sen esquecerse das lendas referidas as numerosas invasións que esta Illa sufriu e onde o mosteiro e a Laxe estaban sempre presentes.

Nestas pequenas letras están só reflectidos os datos recollidos en relación con prácticas curativas.

PANADERIA  CAFETERIA

PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

¡PÍDANOS PRESUPUESTO!


Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio

ILLA DE ONS: O BURACO DO INFERNO

Era unha tarde dunha chuviosa Semana Santa de mediados dos 70 do pasado século. A Illa estaba poboada en máis dun 80% e aínda non chegaran os medios de comunicación ás casas illáns, cando tiveron o primeiro contacto coas historias do Buraco do Inferno.

Buraco do Inferno, Illa de Ons



Aquel día ía camiño a Canexol cando me atopei ao Sr. José que viña de andar aos polbos e se dirixía á casa para comer algo. Acompañeino, xa que logo tiña que ir ao monte para recoller broza e unha pesada laxe que serviría de base para a entrada do cortello, e pedírame axuda.

O Alto da Vixía, a onde fomos, está ao carón do Buraco do Inferno. Cando rematamos o labor de subir a pesada rocha ao carro de man e, mentres cortaban a broza, dixeron de achegarme ao Buraco, xa que, daquela, o de ir ata o Buraco non era doado por mor dos carreiros existentes e, aínda, non era un lugar de marcado interese turístico e visita obrigada coma hoxe.

Tan pronto como insinuei a miña intención de achegarme ata el, a muller de José, que estaba a amorear o toxo no carro, dixo:

- ii Mi madre !! iTi estás tolo !, vaite a levar o vento.

Eu mirei para ela co sorriso nos beizos coidando que o dicía por meterse comigo, pero cando mirou de novo que as miñas intencións eran as de ir, replicou:

- i Nin se che ocorra ! Aínda se escoita o "aire" do último que levou.

Mirei a cara de asustada que tiña e que reflectía o desexo incuestionable de non querer que me achegara. Ante a insistencia e, se cabe, un pouco amolado, desistín da miña teima, axudeilles a cargar a broza e marchamos.

Xa de volta e cando sobre a mesa estaba posta a típica merenda illán, a base de ovos mesturados con pan de millo acabados de saír do forno da casa, intereseime polo motivo daquel medo a que me acercara ao Buraco.

Con bastante respecto e con cara moi seria, a Sra. María, dixo:

- Noutros tempos os corvos (chámanlle "corvos" aos aaras e "corvos mariños" aos cormoráns), **avisaban; poñíanse: < a berrar coma curas a predicar > e sabiamos que non podiamos achegarnos, xa que o "sonido" podíate levar.**

Unha copla dicía:

Dende o Baixial

xa te estou a escoitar

pero por moito que berres

a min non me vas levar.

Estrañoume que nas explicacións que daba a Sra. María, non empregara a típica frase illán de : " *Son cousas que contaban os vellos* ". Utilizábana coma xeito de defensa ante a posible mofa da persoa que os estivera a escoitar. A súa voz entrecortada, indicaba un temor unido a un convencemento pleno do que estaba a contar:

- Os "sonidos" son perigosos. Antes, ás proximidades do Buraco, levábase a pastar o gando. Cos animais non había perigo, eles mesmos afastábanse ao oír os "berros" pero, ás persoas, os "sonidos", atraíanos cara a el co perigo de caer.

Se mandaban aos nenos co gando, metíanlle nos petos algún amuleto para evitar que o "vento" ou os "sonidos" os fixeran achegarse ao Buraco e caer nel.



Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

- Cando a miña nai me mandaba ao monte coas vacas, metíame allos, ou o saquiño das herbas do San Xoán, ou follas de loureiro suxeitas con prendedores, . . ., e ata bochos (boliñas de algas que collían á noiteña coas nove ondas), **con iso dicían que estabamos a salvo.**

O Buraco do Inferno é un lugar sacro e respectado polos illáns; as historias, contos e lendas que ten, son moitas e moi variadas, pero é difícil que os illáns falen delas, e se o fan, nunca será coa mesma soltura como falan sobre outros temas (bruxería, mal de ollo, encantamentos, . . .).

En Ons había tres temas ou lugares tabú: O Buraco do Inferno, a Laxe do Crego e a Praia de Melide (praia á que arriba a Compañía cando dende terra decide vir á Illa de Ons).

O Buraco agocha moitas historias e nel, polo xeral ás agachadas, facíanse algúns ritos.

O Sr. Marcial contoume un dos poucos cerimoniais no que a participación é maioritaria, en especial, os familiares máis directos da persoa á que lle acontecera a desgraza:

- Contaba a miña avoa que escoitara falar aos vellos de antes, que na parte de fóra da Illa había moito percebe, tantos coma hoxe mexillóns, pero valían pouco. En épocas que valían máis, ían todos a eles e collían capachos enteiros, tanto pequenos coma grandes, pero cando os ían a vender non pagaban nada por eles.

Os mellores percebeos collíannos cerca do Buraco, pero era moi perigoso.

Cando ían alí, era por algún encargo e ían aínda que houbera mar. Arriscábanse moito; demasiado.

A moitos os ten levado o mar e salvarse, a outros os collían mortos, pero, había veces que o mar levaba a un home e non aparecía.


Se tardaba días en aparecer e xa viñeran os da mariña a buscalo, esperaban a que o corpo aboiara aos nove días. Se non aparecía, coidaban que o tiña atrapado " o Demo ", entón facían a "Procesión das antorchas".

O que facían era: Ás 12 da noite, saían os veciños en procesión con cadanseu facho prendido, dende o cemiterio ata o Buraco (sen santos) . Diante da comitiva ía o cura, se estaba na Illa, senón unha señora "desas" (que consideraban meiga) .

Ían pola beira dos acantilados ata o Buraco. Ao chegar alí arroteábanse e o cura dicía unhas palabras, ao rematar tirábanse os fachos, prendidos, ao fondo do Buraco co fin de que o demo soltara o cadáver.

Dicía a miña avoa que sempre que se fixo, ós poucos días aparecía.

O mítico Buraco do Inferno da Illa de Ons acocha grandes incógnitas, enigmas e misterios que están sen dirimir e que provocaron nos illáns un forte respecto arrodeado dun halo de receo, medo e ata, en casos, unha sólida e intensa devoción e fervor.



RESTABLECIDA A MONARQUÍA NA ILLA DE ONS

Este pequeno artigo vai dedicado a un bo amigo que no mes de setembro pasado (2006) deixounos de súpeto, case sen avisar, despois de sufrir unha dura enfermidade.

Tiven a sorte de compartir con el grandes momentos na nosa querida Pontevedra, onde nacimos e nos criamos, máis tarde polas terras de Noalla e, por suposto, na Illa de Ons.

Persoa seria, comedida e tremendamente xuízosa e reflexiva pero, á vez, ocorrente, agudo, divertido,...., e moi habilidoso coa pluma.

Recordo aquel 27 de novembro de 1987 cando eu publicaba no Diario de Pontevedra aquel simpático e divertido artigo no que declaraba á Illa de Ons República Independente, co seu goberno formado por coñecidos veciños da Illa que á súa vez deciden formar dous concellos, un ao norte e outro ao sur, e que ían a ser gobernados tamén por coñecidos turistas, entre os que nos atopabamos, que íamos á Illa tódolos anos.

Ao día seguinte da súa publicación, recibín unha misteriosa carta dunha, non menos misteriosa axencia de noticias MAP, na que, a República é derrocada e á Illa de Ons volve á Monarquía.

Non podía ser outro que o meu querido amigo Domingo que non podía deixar pasar a ocasión de contestar ante tanto desaguisado "político" illan. Vai por ti, amigo.

CUCORNO.- Segundo fontes xeralmente ben informadas pola axencia de noticias MAP (Morrazo Agency Press) no importante porto de Bueu, a situación política na acabada de crear República Independente da Illa de Ons é tensa e confusa, debido á resistencia que elementos adictos ao antigo réxime opoñen aos representantes do Goberno Provisional Republicano recentemente implantado.

Ao parecer, un núcleo de rebeldes, encabezado por algúns dos candidatos derrotados nas pasadas eleccións, botáronse ao monte na veciña illa de Onza, cuxos habitantes sentíronse postergados nos pasados comicios ao non conseguir o seu ansiado estatuto de autonomía, e prestan o seu apoio decidido aos sediciosos. Estes levan a cabo un eficaz bloqueo económico dende fai uns días, impedindo o ataque do ferry Villa de Meira, tradicional abastecedor da Illa.

Parece ser que fai moi pouco tivo lugar unha importante batalla fronte á Illa, no lugar denominado El Cairo, na

que a poderosa armada de dornas de guerra do Goberno illan, ao mando do Almirante Von Candinho, foi derrotada pola flota de iates, baixo o mando do Almirante Tom Elías Sawyer. A armada republicana contaba co apoio de algúns buques de gran porte, como o portanasas Novo Sardana e os necorazados Somos 18, Escualo, Chapuxa, etc.. Pero a armada corsaria era máis numerosa e contaba co apoio de varias planadoras tabaqueiras de Cambados e do Grove.

Despois de tan tremenda batalla, o FRELIO (Frente de Liberación de Ons) decidiu tomar a iniciativa na guerra e dispuxo que os seus comandos especiais de infantaría desembarcaran na enseada de Fedorentos, ao mando do Comandante Flores e do cura guerrilleiro Domingues. Non lles resultou difícil o desembarco, nin tampouco encerrar aos integristas que naquel intre ocupaban o Campamento do sur, os cales, ao grito de "Jehova es Grande" e "Queremos máis teléfonos, libres y gratuítos" uníronse aos rebeldes, engadindo ao armamento daqueles o seu equipo de megafonía.

Segundo as mesmas fontes, os sediciosos infiltraron varios comandos na capital, Curro, que propalan rumores desmoralizadores entre a poboación, tales como que o


contraalmirante Naranjito unírase aos rebeldes e ameazaba con confiscar os cans e nasas da Illa, ou que algúns potentados, hoxe no goberno, están colocando elevadas sumas de cartos en bancos do continente.

Estes comandos reciben, ao parecer, apoio dunha parte da poboación que se viu esquecida á hora do reparto de poderes da nova República, como por exemplo o coñecido Cesáreo Amanita ou o industrial Arturo O'kesobraba, e por riba de todos eles o deposto Príncipe Chucho que manexa dende a sombra os fíos da conxura.

Como ven vostedes, o asunto non esta nada claro, e mentres tanto as dúas superpotencias da ría, Bueu e Portonovo, mantéñense ao marxe do conflito, e decretaron un embargo de "encarnada" para as nasas e de todo tipo de bebidas alcohólicas para ambas partes belixerantes. Seguiremos informando.

(Resumo de Axencias e do Servicio Meteorológico Nacional)

Illote de O Cairo. Zona de Canexol



CANEXOL.- RESTAURADA A MONARQUÍA NA ILLA DE ONS

Segundo unha emisión de radio procedente de Portonovo, as forzas rebeldes que desembarcaran en Ons fai tan só uns días, entraron na capital, Curro, facéndose co control do importante peirao de pasaxe. Tomaron tamén o vídeo de Tv de Arturo, unhas copas e a emisora Radio Garulo, desde a que non cesan de emitir consignas e mensaxes buscado poñerse en contacto con un tal "Camba".

As forzas leais retiráronse cara ao norte queimando todo o monte baixo que atopan ao seu paso, e ofrecendo tenaz resistencia na zona de Melide, onde os rebeldes que se aproximan son constantemente acosados por elementos illados que, xurdindo de improviso detrás de calquera arbusto, lles mostran as súas partes pudendas e foxen.

Segundo a emisora rebelde Radio CUBATA, as súas tropas deixarán pronto a zona libre de francoenseñadores.

Por outra parte, a maioría dos dirixentes do extinto goberno republicano asiláronse na embaixada do MOPU, nas proximidades do faro. Seguiremos informando. 1987.

A PRIMEIRA ARMADA DO REINO DE GALICIA

Por: José Mosquera

Os fenicios son os primeiros en establecer as grandes rutas da navegación comercial. Pola costa atlántica realizan o comercio selectivo do ouro e a prata pero o importante, segundo as crónicas, facíano co estaño procedente das Cassitérides, dez pequenas illas imaxinarias coas que trataban de ocultar aos posibles competidores a situación real dos xacementos deste mineral. Hoxe en día a arqueoloxía mostra como ao longo da costa occidental da península e nórdica de Europa, existen numerosas minas de estaño que foron explotadas polos fenicios e é nelas onde debe estar a orixe deste comercio. Roma, en plena expansión imperialista, decide controlar este tráfico navieiro, particularmente o do ouro, apoderándose dos seus xacementos. Fai desaparecer á fenicia Cartago e con elo as naves de comercio romanas poden cruzar con seguridade o estreito, alcanzando os portos galegas cando a aguija de Julio Cesar posa as garras sobre Brigantium, emporio do tráfico marítimo dos pobos do norte.

Co descender do tempo, entran na península os bárbaros, con pouca ou nula historia naval e despois os árabes. En Galicia, o primeiro árabe que entra é un fillo de Mucia no 716. Cando os árabes entraron na península, os reinos cristiáns estaban en período de formación e consolidación das súas fronteiras. Unha vez perdido o empuxe inicial dos invasores, chegaron ambos contendentes a establecer de maneira xeral unha relación do “eu axúdote se ti axúdasme”. Así vemos como Vermudo II, é proclamado rei de León polos condes galegos pero ao ser rexeitado polos nobres leoneses solicita a axuda de Almanzor a cambio dun forte tributo. Vermudo arrepiéntese e rompe con Almanzor e este, tamén co visto e prace dalgúns condes galegos, realiza razzias sobre Coimbra, León, Zamora, Iria Flavia,... e de Compostela se leva as campás a Córdoba.

Entre os numerosos árabes con quenenza ás costas galegas, estaba Alí-ben-Memón, que durante anos estableceu un


bloqueo naval ao litoral (basando) facendo base as súas naves nas illas de entrada ás rías. En Ons temos a lenda da existencia dun pasadizo que atravesa a Illa, con entrada polo Burato do Inferno si se fai dende arriba ou ben pola Cova do Inferno se é dende o mar. Os mouros fixérono para despistar ao inimigo e esconder os botíns das numerosas presas que facían por estas augas. Contemplando desde o interior o Buraco arrepiá pola maxestividade das negras e húmidas paredes do seu natural.

Os que alí estiveron non atoparon, que se saiba, porta de acceso ao pasadizo e tampouco tesouro algún, pero non quere dicir que non existan, porque “habelos hainos”. Se se habilitase un elevador que permitise o acceso ao interior aumentaría o interese turístico do lugar. É impresionante contemplar como se achegan as ondas e oír o ruído que producen ao abrirse paso pola estreita brecha do cantil ata morrer aos pés do observador. De verdade que paga a pena.

Galicia non só se enfrenta aos ataques dos árabes, tamén debe facelo contra os realizados polos pobos do norte, xenericamente chamados “normandos” e “viquingos”. Son expertos navegantes que traen naves a tingladillo e con formas parecidas ás galeras monorrems romanas. A invasión árabe e normanda da pé á imaxinación para tecer unha infinidade de lendas sen distinción da procedencia dos personaxes.

Sempre serán de “mouros” ou ben de “mouras”.

Os árabes portugueses tamén sofren o azote normando xa que despois de atacar os portos galegos, cóstean ao sur. Incluso atravesan o Mediterráneo chegando a Constantinopla. A mediados do século IX unha forte expedición, despois de desvastar a Bretaña francesa, desembarca preto de Gijón pero o rei Ramiro I de Asturias e tamén rei de Galicia por elección dalgúns condes galegos, devólveos ao mar. Intentan un novo desembarco preto da Torre de Hércules pero novamente son rexeitados por Ramiro I. Baixan pola costa e a emprenden coa Lisboa musulmá que non logran conquistar pero en Cádiz e Sevilla conseguen gran botín.



Buraco do Inferno. Entrada polo mar.

Curiosamente, un danés recibiu o sobrenome de “Gallego”: Galizu-Ulf. O mesmo honor correspondeulle ao primeiro xeneral romano que chegou ata o alto do monte Santa Tegra: Decio Juno Bruto, alias o “Galaico”.

As Rías Baixas, pola súa amplitude e o resguardo que ofrecen as súas ribeiras, producen mar e vento manexables para galeras e drakkars normandos, posto que ao ter estas naves unha relación grande entre eslora e manga, unido á grande forza que subministran os remos, permiten facer ataques e retiradas moi velozes. Durante anos, a ría de Arousa é sen dúbida a máis castigada das Rías Baixas porque enlazando co Ulla permite alongar a navegación ata a importante sede episcopal de Iria Flavia, mimada polos sagrados ríos Sar e Ulla e por privilexios rexios. En tempo do bispo D. Diego Xelmírez, fillo do lugar e curtido polos ventos mareiros, decide rematar dunha vez por todas con aqueles ataques á

zona da súa potestade, mediante dúas importantes actuacións; a primeira é defensiva, fortificando tanto o litoral como o interior, a segunda é eminentemente ofensiva ao establecer un acordo cos habitantes de Iria para construír un estaleiro e facer naves coas que enfrontarse aos atacantes no propio mar e non darlles opción ao

desembarco. Así consta que no ano 1111, “...como de costume...” saíron naves de Padrón para axudar a recuperar o castelo de San Paio de Leito, obtendo os mariños galegos sinalado triunfo sobre os piratas ingleses aos que fixeran bastantes cativos e tomaron abundante botín.

A vea militar de Xelmírez non lle permite durmirse sobre os loureiros e planea a construción de naves especialmente destinadas á guerra para que os irienses sexan os seus donos e tripulantes. Trae a Padrón, procedentes de Génova e Pisa, a mestres na construción de galeras e no seu manexo no combate naval. En 1115, rematan dúas galeras, de 27 metros de eslora por 6 de manga, con 12 remos por banda e tres homes por remo. Xelmírez órdea que se fagan á mar con xente armada, ao mando do xenovés Augiero, o seu

construtor. Son uns douscentos homes por galera co ánimo disposto a castigar as bases árabes que son o refuxio da piratería. Beamos o que nos relata ao respecto a Historia Compostelá da época de Xelmírez:

“--- incendiaron as súas moradas e mieses, abateron as árbores e viñedos, sen que perdoase a súa espada a homes nin a nenos; non se cansaban de queimar e destruír as súas mesquitas profanándoas á súa maneira. Apresan e destrúen, queiman as naves de transporte e as dos piratas avezados a cativar cristiáns e, por último, saciados os aceiros e recollido nas naves o ouro e a prata do rico botín, tornan aos seus fogares entoando himnos de ledicia en honra de Deus e do Apóstolo Santiago”.

Así de terribles eran aqueles tempos. O que é seguro é que o desquite polos agravios recibidos e o botín obtido na saída de castigo aliviaría a vida dos padroneses posto que

incluso devolveron ao bispo o importe das naves e entregáronlle a cuarta parte do capturado. Pero o esquecemento ven do brazo coa desidia e abandonadas as naves acabarán por esnaquizarse. Novamente ten que intervir Xelmírez construíndo unha terceira galera, maior que as anteriores. Gobernaraa o pisano Fuxón, un verdadeiro furón, pero mariño; sae

unha e outra vez á mar conseguindo abundantes botíns dos que a quinta parte se deben entregar á igrexa de Santiago. Á vista deste cambio de panorama os viquingos van calmándose e deciden establecer boas relacións coa curia compostelá e os levantadizos señores feudais. Os sarracenos, que van sendo pouco a pouco empuxados polos cristiáns cara ao sur, diminúen as incursións a Galicia, ata que desaparecen das nosas augas. Coa morte de Xelmírez, finaliza unha das etapas nas que Galicia reacciona ante os inimigos procedentes da mar poñendo coraxe e medios propios. A Xelmírez cóubolle a gloria de establecer á sombra das Torres do Oeste unha base naval con María militar propia. Esta armada de Xelmírez será a primeira das dúas Armadas de Galicia.



Torres do Oeste. Catoira

BREVE ESTUDO DO PARTIDO GALEGUISTA E DOS GRUPOS GALEGUISTAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (1931-1936)

Por: Carlos A. Antuña Souto

INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento dos movementos nacionais periféricos ten, no discurso de Miroslav Hroch, tres fases delimitadas. Na primeira, cultural, literaria e folclórica, a elite nacionalista adícase a mellorar o coñecemento histórico e a realidade cultural da futura nacionalidade, sen existir aínda un sentimento de nación. Como afirma E. Hobsbawm na súa obra *Nacións e nacionalismo desde 1780, esta fase "no tenía ninguna implicación política, o ni siquiera nacional"*. Os movementos galeguistas do século XIX e principios do XX -provincialismo, rexionalismo, federalismo- foron os que abriron as portas ao recoñecemento da realidade histórica e cultural galega. Seguindo as fases de Hroch, encaixan na primeira. Un longo proceso que se estendeu no tempo, que serviu de base ao que ocorrería en Galicia a partir de 1916 e que coincidiu cun marco político liberal.

Atendendo a esta exposición, parece lóxico que os movementos antes citados non chegaran a concretar unha definición clara de Galicia como ente nacional. A "recuperación" da diferenza foi a base substancial da súa actividade. Non existía aínda un "recoñecemento" da nación Galicia. Serán outros os que, aceptando e reafirmando os postulados dos anteriores, maduraron a idea nacional. Vai aparecendo no seu discurso a consciencia e a interpretación de Galicia como nación. Intentarán trasladar este sentimento e a consciencia nacional ao pobo galego.

As *Irmandades da Fala* e a Asamblea Nacionalista de Lugo de 1918 marcaron a pauta do nacionalismo galego e da entrada do movemento nunha segunda fase ou fase B. Para Hroch, nesta, os activistas patrióticos, desde a súa posición, na meirande parte dos casos, de elite ou minoría dirixente, tratan de facer xurdir a "conciencia nacional". Comezan as campañas políticas en favor desta idea. A aparición do *Partido Galeguista (PG)* e os primeiros anos de actividade supuxeron o punto álxido desta fase. Había que imprimir nas consciencias galegas o ideal de Galicia como nacionalidade. As súas diferencias con outras nacionalidades españolas sustentábanse en caracteres históricos, étnicos, culturais e de lingua. Politicamente, a autonomía era a concreción da singularidade galega no concerto de nacións peninsulares.

O paso da fase B á fase C implica que o nacionalismo deixa de ser maiormente un movemento de elites para se transformar nun movemento de masas. Esta transición representa o momento crucial de todo movemento nacionalista. A homoxeneidade da

que gozaba podíase ver afectada con rupturas varias. Esta dinámica tamén afectou ao *PG*. Así ocorreu coa aparición da *Dereita Galeguista* como consecuencia da colaboración con outras forzas acordada na IV Asemblea e de se implicar decididamente na loita política. A guerra civil frustrou o futuro do movemento nacionalista galego da primeira metade do século XX, impedindo o estudo, neste aspecto, do que pasaría unha vez aprobado o Estatuto de


autonomía. ¿Ata onde chegaría o proxecto de *Dereita Galeguista*? ¿Produciríanse máis escisións? ¿Ata cando seguirían no partido aquelas forzas minoritarias que estaban próximas ao separatismo se a autonomía non satisfacía plenamente, e nun tempo máis ou menos breve, as necesidades, ao seu entender, imprescindibles do pobo galego? ¿Cal sería a actitude do propio *PG* no seu conxunto chegado o momento dun posible goberno galego no que estivesen os nacionalistas? ¿En que tempo o *PG* proporía a necesidade de aumentar as competencias autonómicas, sabendo que, malia votar favorablemente o Estatuto, este non satisfacía o seu programa?

A guerra civil impediu unha maior concreción nos presupostos teóricos e prácticos do nacionalismo galego e, en particular, do propio *PG*, representante xenuíno de gran parte das teses nacionalistas galegas. O proceso lóxico de maduración que o partido seguía non se chegou completar. Certamente, este proceso, aínda non concluído, afectaba a todo o nacionalismo galego. Un nacionalismo que nacera cun

certo retraso con respecto ao catalán e, aínda, ao vasco, e non estaba tan definido e estruturado interiormente coma eles. Ademais, a guerra civil tamén imposibilitou unha maior permeabilización de determinados principios de corte nacionalista noutras agrupacións políticas con representación en Galicia.

NACEMENTO DO PARTIDO GALEGUISTA

O ano 1916 foi decisivo na evolución ideolóxica do galeguismo. A aparición do traballo *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* de Antón Villar Ponte e a creación da *Irmandade da Fala* de A Coruña, co seu órgano periodístico oficial *A Nosa Terra* -saído o 14 de novembro- deron unha volta ao panorama "rexionalista" galego e sentaron as bases da concepción nacional de Galicia. Concepción que quedou concretada na Asamblea Nacionalista de Lugo celebrada os días 17 e 18 de novembro de 1918 na que se reuniron todos os persoeiros importantes das diversas *Irmandades da Fala* existentes en Galicia.



Nesta Asemblea apostouse decididamente por considerar a Galicia unha nación. Tiña todas as características esenciais para así a estimar. Galicia era realmente unha nación e, como tal, debía disfrutar dunha soberanía completa, sen atrancos. O dereito que asistía a Galicia conformaríase na correspondente autonomía, cos seus propios órganos de Poder; na autonomía municipal; na cooficialidade dos idiomas galego e castelán; na substantividade do Dereito foral galego... En suma, a autonomía integral da “Nazón Galega” serviría para solucionar os problemas particulares que interesaban de xeito extraordinario á vida do pobo galego

Os anos 1930 e 1931 foron decisivos na concreción do nacionalismo galego. A aparición de grupos definidos en Vigo - *Grupo Autonomista Galego*-, Pontevedra -*Grupo Nazonalista Galego, Labor Galeguista, Partido Galeguista de Pontevedra*-, Ourense -*Partido Nazonalista Republicano*-, Santiago -*Esquerda Galeguista*-, etc, xunto coa *Federación Republicana Gallega*, na que estaba incluída a *ORGA* de Casares Quiroga, deron ao panorama político galego un contido substancial de “recuperación” galeguista.

Os días 5 e 6 de decembro de 1931 celebrouse en Pontevedra unha magna Asemblea nacionalista, continuadora das celebradas polas *Irmandades*, e na que quedou constituído o *Partido Galeguista (PG)* como forza unificadora de todos os grupos que andaban a loitar polo recoñecemento dos dereitos de Galicia e da súa autonomía. A nova agrupación viña satisfacer as ansias daqueles que vían na concreción dun partido nacionalista galego o órgano axeitado, na acción e na doutrina, para sintetizar as aspiracións do pobo galego.

Nesta Asemblea constituínte participaron as seguintes agrupacións galeguistas da provincia de Pontevedra: *Partido Galeguista de Pontevedra, Labor Galeguista de Pontevedra, Grupo Nazonalista Galego de Pontevedra, Grupo Autonomista Galego de Vigo, Grupo Autonomista de Arbo, Grupo Galeguista de Tomiño, Comité Nazonalista Republicano de Catoira, Irmandade Galeguista de Vilagarcía, Xuntanza Nacionalista da Estrada, Grupo Autonomista Republicano do Grove, Grupo Autonomista Republicano das Neves e Grupo Autonomista Galego da Cañiza*.

O reixeitamento do Estado-nación centralizado e autoritario de corte liberal que a Revolución francesa propiciara e que servira de prototipo a outras experiencias europeas, incluída a española, foi unha constante do movemento nacionalista galego. A imposición dunha cultura pública unificada por parte dese Estado centralizado e a institucionalización da nación española como estado chocaba frontalmente cos principios condutores do nacionalismo galego. Galicia era en si mesma unha nación. A comunidade galega, coa

súa especificidade concreta, existía desde sempre. O feito diferencial galego manifestábase nunha totalidade cultural, con idioma, con territorio, con raza, con historia, con relixión singulares. Daquela, un sistema republicano que non recoñecese as variedades nacionais da xeografía peninsular, non resolvería satisfactoriamente as necesidades políticas, culturais e sociais da propia realidade española. A República precisaba ser federal. Non se podía impoñer un único idioma, unha exclusiva cultura, unha uniformidade política para todo o territorio; a diversidade requería un recoñecemento oficial. España, estado plurinacional, só sería posible aceptando as culturas existentes no seu seo e permitindo a súa consideración política.

A postura das principais figuras do nacionalismo galego como Valentín Paz-Andrade, Alfonso D. Castelao, Alexandre Bóveda, ía, paseniamente, conformando unhas bases estruturadas sobre as que asentar a futura actuación do partido nacionalista a construír. Ao ser España, xa que logo, unha entidade rica pola complexidade da súa historia e pola variedade nacional, precisaba asentar o seu porvir no recoñecemento da diversidade, esquecendo toda preocupación uniformista e estimulando a conveniente diferenciación cultural e as corporacións tradicionais. Política e administrativamente interesaba o recoñecemento, recuperación e conservación dese “*hacer propio de cada agrupación étnica*”¹, porque nesta actitude radicaba a esperanza de vitalidade da “cultura española”.

Daquela, o nacionalismo debía desenvolver a súa actividade nos ámbitos cultural, político e económico-social. Resulta certo, como xa se vén resaltando, que o plano cultural foi determinante na fixación da identidade de Galicia e no labor de recuperación dos factores da mesma e na concienciación do pobo galego. Se Galicia dispoñía dun idioma propio, dunha historia singular e dunha tradición lendaria; se posuía un territorio xeograficamente delimitado; se o pobo galego era animado por un “espírito” ancestral do que todos os seus compoñentes eran partícipes, unha *Volksgeist* diferente do resto dos pobos de España; se, en suma, Galicia disfrutaba dunha cultura de seu, facíase imprescindible que a comunidade galega dispuxera de independencia cultural para desenvolver as súas particularidades. O pobo galego non se podía manifestar ao través de elementos culturais alleos; a súa enerxía sustentábase sobre o propio. O estado centralizado e asimilador impedira o crecemento normal dos elementos propios da cultura galega.

¹ALFAYA, C., “El alma de las regiones” en *El Tea* (Pontearreas), 23-9-1931.

Antón Losada Diéguez



AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

Estas circunstancias persuadiron ao nacionalismo galego da necesidade de autogoberno para Galicia. A defensa, o amparo e desenvolvemento do propio, só se podía facer desde entidades propias. A autonomía política sería o factor decisivo para sacar adiante os intereses de Galicia e do pobo galego. De aí que, ao quedar constituído un partido aglutinador do pensamento nacionalista, fose a reivindicación autonómica a peza clave do seu proceder. A dilación na conquista do autogoberno e a posibilidade de cambio na estratexia provocaron -como xa se apuntou na Introducción- a ruptura dentro do partido. Moitos pensaban que sen un decidido traballo político e de cooperación con forzas de esquerda e autonomistas, non sería posible a autonomía para Galicia; co que a restauración, defensa e desenvolvemento da cultura e especificidades galegas se converterían nunha ilusión.

Desde esta expectativa, o nacionalismo galego consideraba vital a súa misión e o seu traballo para que Galicia, como entidade natural diferente, non “desaparecese”. O nacionalismo galego acusaba ao centralismo, “*sorbedor de las energías regionales*”² e promotor do uniformismo, dos males de Galicia, do esquecemento das tradicións e do carácter galegos, da deslealdade co idioma... Imponíase romper co estado de cousas existente, e aí o nacionalismo achaba a súa expresión, porque “*se inspira na entrana mesma da Terra e da Raza e nos problemas de onte, d’hoxe, de mañán e de sempre*”³. Os nacionalistas considerábanse, como elite dirixente, a forza orientadora de Galicia e do pobo galego na “reafirmación” da súa personalidade, sempre vixiante doutras agrupacións políticas en ben da terra galega. Galicia, ao ser, segundo o discurso nacionalista, unha realidade “viva” con idioma propio, necesitaba resolver por si mesma os seus problemas particulares⁴.

GALEGUISMO E NACIONALISMO

Aínda que ás veces se fala indistintamente de nacionalismo e de galeguismo, faise imprescindible analizar este último concepto, porque ten un significado máis amplo có de nacionalismo e supón un círculo superior no que está englobado o propio concepto de nacionalismo, que naceu das teorías que definían a Galicia como unha nación.

O galeguismo foi o pensamento e o sentimento que caracterizou ao nacionalismo galego. Fundamentábase no ideal de galeguizar ou, mellor dito, regaleguizar os diversos elementos e facetas da vida de Galicia. Este pensamento impregnou todas e cada unha das sensibilidades nacionalistas. A defensa da identidade galega -lingua, costumes, economía, etc.- constituíu o marco dos seus obxectivos. Pouco a pouquiño, o galeguismo foi estruturando un determinado *corpus* doutrinal.

Ao principio, o galeguismo presentou a “recuperación” -restitución- de Galicia desde un ámbito eminentemente cultural. *As Irmandades da Fala* naceron co ideal de xeraren unha cultura

en galego. O idioma foi, pois, o valor esencial dentro da dinámica regaleguizadora propia. Desde esta posición, pódese afirmar que as *Irmandades* conformaron o xerme básico do nacionalismo galego. Resulta certo que aínda a súa estrutura teórica non estaba totalmente concretada⁵, pero dérase xa o primeiro paso no camiño a seguir.

Con posterioridade, atendendo a unha evolución lóxica dentro do movemento galeguista, a unha maior concreción nos seus postulados e á necesidade de dar saída política aos obxectivos propostos, o galeguismo sentiu a obriga de organizar un partido político de corte republicano e galeguista. Un partido capaz de recoller no seu seo todos os “*latidos del alma gallega*”⁶. Tratou de ser o galeguismo, xa que logo, un movemento político-cultural, cunha concepción de pensamento e política máis axustada ás realidades de Galicia.

Aínda que a meirande parte dos galeguistas se incorporaron á disciplina dese partido englobador de sensibilidades, do galeguismo derivaron outros movementos nacionalistas. Realmente, todos os movementos de corte nacionalista aparecidos en Galicia recibiron o seu zume do corpo de doutrina do galeguismo. Non obstante, foi o *PG* quen acadaría a máxima representación nese eido.

Aceptando o galeguismo como un movemento de reforma cultural, política e social, no seu interior apareceron determinadas sensibilidades. Se ben foi un movemento conservador en canto que intentou preservar os elementos tradicionais da especificidade galega, non é menos certo que moitos dos seus postulados de liberación da terra para os labregos, de determinar un novo sistema financeiro e fiscal para Galicia, de autogoberno... constituían unha forma progresista de reivindicación.

Hai que ter en conta, tamén, que o problema do restablecemento da lingua propia supoñía, para o movemento, unha chamada á liberdade de Galicia. Os galeguistas vían no idioma un medio de comunicación, de innovación e de expresión da propia cultura que abrangía a todas as actividades. Pero, ponderaban, así mesmo, a lingua como un instrumento de dominio. Pola lingua, Castela dominara a Galicia⁷. A recuperación do idioma galego constituía un sinónimo de liberación.

Foi, pois, o galeguismo un pensamento-sentimento que paseniñamente deu soporte a unha ideoloxía e se estruturou en doutrina; ideoloxía e doutrina que serviron de fundamento ao nacionalismo galego e permitiron a creación dun partido nacionalista, o *PG*.

O galeguismo, ademais, atribuíuse unha misión moralizante e moralizadora da sociedade, lonxe de todo caciquismo e corruptelas que arrasaban os ámbitos sociais, económicos e políticos da época. Desde este posicionamento, tratou de exercer a súa influencia nas diversas áreas da vida galega cunha dobre

⁵Véxase “Os xantares de Faro de Vigo” entrevista de Xesús FRANCO a V. PAZ-ANDRADE, en Faro de Vigo, 2-1-1983, pp. 22-23.

⁶Véxase “Ao decorrel-os días” en ANT, 1-2-1931, pp. 1-3.

⁷Véxase “Xaime Isla Couto, novo membro da Real Academia Galega”, entrevista de Rodri GARCÍA a Xaime ISLA COUTO, en La Voz de Galicia (VG), 3-2-1999.

²“Compromiso de Barrantes” en ANT, 1-11-1930, p. 4.

³“Manifiesto dos nacionalistas de Bos Aires” en ANT, 1-11-1930, p. 5.

⁴Véxase ANTUÑA SOUTO, C.A., O galeguismo na provincia de Pontevedra (1930-1936), Sada-A Coruña, Edicions do Castro, 2000.

finalidade: regaleguizar Galicia e encher aquela de bondade e estima. Cómpre lembrar que os galeguistas se autodenominaban “os bos e xenerosos”. Estimaban a decencia e a honradez como consubstanciais ao verdadeiro espírito galego e, polo tanto, o seu traballo debía procurar o beneficio de todos.

A fundación do *PG* significou a entrada de gran parte das forzas galeguistas e nacionalistas na fase política. Integrou un amplo abano de correntes e tratou de levar a súa actividade a todos os planos posibles de identidade nos que se manifestaba a personalidade de Galicia. De aí que non fora un partido político ao uso. Actuaba no plano da historia, da tradición, da lingua, da literatura, da cultura, da economía, da organización administrativa... desenvolvendo actividades e investigacións e aportando propostas e solucións para os problemas que nestes planos se estaban a presentar. Galicia era concebida como realidade presente, como obra futura e, á vez, como un pasado reprimido polo centralismo⁸.



Castelao e Paz Andrade.
Estación de ferrocarril de Pontevedra (1922).
Arquivo familia Paz Andrade.

marco constitucional español, coa autonomía. Acadar esta posibilidade dependía en gran medida do labor de concienciación desenvolvido polo *PG* e, polo tanto, dos seus Grupos Galeguistas espallados polo territorio galego. Para acadar a adhesión popular, cumpría implantar un novo estilo de facer política, máis democrático e próximo a ese pobo ao que se quería “concienciar”. O *PG* debía concebir o seu labor en función das necesidades xerais de Galicia, sen esquecer o estudo e solución dos problemas locais. E neste plano entraba fundamentalmente a actividade dos diversos Grupos. A defensa da autonomía municipal, da personalidade xurídica da parroquia, a formación da poboación rural para participar nas institucións democráticas, a loita contra o caciquismo... foron algúns dos puntos clave que se exixían aos Grupos no seu traballo cotián. O partido, como todo movemento nacionalista nos seus primeiros pasos, considerábase a si mesmo como unha “minoría” directora cunha misión clara: conseguir, a través dunha política galeguizadora, a adhesión ao ideal galeguista do pobo galego. Neste obxectivo, a compenetración e a disciplina dos afiliados eran esenciais.

MILITANCIA LOCAL: OS GRUPOS GALEGUISTAS

Os Grupos galeguistas estaban formados pola militancia de base do *PG*. Podíanse crear Grupos nas localidades nas que houbera máis de dez afiliados. No rural estruturábanse a base de grupos parroquiais, que se axustaban á verdadeira organización social galega, defendida con forza polos nacionalistas galegos. De non haber o número mínimo de socios exixido para a constitución dun Grupo, formarían unha Delegación especial dentro do Grupo ao que pertencían. Os Grupos tiñan plena autonomía no seu réxime interno. Respectábanse, tamén, as actividades individuais dos afiliados, así como as súas crenzas relixiosas e sociais. Si se lles prohibía a dobre militancia política.

A II Asamblea, celebrada en Santiago os días 10 e 11 de decembro de 1932, estableceu o Programa de acción para os Grupos Galeguistas do partido. Nel concretábase a táctica a seguir nos planos cultural, político e social desde unha posición tolerante, establecendo que para levaren adiante a súa misión “regaleguizadora”, os Grupos tiñan que formar convenientemente aos seus afiliados para os compenetrar coa cultura galega. Había, así mesmo, que chegar ás masas, dotándoas de sentido galego, base do ideario do partido. A defensa da democracia e da República significaba o camiño correcto para a exaltación do principio da liberdade de Galicia; liberdade que só se conseguiría, dentro do

No plano económico, os Grupos tiñan que exercer unha acción social para lograren unha mellora na vida dos homes e das mulleres do campo e do mar. Era imprescindible un labor de proselitismo dos afiliados nas entidades sociais, económicas e culturais ás que pertencesen. A súa conducta estaría sempre dirixida á galeguización do medio respectivo no que actuaran. A actividade dos Grupos, xa que logo, abarcaría desde a colaboración con centros de investigación e experimentación agrícola, gandeiro e forestal, pasando polo ensino e difusión de novos procedementos de cultivo, ata a difusión do cooperativismo como mellor sistema de traballo e estímulo solidario entre a poboación traballadora galega.

Na III Asemblea (Ourense, xaneiro 1934), Alexandre Bóveda foi elixido Secretario de Organización. Tentou dar maior forza e presenza aos Grupos do partido e reorganizou as cotizacións dos afiliados e as das agrupacións. Nesta Asemblea aprobáronse, tamén, as coutas extraordinarias que os Grupos e Delegacións debían satisfacer para cubrir o déficit producido polas eleccións de 1933.

Celebrada a IV Asemblea en Santiago os días 20 e 21 de abril de 1935, Bóveda, que seguía no seu posto de Organización malia estar aínda “destinado” en Cádiz⁹, considerou de vital importancia a constitución de moitos Grupos e a necesidade de facer moita

⁹Os gobernos de centro-dereita que, desde finais de 1933 deica as eleccións de febreiro de 1936, rexeron os destinos do Estado español, frearon o proceso autonómico galego. Tralo intento revolucionario de outubro de 1934, no que non participara o *PG*, Castelao e Bóveda foron trasladados forzosamente a Badaxoz e Cádiz respectivamente.

⁸Véxase ANTUÑA SOUTO, C.A., op. cit.

Sen facer un estudo pormenorizado dos Grupos Galeguistas e Delegacións do partido que actuaron na provincia pontevedresa, fállese necesaría unha incursión no interior dalgun deles. Houbo Grupos que sacaron á luz publicacións periódicas para teren informados aos seus militantes e á cidadanía en xeral. O Grupo de Redondela publicou un periódico, *Terra!*, que alcanzou os oito números. En Vilagarcía de Arousa, a agrupación galeguista sacou *Rotivo* que non foi, posiblemente, máis alá do primeiro número. Logo intentou poner en circulación a folia informativa *Verbo*. Todas estas agrupacións son esenciais para entender mellor a historia do propio PG. O seu labor debe considerarse o traballo a "pé de obra".

| | |
|--------------------|-----|
| Vilagarcía | 27 |
| Lalín | 57 |
| Vigo | 246 |
| O Grove | 47 |
| Lavadores (Vigo) | 2 |
| A Estrada | 110 |
| Viascón (Cotobade) | 18 |
| Crecente | 20 |
| Guillarei (Tui) | 1 |
| Campelo (Poio) | 24 |
| Tui | 12 |
| Buen | 73 |
| Tomino | 1 |
| Barro | 32 |
| Santiso (Lalín) | 18 |
| Bandeira (Silleda) | 44 |
| Redondela | 55 |
| Baiona | 14 |
| Pontevedra | 117 |
| Godos | 71 |
| Mondariz-Balneario | 215 |
| Baión-Godos | 67 |

Na provincia de Pontevedra estes foron os Concellos e localidades que contaron con afiliados e Grupos Galeguistas:

| | |
|-------------------------------|-----|
| Rianxo (A Coruña) | 266 |
| Vigo | 246 |
| Ourense | 167 |
| Santiago | 165 |
| Portela-Corgomo (Ourense) | 145 |
| A Coruña | 135 |
| Pontevedra | 117 |
| A Estrada (Pontevedra) | 110 |
| Grupo Galeguista de Bos Aires | 103 |

As zonas e Grupos galeguistas máis considerables en canto a afiliación foron:

¹⁰ Arquivo Histórico-Fundación Penzol de Vigo (AHFP), Fondo Otero Pedrayo, Nº Caixa 3. En carta manuscrita, datada o 8 de maio de 1935 e escrita desde Puerto Real (Cádiz). Bóveda contestaba a outra de Otero Pedrayo alegrándose da súa decisión de permanecer no PG, e manifestándolle, tamén, a necesidade de crear moitos Grupos e de facer propaganda nos partidos xudiciais. ¹¹ Naquel momento desempeñaba esta Secretaría o afiliado ao Grupo Galeguista de Vigo Xerardo Álvarez Gallego. ¹² BÓVEDA, A., "Cartes, pasquins, arengas..." en ANT, 8-6-1935, p. 2. ¹³ BÓVEDA, A., "A tarefa dos nosos Grupos e Seccións" en ANT, 11-5-1935, p. 2. ¹⁴ Véxase BERAMENDI, J.G. e NÚÑEZ SEIXAS, X.M., *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996, pp. 328-329. ¹⁵ Os dous, militantes do PG con domicilio no Concello de Mondariz-Balneario. Un deles, Santos Lago González, afiliárase ao Grupo de Pontevedra; o outro, Emrique Peinado Lirés, ao Grupo de Vigo. ¹⁶ Véxase ANTUNNA SOUTO, C.A., op. cit.

polo de Vigo que contou cuns 246 afiliados. Foi o citado Grupo o máis numeroso de toda Galicia, seguido reunir a 137 militantes e Santiago que non pasou duns 165 socios. afiliados; máis, incluso, que a propia capital, A Coruña, que logrou e Araño e de onde era natural Castela, chegou contar con 266 personalidades do PG tiveron nas súas zonas de procedencia. Hai que remarcar, tamén, a importancia que determinadas

Republicano Radical galegos ¹⁴. doutros partidos republicanos como o PSOE e o Partido dimensión relativamente importante con respecto á militancia á provincia de Pontevedra. O PG obtivo, xa que logo, unha de 3451 socios. Destes, un 31 % aproximadamente correspondía toda a xeografía de Galicia. A afiliación ao partido en 1936 era se ben esa importancia non estaba equitativamente repartida por unha proxección estimable dentro do panorama político galego; exclusivo do nacionalismo galego, adquiriu desde 1931 ata 1936 O certo foi que o PG en conxunto, como representante case

no noso pobo e acadando fervor popular ¹³. *que empezou sendo obra de minorías escoltas, vaxa arrigando que precisamos para que a labourea patética do galeguismo, Chegou a afirmar que "os Grupos e Delegacións son os tentáculos cuantitativo, pero tamén cualitativo, dos postulados galeguistas. de Galicia, supoñía na súa configuración partidista un salto Delegacións, coa posibilidade de se estenderen a todos os concellos organización do partido. A creación de novos Grupos e Bóveda vía nos Grupos e na súa fortaleza a forza de toda a*

poída contar as nosa arelas ¹². *as "mellores e máis entusiastas actividades (...), para que ningún vitalidade; necesitábase Galicia e neste camiño debían absorber de Galicia. Os Grupos tiñan que mostrar xa signos de renovación galegos no Parlamento, estaban a levar adiante sobre a economía segundo o PG, o centralismo, en complicidade cos representantes Propaganda que se concretaba en denunciar os atentados que, unha participación total na campaña de propaganda galeguista. Bóveda a sumarse con entusiasmo a ela e a pedir aos Grupos Secretaría de Propaganda ¹¹ de mediados do ano 1935, levou a como "arma" de comunicación galeguista. Unha circular da cartes, os pasquins, as mítines, as conferencias... tiñan que servir propaganda ¹⁰. O partido debíase abrir á sociedade galega. Os*



GRUPO DE PONTEVEDRA

A importancia do Grupo Galeguista pontevedrés quedou demostrada polo labor das personalidades que o formaban e que transcenderon por enriba do propio Grupo. Moitos deles foron dirixentes calificados do PG e impulsores das liñas cultural e política seguidas polo partido. Por iso dedicarse á análise da actuación deste Grupo sería realmente dedicarse ao estudo de cada un dos seus persoeiros destacados. As figuras de Castelao, de Bóveda, de Filgueira Valverde e doutros bosquexaron determinadamente a historia do Grupo e a do partido. Quizais sexa máis acertado significar dous ou tres puntos esenciais da agrupación pontevedresa, porque o resto da súa traxectoria foi a traxectoria das súas grandes figuras.

O Grupo Galeguista de Pontevedra naceu da transformación sufrida polo *Grupo Nazonalista Galego* pontevedrés despois da Asemblea fundacional do PG, que tivera lugar en Pontevedra en decembro de 1931. A meirande parte das súas enmendas presentadas na citada Asemblea foron aprobadas. Así mesmo, as súas aportacións á redacción do Programa mereceron a felicitación da Mesa da Asemblea. De Filgueira Valverde, un dos máis destacados membros da agrupación, foi a redacción do Regulamento para os Grupos.

Tres foron os temas principais que se trataron na primeira sesión deste Grupo pontevedrés trala fundación do PG. Un deles facía referencia a unha comunicación do antigo *Partido Galeguista de Pontevedra* sobre o déficit existente polos gastos das eleccións do ano 1931. Acordouse por unanimidade contribuir a anular o déficit abrindo unha suscripción entre os membros do Grupo.

Outro tema tratado foi a adaptación do Regulamento do Grupo á nova situación e ás condicións impostas polo PG. Decidiuse nomear unha comisión para levar adiante esta tarefa. Por último, estudiouse o cambio do calificativo "nazonalista" do Grupo polo máis "*simple e políteco de galeguista*". Aceptouse esta denominación por unanimidade.

A agrupación pontevedresa desenvolveu unha intensa actividade, tanto no plano político coma no cultural e formativo. Organizou conferencias pedagóxicas, cursiños sobre cuestións sanitarias, xiras lúdicas, etc. Promoveu reunións dominicais de controversia acerca do movemento galeguista, da política xeral e da propia localidade e levou adiante un plan de celebracións conmemorativas de gran significado para o movemento nacionalista. Ámáis do Día de Galicia, destacaron aquelas que rememoraban a lebranza do sanguento epílogo da revolución galega de 1846. Revolución que, para o galeguismo, tivera unha

dobre significación: galeguista e liberal. As figuras de Antolín Faraldo e de Miguel Solís eran evocadas como figuras vibrantes da xesta que terminara cos fusilamentos de Carral en A Coruña onde "*finaron doce paladíns d'a liberdade*". Malia o fracaso, a revolución non se podía considerar estéril. Non se debe "*ocultar a importancia que adquiriu o labor dunha parte dos intelectuais galegos que lle conferiu a aquela un sesgo galeguista, pois estableceuse un compromiso fondo coa propia realidade de Galicia*"¹⁷.

Filgueira Valverde, nunha das reunións do Grupo conmemorando estes acontecementos revolucionarios, logo de facer unha descripción de Manuel Buceta del Villar -o caudillo liberal pontevedrés da revolución- destacou o contraste entre os ideais de Faraldo e as intencións dos militares comprometidos co movemento revolucionario, que rematou traxicamente en Carral. Deste feito aprendera a intelectualidade galega, como aprenderan, tamén, aqueles literatos que apoiaran ao caudillo revolucionario, e que desde aquel momento "*fuxe d'a revolución e o pronunciamento para adentrarse no traballo e no estudio*"¹⁸. Estes feitos habíao que recordar, segundo Filgueira, para que as novas xeracións seguisen o exemplo dos precursores¹⁹ e afondasen cada día no coñecemento da realidade galega. Con esta postura, Filgueira Valverde quería mostrar de xeito significativo o camiño que, ao seu entender, debía seguir o galeguismo: nada de revolucións, de "complicadas" decisións políticas e de liberalismos irredentos. A intelectualidade tiña, como eixo fundamental, que guiar ao pobo galego polo vieiro da "concienciación"

da realidade galega a través do proselitismo "cultural". Sinteticamente, este foi o pensamento daqueles que, a partir da III e IV asembleas, defenderon a "pureza" do movemento galeguista por enriba de actuacións políticas determinadas. O ámbito cultural debía ser o máis axustado ás esenciais do galeguismo. No plano político cumpría actuar en solitario, libre de ataduras e sen alianzas "perniciosas".

Alexandre Bóveda



¹⁷ ANTUÑA SOUTO, C.A., "Apuntamentos para o estudo do levantamento de 1846 en Redondela" en Boletín nº 1 do Seminario de Estudos Redondeláns (SEREN), 2004.

¹⁸ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), L-7427.

¹⁹ Chamábanse "precursores" aqueles escritores en galego anteriores a Rosalía que se dedicaron á creación literaria e a investigación histórica. Así hai poetas - Xoán Manuel Pintos, Fco. Añón, Alberto Camino -, historiadores - Benito Vicetto, gramáticos - Marcial Valladares Núñez, Xoán Antonio Saco e Arce -, etc. Sentaron as bases do Renacemento pleno galego: Rosalía, Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

Todos os 25 de xullo, o Grupo Galeguista de Pontevedra celebraba con gran animación o Día de Galicia. Bombas de palenque, dianas de bandas de música e gaitas, bandeiras galegas... era o marco festivo para a xornada grande do nacionalismo galego. Actos públicos con importantes oradores: Fco. Fernández del Riego, Suárez Picallo, Álvaro de las Casas..., banquetes de confraternidade, festivais deportivos, xiras polo río Lérez e bailes nas sociedades recreativas completaban o cartel de actividades.

A agrupación galeguista pontevedresa actuou, mesmamente, de titora do Grupo a constituír na parroquia de Campelo, no limítrofe concello de Poio. Os traballos realizados nesa zona polo membro do Grupo de Pontevedra Pío Cribeiro facilitaron que entusiastas do galeguismo quixesen constituír unha agrupación do partido nese lugar.

A participación do Grupo de Pontevedra en todo o referente á redacción, aprobación e Plebiscito do Estatuto foi determinante. Fixéronse reunións para o seu estudo, presentáronse propostas, participouse na súa redacción, etc. Bóveda, que foi o gran artífice do proxecto estatutario, pertencía a este Grupo. Castelao, deputado a Cortes nas Constituíntes de 1931 e nas eleccións de 1936, tamén formou parte da agrupación, sendo o seu Presidente nos comezos.

Hai algún outro dato que compre destacar aquí. Neste Grupo estiveron afiliados en 1936 varias persoas que pertencían a concellos distintos do de Pontevedra. Así encontramos que un dos socios de Mondariz-Balneario estaba rexistrado no Libro de afiliados do Grupo pontevedrés o 13 de marzo de 1936. O seu nome era Santos Lago González e tiña de profesión a de "Secretario do Concello". Tamén formaban parte da agrupación Juan C. Esmeriodes e José Soto Míguez de Soutomaior, e Xerardo Fuertes Gómez de A Cañiza. Afiliados os dous primeiros o 15 de marzo de 1936 e o último o 1 de abril do mesmo ano²⁰.

Se cadra o caso máis significativo de afiliación ó Grupo foi o de Ramón Villar Ponte. Militante da ORGA, non participou no proceso de reunificación do nacionalismo galego en decembro de 1931. Non obstante, enviou a súa adhesión ao acto. Ademais, entre as agrupacións que converxeron no acto fundacional do PG, estaba un *Grupo Nacionalista de Viveiro* ao que, como afirma Justo G. Beramendi, non podía ser alleo R. Villar Ponte. Pero



Xosé F. Filgueira Valverde.
Líder da GG de Pontevedra

cedo, en 1932, decidiu retornar ao nacionalismo, abandonando o partido republicano-autonomista no que aínda militaba o seu irmán Antón. Cando no PG comezou o enfrontamento entre os defensores da "pureza" do galeguismo e os que estimaban imprescindible unha actuación política máis decidida e colaboracionista con outras forzas, a súa presenza como dirixente foi cada vez máis débil. Non se inclinou totalmente por ningunha das dúas opcións e refuxiouse na militancia de base²¹.

O Grupo de Viveiro entrou nunha fase de case inoperancia, ata que en xaneiro de 1936 comezou a súa reorganización. Na composición da nova directiva non aparecía R. Villar Ponte. Será no libro de afiliados do Grupo Galeguista de Pontevedra onde reaparecería a súa figura sen o número de socio e dado de alta o 23 de abril de 1936²².

EPÍLOGO

Os Grupos Galeguistas tiveron un valor decisivo na actividade, implantación e proselitismo do PG, espallando os ideais nacionalistas por gran parte dos recunchos de Galicia. No labor de "concienciación", os Grupos traballaron a carón do pobo, das súas preocupacións, intereses e problemas. Nesta tarefa, o galeguismo e, en particular, os seus militantes estaban obrigados a mostrar económica, social e politicamente o beneficioso da autonomía. Claro está que esa autonomía tamén se fundamentaba en razóns históricas, de territorio e de lingua. Foran as elites intelectuais minoritarias as encargadas de "recuperaren" a diferenza galega, a propia "personalidade" de Galicia. Pero se non se chegaba ás masas, non se daría atinxido a autonomía, dereito específico

de todo pobo e territorio diferentes. Loxicamente, esa particularidade propia levaba aparelhada unha particularidade de problemas, solucións, sistemas e leis axeitadas á singularidade galega. Só o "apoio" do pobo galego permitiría á minoría nacionalista acadar os obxectivos propostos. Por iso, os Grupos Galeguistas tiñan que chegar á toda poboación e lugares de Galicia; en especial, aos campesiños e mariñeiros, reserva espiritual das tradicións e cultura galegas. Eles soubéranas manter, malia os séculos de escuridade que pasaran como consecuencia dunha política centralista e uniforme.

²¹Véxase BERAMENDI, J.G., Obra política de Ramón Villar Ponte, Sada-A Coruña Edicions do Castro, 1991, pp. 32-44.

²²ANTUÑA SOUTO, C.A., O galeguismo na provincia de Pontevedra (1930-1936), op. cit.

²⁰AHPP, L-7431, Rexistro de socios Grupo Galeguista de Pontevedra.

AXUDA DE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural



A VIRXE DO CARME, PATROA DAS XENTES DO MAR

Por: Pablo Pérez Fernández
Vicario da Armada

UNHA CONFIDENCIA

Coido que é obrigado comezar facendo esta confidencia persoal. Eu nacín na montaña. E dende a miña fiestra -naquela bisbarra do sueste galego- non se podía ver o mar. Estaba a moitos quilómetros. Era preciso atravesar vales, outeiros, ríos e serras para poder contemplar o azul cristalino das súas augas.



Eu nacín na montaña. E dende a miña fiestra -alá nas altas terras ourensáns de Trives- só se podía ver o ceo... E era tan azul coma o mar. E era tamén infinito. Por iso, cando, no transcorrer dos anos, as circunstancias da vida me levaron a vivir no mar, aqueles soños de horizontes abertos das paisaxes montañosas da miña nenez, amalgamáronse cos das augas mariñas nunha simbiose existencial de fondas e

misteriosas vivencias. Vivencias que foron xurdindo no meu peito e no meu corazón ó longo dos días e das noites.

Cando un tenta plasmalas no papel nunca queda satisfeito; sempre se atopa impotente. As palabras, verbais ou escritas, son unha ferramenta válida e axeitada, pero insuficiente e curta, para expresar todas as riquezas dunha interioridade anímica pletórica de fervenzas novas que xermolan a cachón. Son vivencias fortes e fondas, múltiples e variadas, cheas de contrastes misteriosos..., imposibles de describir. Hai que vivilas.

A ESTRELA DO MAR

As xentes do mar profesaron sempre unha especial e singular devoción á Virxe María. Dende sempre, a Virxe María foi nomeada como "estrela" e como "estrela do mar". Por iso a estrela é un elemento que aparece sempre na iconografía mariana.

Unha das primeiras representacións coñecidas de María é a que se atopa nas catacumbas de Domitila, nas aforas de Roma. Alí a Virxe María aparece envolta no fulgor dunha estrela. E, por outra banda, un dos nomes máis familiares que os autores eclesiásticos dos primeiros séculos atribuíron a María foi precisamente o de "stella maris", "estrela do mar

O ano 587 tivo lugar a conversión de Recaredo ao cristianismo. E foi dende esa data cando moitas embarcacións principiaron a ser bautizadas publicamente con nomes marianos.

OUTRAS ADVOCACIONS

Nunha primeira época, os nomes que máis se empregaron foron os das imaxes e advocacións veneradas nos propios lugares ribeiráns, ata que, pouco a pouco, o nome da Inmaculada empezou a facerse máis popular entre as xentes do mar.

Don Xoán de Austria foi un dos máis importantes e decisivos promotores da devoción á Virxe María na Armada española. Os venecianos regaláronlle unha imaxe que el colocou na Galera Real. Despois esta imaxe foi nomeada Virxe da Victoria e tamén, Virxe do Rosario. Por iso, a partir de Lepanto foi a ese belido título ao que invocaron con máis frecuencia as xentes do mar.

Dende entón, a Virxe do Rosario tería o padroado non só da meirande parte dos nosos buques senón tamén de moitísimas institucións relacionadas cos mareantes. Mesmo deu nome a algunhas poboacións. Un caso soado foi o de Puerto Cabras na illa canaria de Fuerteventura que pasou a chamarse Puerto del Rosario. Aínda hoxe podemos atopar nas nosas poboacións costeiras Confrarías de Pescadores denominadas "Virxe do Rosario" ou "Nosa Señora do Rosario".

Corroborando e ratificando esta tradición histórica na honra da Virxe do Rosario, o noso buque escola "Juan Sebastián de Elcano", comeza tódolos anos o seu cruceiro de instrucións en Cádiz facendo unha ofrenda de despedida e adeus perante a Imaxe da Patroa da cidade, A nosa Señora do Rosario, chamada popularmente "La Galeona".

O MONTE CARMELO

Será a partir do século XVI cando a claridade resplandecente do Monte Carmelo faga que nas xentes do Mediterráneo se popularice a advocación "Virxe do Carme" ou "Nosa Señora do Carme".

O monte Carmelo é un deses montes bíblicos que posúen un fondo e intenso sabor a divindade. O seu nome provén da palabra hebrea KARMEL, xardín. E chamábase así pola abundancia de flores que medraban nas súas abas. Situado en Israel, entre a fronteira de Galilea e Samaria, á beira do Mar Mediterráneo, foi o escenario no que se desenvolveu a vida do profeta Elías alá polo século IX antes de Cristo, tal como nola conta a Biblia no Libro Primeiro dos Reis.


"Despois de tres anos de seca, Elías subiu ó cume do Carmelo. Alí sentouse dobrado cara ao chan, coa cabeza entre os xeonllos... Díxolle ao seu criado: vai e outea cara ao mar... A sétima vez o servo dixo: Erguese do mar unha nube pequena, como a palma da man... E nun intre o ceo cubriuse, estalou a treboada e rompeu a chover a cántaros".

Pois ben, os autores eclesiásticos sempre viron nesa pequena nube que se erguía do mar, nesa singular e senlleira "stella maris", a figura, o tipo, o símbolo bíblico representativo da Nai de Deus. E a Igrexa Católica así o aceptou e así o ten recollido na súa liturxia.

Por outra banda, cómpre ter en conta que o Mediterráneo, chamado polos romanos "mare nostrum", foi sempre un mar sobranceiramente mariñeiro. Non é de estrañar, pois, que nos seus navegantes calase moi fondo o significado espiritual e simbólico do monte Carmelo. Da súa silueta,

divisada ao lonxe xunguindo o azul do ceo co do mar, emanaba unha forza engaiolante e vivificadora que facía volver os ollos de cara a el.

Xa dende os primeiros séculos do cristianismo estableceran alí a súa morada algúns eremitas, que construíron unha pequena capela adicada a Virxe María. Sería despois das Cruzadas cando os Carmelitas -que tomaron de alí o seu nome- habitaron ese monte e principiaron a fomentar nel a devoción á Nai de Deus nesa advocación de "Nosa Señora do Monte Carmelo" ou "Nosa Señora do Carme".



A ILLA DE LEÓN

Trala súa obrigada fuxida de Palestina, os carmelitas espalláronse polo mundo adiante, levando con eles a devoción á Virxe do monte Carmelo. Primeiramente foi en Sicilia e Nápoles. Despois, nas outras illas do Mediterráneo, especialmente no Arquipélago Balear. Case polo mesmo tempo, tamén nas costas inglesas, francesas e nas españolas, sen esquecer a beiramar norteafricana

Conforme pasan os anos, a devoción á Virxe do Carme vai medrando a cotío, vai gañando tronos e altares non só nas ermidas e nos santuarios do litoral senón tamén "a bordo de navíos e corvetas". De xeito que, cando chega o século XVI, xa está florecente na meirande parte do litoral español. Os Carmelitas -moitos deles capeláns nas diversas expedicións da nosa Armada-, foron os seus grandes promotores e impulsores. Desde que no 1680 se estableceran na Illa de León, contaron sempre coa axuda das Autoridades Marítimas. Nesta tarefa destacou sobranceiramente o Marqués da Victoria, primeiro Capitán Xeral daquel Departamento Marítimo.

No remate do século XVIII e, despois, ao longo do século XIX, a Virxe do Carme será considerada xa por todos como Virxe do Mar, Estrela do Mar, Raíña do Mar. Unha copla popular dese tempo dicía:

"Si en Zaragoza un Pilar
la aclama Reina del suelo,
la ensalza el monte Carmelo
por Reina de cielo y mar"

PATROA OFICIAL

Foi o ano 1901. A Raíña rexente, dona María Cristina, quixo dar coa súa sinatura, plena oficialidade ao que xa era costume e arraigamento popular. Unha Real Orde do 19 de abril de ese ano dispón "que sexa declarada Patroa da Mariña de Guerra a Santísima Virxe do Carme, que xa é de tódolos mariñeiros". Ordena tamén que "o 16 de xullo, día da súa festividade, se celebren actos na súa honra". Noutra Real Orde, o 28 de xuño daquel mesmo ano, "declara o día do Carme como día de festa para toda a xente mariñeira".

Estas Reais Ordes foron confirmadas e ratificadas o 12 de xullo do 1938 por don Francisco Franco, Xefe do Estado Español, revocando así unha disposición da Segunda República que as suprimira.

O texto publicado no BOE, dicía: "As xentes do mar veneran dende innumerables tempos á Virxe María baixo diversas advocacións. Este fervor mariano tivo a súa consagración oficial en España coa Real Orde do 19 de abril do 1901 que nomeou Patroa da Mariña da Guerra á Virxe do Carme que xa o viña sendo de feito de todos os navegantes. A Real Orde do 28 de xuño do mesmo ano declaraba festivo ese día para a xente mariñeira, que así o viña celebrando afervoadamente ata que o laicismo oficial suprimira esta festa. Por iso, interpretando o sentir das xentes do mar, restablécense en toda a súa integridade as Reais Ordes do 19 de abril e 28 de xuño do 1901, que proclamaron á Santísima Virxe do Carme Patroa da Mariña de Guerra".

O 13 de decembro do 1961, a Santa Sé aprobou este padroádego da Virxe do Carme e o correspondente Ritual Litúrxico da súa festa, tal como se celebra hoxe.

Uns anos antes, o 19 de novembro do 1955, o Papa Pío XII dixéralles os mandos e gardamariñas do buque escola "Juan Sebastián Elcano", estas expresivas e clarividentes palabras: "Mariños e mariñeiros somos un pouco todos. A través desta viaxe que é a vida, imos dando bandazos e choupadas para capear o vento contrario, para sortear perigos, para buscar acougos... Se, ollando cara ao alto, buscades unha estrela, eu convídvos a contemplala na que vós mesmos chamades "Estrela dos Mares", a vosa Virxe do

Carme, que tantas veces e de tantas maneiras ten amosada a súa predilección por os que nas augas inestables empregan as súas vidas no servizo de Deus e da Patria".

MIÑA PATROA

Os que temos vivido no mar, sabemos que alí as sensacións de finitude, impotencia e limitación adquiren connotacións indescifrables, revestidas dunha intensidade enigmática e arcana. Sabemos que o silencio e a soidade florecen en ramalletes de esperanza e agroman labaradas de liberdade. Sabemos que as tebras vólvense luz e que os baleiros échense de presenzas vivas.

camiños da vida semellan navegar sempre por rotas sen tempo, abrindo as súas ás de cara a un infinito que se fai veciño, doce e amoroso. No mar o ceo e maila terra escriben xuntos eternos poemas invisibles ao compás de latexos rumorosos en cadencias de misterio e horizontes de verdade. Non tentedes buscar outra explicación a por que no mar é moito máis fácil e doado crer, rezar e amar.

E por iso polo que o padroado da Virxe do Carme é indeleble. Está escrito con letras de sangue e de bágoas no libro da vida das xentes do mar. Ela, a "Estrela dos Mares", é acougo e agarimo, tenrura e refuxio a cotío. A súa presenza invisible esborralla as fronteiras do espazo e do tempo, sementando nos corazóns ceibes soños de esperanzas abertas e de gratitude infinita.

Para as cinco Mariñas -Armada, Mercante, Pesqueira, Deportiva e Científica- a Virxe do Carme é Nai e Señora. Ela é refuxio e acougo, oración e pregaría, gratitude e sorriso de esperanzas abertas e labaradas de amor na azul inmensidade... alén da terra e do mar.



A TOPONIMIA DA ILLA DE ONS (II)

Por: Fernando Cabeza Quiles

Superada, a vista de paxaro a punta do **Rabo da Égoa**, que, efectivamente, semella o xigantesco rabo dunha égoa meténdose no mar; agora viaxamos de sur a norte e, bordeando a parte occidental de Ons, o primeiro topónimo significativo que atopamos é o de **Fedorento** ou **Fedurento**, nome dun pequeno illote (Fig. 1), separado da illa de Ons por unha pequena canle, e dunha praia

Fig. 1.- No illote Fedorento fedeu algún día por mor de algas en descomposición.



e cova contigua; lugares que se caracterizan por concentraren gran cantidade de algas mariñas. É por iso que postulamos para o topónimo **Fedorento** unha etimoloxía cheirenta, producida polo fedor ou mal olor causado pola putrefacción das devanditas algas ata alí arrastradas (Cabeza Quiles, 2000: 181). A este respecto, é ben curiosa unha noticia que nos foi subministrada por Celestino Pardellas de Blas, segundo a cal, a cova existente na praia de **Fedorento** foi utilizada, debido ao seu difícil acceso e, sobre todo, polo cheiro que botaba, como inmejorable almacén por uns contrabandistas de tabaco, que hai anos operaron polas Rías Baixas (Celestino Pardellas, *La Voz de Galicia*, 20-10-1995).



O segundo topónimo co que batemos é o do **Buraco** ou **Burato do Inferno** (Fig. 2). O nome da impresionante e perigosa furna, que se comunica co mar, logo de percorrer dende o alto da illa, cara abaixo, case a pico, bastantes metros. O seu nome puido ser causado polos gritos de antigas colonias de aves mariñas, hoxe desaparecidas do lugar. Tal balbordo, deformado e aumentado pola concavidade, faría pensar os mariñeiros de tempos pasados, que se atopaban perante a auténtica boca ou burato do inferno (Cabeza Quiles, 2000: 79).

Algo similar debeu pasar na costa oeste da illa do Medio ou do Faro das Cíes. Alí documéntase, polo menos na cartografía,

un lugar chamado **Cova do Inferno**, topónimo que pode ser contemporáneo ao do **Burato do Inferno** e creado polos mesmos axentes e co mesmo imaxinario.

Moito máis ao sur, na costa portuguesa, preto da localidade de Cascais visitamos outro lugar chamado, neste caso, **Boca do Inferno** (Fig. 3), consistente, esta vez, nunha gran porta ou arco pétreo sobre o combativo mar daquel lugar (Cabeza Quiles, 2000: 79). Topónimo seguramente tamén creado por pescadores, que verían, neste tipo de accidentes costeiros, buratos ou bocas do inferno, nun ambiente mariñeiro de preocupación permanente, derivada da perigosidade das actividades pesqueiras, que produciría este tipo de topónimos terroríficos.

Fig. 2.- Buraco do Inferno. Illa de Ons.



Vinilo

Bar de copas e concertos
R a da Praza OGROBE




Fig. 3.- A Boca do Inferno, Cascais, Portugal.

En canto á **Punta do Baixeiral**, pode ser un abundancial en -al da palabra galega “baixeira”, que ten o significado de “baixada, terreo en pendente, pendente dunha costa”; características orográficas que lle acaen moi ben a unha punta litoral; accidente marítimo que sempre ten costas ou pendentes, que baixan de maneira máis ou menos súpeta cara ao mar, como tamén é o caso da contigua punta chamada **Pendente Pequena**.




Fig. 4.- As Freitosas son unhas illas fracturadas ou fructosas.

Camiñando cara ao norte, axiña divisamos as fermosas illas **Freitosas** (Fig. 4), nome de dous illotes pegados á costa de Ons, que se caracterizan por estaren formados por grandes pedras máis ou menos desprendidas e rotas, polo que pensamos que para explicar este topónimo cómpre partir dun hipotético **fracto(sas)* ou similar, participio, máis o sufixo abundancial -osas, do verbo latino *frangere*, “romper”, por alusión aos abundantes rochedos rotos e fracturas pétreas que constitúen o corpo destas pequenas illas, con razón chamadas fracturadas (*fractosas*) ou rotas (Cabeza Quiles, 2000: 191).

Ao anterior respecto, a parte máis alta do illote Boeiro, situado ao sur da illa de San Martiño das illas Cíes, tamén recibe o nome, segundo o investigador de la Cigoña, de **Freitosa** (Fernández de la Cigoña, 1991: 30). Illa que será *fractosa* e que, polo tanto, tal como as súas homónimas da illa de Ons, estará formada por un rochedo roto e abrupto, cheo de fendas e fracturas; orografía que se repetirá, de maneira máis ou menos clara e manifesta, nun emprazamento terrestre chamado **A Freita**, situado na parroquia de Creixedo, do concello lugués de Cervantes, e nos seus correspondentes topónimos, catalán e portugués, **La Freita** e **Freitas** (Cabeza Quiles, 2000: 191).

Verbo da chamada **Punta do Morro**, situada a carón das Freitosas, dicir que pode vir dunha antiquísima base quizais preindoeuropea **mor*, “pedra, monte, monte pedroso, penedo da costa”, e de aí monte ou saínte pedroso en forma de fuciño ou morro. Creación toponímica, esta da **Punta do Morro**, que lle acae moi ben ao nome dun cabo, en canto a que moitas veces é un saínte rochoso con aspecto de morro, que se mete no mar; chamándose por iso **Morro** ou **O Morro** varias puntas do litoral galego (Cabeza Quiles, 1992: 303-304).

A continuación da **Punta do Morro** vén a enseada de **Caniveleñas** (Fig. 5), topónimo en diminutivo, que nos fala dun conxunto de pequenas canas silvestres, caniveles ou canavelas. A este respecto, lembramos a existencia, hai anos, de caniveles nun lugar terrestre de Ons, situado xustamente no fondo desta enseada, frecuentado por un exemplar de pomba brava ou *columba livia*, que debía visitar este lugar para beber nalgún pequeno manancial oculto polo conxunto de canavelas ou caniveles ao que se refire o topónimo; especie vexetal sempre asociada á existencia de humedais, formados por pequenas ou máis grandes surxencias de auga.





Fig. 5.- Enseada de Caniveleñas.



MARISCOS
COCIÑA CASEIRA
VIÑOS DE GALICIA

Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)

Despois da enseada de **Caniveliñas** algúns mapas sinalan a chamada **Punta de las Chestas** (sic), que haberá que tomar como **Punta das Xestas**; topónimo que alude á abundancia desta planta, como sucede, así mesmo, co topónimo da parte oriental da illa, **Punta da Xesta**.

Fig. 6.- Un pequeno estripeiral no camiño á praia de Canexol.



Verbo do **Con dos Galos**, nome dun illote situado un pouco ao norte da **Punta das Xestas**, é un zoónimo ou topónimo da fauna. Así, segundo temos comprobado, no **Con dos Galos** posúan bandadas de *cormoranes moñudos*, chamados en galego galos de mar, que aniñan (máis ben aniñaban) no próximo Burato do Inferno. É, xa que logo, **O Con dos Galos** un topónimo metafórico da fauna, similar ao comentado da **Cova do Lobo**, que, nesta ocasión asimila o certo parecido físico que ten o *cormorán moñudo* co galo terrestre (Cabeza Quiles, 2000: 141), como na **Cova do Lobo** se compara o certo parecido que poda ter algún tipo de foca co lobo dos nosos montes, especialmente na forma do seu fociño.

A outro con ou penedo de gran tamaño, situado na beira do mar ou na tona da auga, refírese o topónimo **A Punta do Con Grande**. Ao seu carón está o **Con das Bombas**. Este topónimo fai alusión, na súa segunda parte, ao ruído do mar ao bater co con; ruído semellante, ou que recorda, o dunha bomba. Outro topónimo desta clase digno de resaltar é o de **Bombardeira**, nome doutro penedo mariño situado preto de Baiona (Pontevedra), onde o mar bravo daquela zona baterá así mesmo nas penas, producindo outro ruído, similar ao que fai unha bomba. Igual parece ser o caso do topónimo **Bombal**, nome dunha punta litoral moi batida polo mar, que hai preto da aldea de Goltar, na parroquia de Queiruga, concello do Porto do Son (A Coruña) (Cabeza Quiles, 1992: 423-424).

Se no **Con das Bombas** foi a anterior circunstancia a causante deste topónimo, o nome da próxima praia ou punta de

Liñeiros, tanto se pode referir a un antigo campo cultivado de liño ou a moreas ou conxuntos de leña miúda; sen desprezar a posibilidade de que o topónimo **Liñeiros** se refira, neste caso particular, a uns antigos pescadores ou mariñeiros que pescaban coa arte da liña; sistema de pesca costeira que pode abranguer

varias especialidades, cunha liña soa ou cun cordel do que saen varias con cadanseu anzó; de aí a expresión mariñeira “fanecas da liña”, por seren pescadas, ¡¡¡ que ricas!!!, coa arte da liña.


Varias posibilidades de interpretación ofrece tamén o achegado topónimo **Punta de Regueiro**, que se pode referir ao apelido homónimo ou a un regueiro, isto é, un pequeno curso de auga; elemento natural frecuente na illa, tal como amosa o contiguo nome de lugar **Praia de**

Fontiñas, que antes debeu ser ***Praia das Fontiñas**.

Verbo da **Punta do Estripeiral** (Fig. 6), situada ao norte da Praia de Fontiñas, tamén é un topónimo claro, que se refire á antiga e/ou actual presenza no, lugar dun “estripeiral”, é dicir, dun conxuntos de estripeiros, do latín *stirpe*, “tronco”, nome con que se coñece no noso idioma o espiño albar; arbusto de 2 a 4 metros moi espiñento, de froito redondeado e vermello. O topónimo **Estripeiral** que, se non é xa romance, debe provir da palabra do latín vulgar **stirperiale*, é, xa que logo, un abundancial desta pequena árbore, frecuente en Ons. A este respecto, o ano pasado vimos varios estripeirais ou pequenos conxuntos de estripeiros nos ribazos que hai sobre a praia de Canexol, e comprobamos que eran máis pequenos cós que temos visto no continente; tamaño que lle impoñerá ás arboriñas un medio illán de salitre e vento menos vizoso e máis esixente, polo que os estripeiros de Ons, aínda que non o sexan, parecen unha subespecie do estripeiro máis grande de terra dentro.

Seguindo coa nosa excursión toponímica bordeando a parte occidental da illa, axiña aparece o illote chamado **Gaiteiro**, topónimo do que, polo de agora, non atrevemos a sinalar a súa posible etimoloxía, pero que debe facer referencia á forma aguda deste accidente costeiro, moi similar ao doutro illote ou gran pedra mariña, chamada así mesmo **Gaiteiro**, que hai a carón da praia de Riás, na parroquia de Leiloio, do concello de Malpica (A Coruña).

Fig. 7.- Punta do Xuvenco. Illa de Ons,



Despois vén a **Punta da Fonte Nova**, apelativo de lugar de claro e transparente significado, que certifica, unha vez máis, a abundancia de auga en Ons, sen dúbida propiciada polas abundantes precipitacións do clima oceánico húmido da illa, con tendencia a un período seco no verán, o cal, á vez que atrae turistas, seca os mananciais.

No tocante ao topónimo **Punta do Xuvenco** ou **Xuvenco** (Fig. 7), pode ter, polo menos, dúas posibilidades etimolóxicas e significativas. Así, pode esconder e ser a evolución fonética do antropónimo ou nome de persoa latino *Iuventus*, que aparece como tal en Iiro Kajanto (Kajanto, 1982: 73 e 300), que aludiría a un antigo posesor da terra ou persoa influínte chamado *Iuventus*, isto é, Tenreiro ou Novelo, nun principio seguramente un alcume similar ao de Becerro.


Tamén puido suceder que o topónimo **Punta Xuvenco**, fose antes ***Punta do Xuvenco** e se tomase dunha pedra mariña próxima chamada nun principio ***O Xuvenco**, por recordar a súa forma a figura dun xovenco ou novelo, isto é, a cría dunha vaca ou unha vaca nova, en castelán *joven*, e en latín *iuvenis*.

Un topónimo similar, que pode axudar a comprender, complementar e consolidar a explicación anterior atópase na parroquia de Serantés, Oleiros (A Coruña). Alí atópase **O Becerro**, nome,

como puido suceder en Ons, dun cabo e dunha pedra mariña próxima. Así, esta pedra levaría o seu nome **O Becerro** pola súa semellanza formal cun, neste caso, becerro e non un xovenco, aínda que os substantivos “xovenco” e “becerro” expresan case a mesma realidade, pois, se non son palabras sinónimas, fáltalles moi pouco. A mesma idea significativa de comparar unha pedra mariña, moldeada polo embate das ondas durante milleiros de anos, coa figura así mesmo redondeada e gordecha dun bóvido, tamén parece darse no topónimo **O Boi**, que nomea un sen fin de pedras preferentemente marítimas, caso, entre outras moitas, do **Boi**, pedra situada na praia de Razo, Carballo (A Coruña), que semella, segundo podemos comprobar, un boi a pastar no medio dun inmenso prado que neste caso é o mar. Fóra de Galicia parece darse a mesma idea significativa na desembocadura da

badía de Kenmare, República de Irlanda, onde atopamos tres rochas mariñas chamadas, respectivamente **Bull**, **Cow** e **Calf**; topónimos que poderíamos traducir e serían en Galicia **O Touro**, **A Vaca** e **O Tenreiro** ou **O Becerro**. Pedras que tamén recordarían, as figuras deses animais. Comparación semántica igualiña á de tres pedras mariñas próximas á Torre de Hércules, chamadas **O Boi**, **A Vaca** e **O Becerro**, trío de topónimos que tamén recrea unha familia de bóvidos, composta do macho a femia e a súa cría. Hidrónimos comparables, á súa vez, ao posible ***O Xuvenco** de Ons, **O Boi** de Razo e **O Becerro** de Oleiros.

Fig. 8.- Un con cagado dende o faro vello de Silleiro.



Volvendo á illa de Ons, moi preto da **Punta Xuvenco** está a chamada **Punta do Concagado**, topónimo que nos sinala unha pedra mariña ou con cagado, próximo á devandita punta. A este respecto, as gaivotas e outras aves mariñas, ao utilizaren durante varias xeracións e anos as mesmas rochas como pousadoiros, poden caracterizalas cos seus excrementos. Xorden así topónimos como **O Congado** (en realidade **Con Cagado**) da illa de Ons e outros iguais e similares, como, por exemplo, **Con Cagado (Fig. 8)**, nome dun illote contiguo á Illa de Arousa, tamén chamado **Mesa do Con**, que, ao ofrecer unha superficie chá, á maneira dunha mesa, debeu servir de water-pousadoiro a varias xeracións de gaivotas desta parte da ría de Arousa (Cabeza Quiles, 2000: 141).

Finalizado o noso periplo ao redor da costa da illa de Ons, fáltanos comentar algúns topónimos do seu interior, se é que se pode falar de interior nunha illa tan estreita. Así e todo cómpre destacar topónimos non tan próximos ao mar como o de **Chan da Pólvora**, lugar chan, no que, de certo, algún día se almacenaría pólvora, como sucede co microtopónimo **O Polvorín**.

Verbo de **Cucorno (Fig. 9)**, o punto culminante da illa, onde está o faro, é un topónimo que nos sinala un lugar pedroso, se, como cremos, provén da base, probablemente celta *corn, *carn, “pedra”, que tamén pode estar presente en nomes de lugar como

Fig. 9.- Barrio do Cucorno. Illa de Ons.



o de **Carnota** (A Coruña), apelativo de dúas parroquias e un concello especialmente pedroso (Cabeza Quiles, 1992: 113-114).

Verbo do topónimo castelanizado **Caño**, en realidade **Cano**, refírese, ao haber no lugar así chamado un nacedoiro de auga, ao cano dunha fonte.

No tocante a **Curro**, temos que dicir que nese lugar debeu haber, no momento do nacemento do topónimo, un curro; isto é, un espazo pechado e circular destinado a usos gandeiros ou agrícolas, que puido ser un monte cerrado ou coutado. Suposto que pode corresponder ao do actual topónimo tamén illán **Alto do Cerrado**, que debeu ser antes, segundo pensamos, ***Alto do Monte Cerrado**, coa posterior elipse da palabra “monte”.

Por fin, aínda que non sabiamos da existencia deste topónimo da illa de Ons, no número 10 desta mesma revista, nun interesante traballo asinado por Celestino Pardellas de Blas, cítase, con fotografía incluída, o lugar chamado **As Xabreiras**, que nos parece un abundancial en -eira, en latín *-aria*, da palabra latina *sabulum*, en latín vulgar *sablu*, que deu en francés a palabra *sable*, “area”, “grava”, e as galegas “xabre”, “xabro” e “sábrego”, ambas as tres co significado de “terra areosa”. Refírese, pois, ao

noso entender, o topónimo **As Xabreiras** a unhas terras abundantes en xabre, isto é, a unhas terras moi areosas e seguramente pouco produtivas; resultado dunha sedimentación formada pola descomposición do granito das partes máis altas da illa.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F., 1982. “Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora”, *Cuadernos de estudios gallegos*, t. 32, Santiago de Compostela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Toxosoutos, Noia.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E., 1991. *Illas de Galicia, Cíes, Ons, Sálvora, Tambo, San Simón e Cortegada*, Xerais, Vigo.
- KAJANTO, I., 1982. *The latin cognomina*, G. Brestschneider editore, Roma.
- LAREDO VERDEJO, X. L., 1996. *Galicia enteira. Ría de Vigo e Baixo Miño*, núm. 4, Xerais, Vigo.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, (apéndices documentais), Sálvora, Santiago.
- LUCAS ÁLVAREZ, M., 1986. *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, edición diplomática, Caixa Galicia, Santiago de Compostela.
- PARDELLAS DE BLAS, C., *La Voz de Galicia*, 20-10-1995.
- PARDELLAS DE BLAS, C., 2005. “Illa de Ons: o solpor dunha comunidade etnográfica única”, *Aunios*, núm. 10, Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns, O Grove.
- SCHULZE, W., 1966. *Zur geschichte lateinischer cignenamen*, Berlín, Zurich, Dublín.

UNHA NOVA EMBARCAÇÃO DE TIPOLOXÍA MEDITERRÁNEA NOS PETRÓGLIFOS DA COSTA DE OIA


Por: Fernando Javier Costas Goberna e Antonio de la Peña Santos

Por se fosen pouca cousa os danos sobre o patrimonio arqueolóxico ocasionados polos brutais incendios forestais padecidos por unha boa parte do territorio do concello de Oia durante o pasado mes de agosto, no de outubro completouse a desfeita mediante unha temporada de choivas torrenciais que varreron de xeito literal o terreo



A zona onde se situan os petróglifos de Auga dos Cebros antes dos recentes períodos de incendios e riadas.

arrasado previamente polos lumes, convertendo en corgos e desbordando as canles dos cursos de auga que baixan dende os cumios da Serra da Groba ata o mar, arrastrando todo o que atopaban. Os medios de comunicación fixéronse amplo eco da catástrofe natural e da súa incidencia sobre o patrimonio cultural galego.



A mesma zona en datas recentes, logo da acción dos incendios e riadas.

O río Vilar é un deses regatos que os días das enchentes desbordou o seu leito e arrastrou pedras, troncos e toda sorte de borrala. E este curso de auga atravesa a parroquia de Pedornes e unha ampla zona de alto interese


arqueolóxico e natural que, coma era de agardar, sufriu os efectos do torrente. Os arrastres causaron a desaparición case que total dun dos muíños de auga, a daqueles excepcionais recunchos ateigados de atractiva vexetación de ribeira, arrasando os fentos xigantes que constituían un dos maiores atractivos do lugar... e afectando gravemente á integridade física dos excepcionais gravados rupestres do famoso petróglifo I de *Auga dos Cebros*¹.



Detalle do gravado do novo petróglifo coa imaxe dun navío.

Este complexo de arte rupestre é ben coñecido por mor da presenza nel da figura dunha embarcación que, tal e como deixamos escrito na colaboración publicada no número 11 desta mesma colección, estaría representando un modelo de navío de orixes rastrexables no Mediterráneo Oriental durante o II milenio a.C. E a representación do barco se faría de acordo cos criterios estilísticos propios tamén do Mediterráneo Oriental

¹ALONSO ROMERO,F: "La embarcación del Petroglifo Laxe Auga dos Cebros, (Pedornes, Santa María de Oia, Pontevedra)". *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo 1993)*, II. Vigo, 1995, pp. 137-145; COSTAS GOBERNA,F.J., NOVOA ÁLVAREZ,P. e SANROMÁN VEIGA,J.: "Sta.Mª de Oia.- Sus grabados rupestres". *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo 1993)*, II. Vigo, 1995, pp. 131-135; COSTAS GOBERNA,F.J., PEÑA SANTOS,A de la e REY GARCÍA,J.M.: "A propósito de la figura humana. Una disculpa para reconsiderar el arte rupestre galaico". *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología (Vigo 1993)*, II. Vigo, 1995, pp. 125-130; COSTAS GOBERNA,F.J. e PEÑA SANTOS,A de la: "Oia. Arte Rupestre y embarcaciones en la Prehistoria de Galicia". *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 11. Vigo, 2005, pp. 185-223.



O novo petroglifo nun calco por frotado. Fricción

nas mesmas datas². Como era de temer tendo en conta a situación deste petroglifo en plena marxe dereita da canle, as rochas e demais restoballo arrastrados polas avenidas xusto por riba da superficie gravada danaron de forma visible as figuras que conforman o petroglifo, ben por mor da erosión causada pola fricción das augas e os



Calco do novo petroglifo de Auga dos Cebros.


aportes sólidos, ben polos golpes causados polas pedras -mesmo de considerables dimensións- arrastradas polas riadas.

²COSTAS GOBERNA, F.J. e PEÑA SANTOS, A de la: "Os navíos dos petroglifos de Oia". *Aumios*, 11. Pontevedra, Asociación Cultural Pineiróns, 2006, pp. 69-72.

Pero, como di a famosa frase, non hai mal que por ben non veña. A forza das augas, o arrastre de sedimentos e a desaparición da vexetación de ribeira deixaron á vista un afloramento rochoso antes oculto. E, nunha esquina do mesmo, unha nova figura de embarcación: a terceira que se documenta no lugar.

Inmediata ao panel do petroglifo principal, cara ao centro da canle do regato, un conxunto de rochas con fracturas moi acusadas sobrancean de forma ostensible.

Os tres navíos dos petroglifos de Oia.



Nestas fracturas, a acumulación de sedimentos e as raíces da vexetación que arraiga nelas van contribuíndo paseniño ao seu desprendemento; ao tempo, a mesma vexetación mantivo semioculto esta masa rochosa. As grandes avenidas ocasionadas polas fortes choivas de outubro arrasaron esta vexetación e deixaron a superficie dos penedos inusitadamente limpa. Por tal motivo, na esquina sudoeste co conxunto rochoso, nun pequeno panel lixeiramente inclinado e individualizado polas fracturas, foi doado atopar gravada unha nova figura de embarcación.




Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

Detalle do suco da proa en esporón do novo petróglifo de Auga dos Cebros.



presenta con ela certos elementos comúns, tales coma roda e codaste destacados, a disposición mesma dos cabos e a ausencia de vela, o que nos suxire, coma no caso da outra, que estamos diante da representación dun barco coa vela desmontada e plasmada cuns criterios estilísticos idénticos aos que presentan as representacións plásticas no Mediterráneo Oriental no II Milenio aC.

Pero esta nova figura ofrece tamén certas diferencias significativas. Mencionaremos a posible presenza dunha sorte de cofa no remate do mastro; roda e codaste máis pechados; proa, en fin, provista se cadra de esporón.

Reconstrución teórica do navío gravado no novo petróglifo.



lan coma unha mera continuación da curvatura do casco, no caso que agora nos ocupa a proa se abre en curva pero rematando cara ao exterior nunha liña recta a maneira da representación dun esporón a tallamar. Do mesmo

O novo petróglifo aparece sensiblemente enmarcado polas fisuras e os mesmos límites da masa rochosa. Aínda que de menores dimensións -55 cm. de eslora e 58 de altura máxima- ca inmediata e máis coñecida, pre-

Repasemos este último detalle.

Se nos outros dous navíos xa coñecidos nesta estación rupestre -sobre todo no máis grande- proa e popa se articu-

xeito, se nos outros dos casos a ausencia de representacións iconográficas ou vestixios arqueolóxicos no Atlántico de embarcacións provistas de vela antes da romanización nos levaba irremediamente a establecer no Mediterráneo Oriental a filiación iconográfica dos dous petróglifos e a orixe dos navíos representados, o mesmo sucede no caso que nos ocupa. Mesmo admitindo que neste último a proa remataría nun




Embarcación con esporón pintada no sartego micénico de Gazi (Museo Herakleion).

esporón, un detalle que xa se atopa visible en selos cretenses datados na transición III-II Milenios aC.

A introdución dos esporóns a tallamar na arquitectura naval é resultado do descubrimento de que con esta prolongación da quilla era bastante máis fácil aguantar a nave á rumbo e que abatía menos ao cinguir o vento. Por veces, o escaso detalle das representacións pode dar lugar a interpretacións equívocas e a considerar sen máis que as naves provistas desta innovación tecnolóxica eran navíos de guerra³. Outras imaxes máis tardías presentan moi notables semellanzas formais con esta nova figura do conxunto de *Auga dos Cebros*; tais, por exemplo⁴, as dúas embarcacións micénicas do sartego de Gazi -datado ca. 1200 a.C; Museo do Herakleión, Creta- e do vaso de Tragana -de ca. 1150 a.C; Pylos-. De todos os xeitos, e na espera de que novos datos e novos estudos nos permitan unha maior precisión, estamos con seguridade diante dun modelo de embarcación que navegaba polo Mediterráneo ao longo do II Milenio a.C e que ven a reafirmar a cada vez máis evidente presenza de navíos e navegantes mediterráneos nas costas atlánticas das Rías Baixas nesas mesmas datas; precisamente, nos momentos finais dese fenómeno cultural coñecido co nome de arte rupestre galaico.

³LANDSTRÖM,B.: *El buque*. Barcelona, 1964, esp. pp. 26 e 27.

⁴POMEY,P.; GIANFROTTA,P.A.; NIETO,X. e TCHERNIA,A.: *La navigation dans l'Antiquité*. Aix-en-Provence, 1997, esp. p. 65.



Auto-Escuela Marín

Jaime Janer, 10 - Telfs.: 986 88 10 32 - 986 88 14 80 - Marín

"PODER E MEMORIA: A CAPELA DA NOSA SEÑORA DA PIEDADE EN SAN BARTOLOMEU O VELLO DE PONTEVEDRA"

Por: Teresa C. Moure Pena

O século XVI caracterízase en Pontevedra por unha intensa actividade no ámbito artístico como consecuencia da grande labor de renovación emprendida na maior parte dos templos da cidade, nos que se estaba a acometer un intenso programa de melloras e de modernización. Toda esta política de renovación artística era promovida polas antigas confrarías e gremios pontevedreses, que financiaban obras de carácter relixioso. Sen embargo, tamén debemos contemplar a promoción daqueles que ocupaban os postos máis altos da sociedade - nobreza, eclesiásticos - cuxo importante papel quedará plasmado a través das cuantiosas doazóns aos templos de mobiliario e indumentaria litúrxica, de imaxes de devoción, e de pezas de ourivería, así como de diversos libros destinados ao culto, aínda que a mellor expresión do seu poder vaise manifestar na edificación das súas capelas funerarias.

Esta permanente labor de padroado converterase nunha canle de difusión da imaxe que o promotor ou promotores pretendían ofrecer aos seus contemporáneos e a xeracións vindeiras: son obras de devoción, pero dotadas tamén dun obxectivo propagandístico como manifestación do poder. A idea de xuntar o recordo entre os seres humanos e a consecución da salvación será algo que estará moi presente dende a mentalidade baixomedieval. O ser humano, no seu afán por transcender esta vida e lograr a resurrección, tense que preparar para a morte e por conseguir estar entre os benaventurados. Este espírito terá o seu reflexo, en boa medida, en moitas manifestacións artísticas, levando a

diversos grupos sociais á promoción de toda unha serie de obras de arte; non en van estamos diante dun período no que o problema da supervivencia represéntase de diversas maneiras, e así, a perennidade das obras, e a lembranza dos servizos prestados á comunidade, poden ser aspectos de todo un programa do bo vivir que á hora da morte deberá coidarse con esmero.

Se cadra, este sentir foi decisivo na importante reedificación e dotación da Capela de Santa Catalina tamén chamada da

Nosa Señora da Piedade, situada no interior do desaparecido templo parroquial de San Bartolomeu O Vello¹. Esta capela, realizada por mandado do licenciado Simón Rodríguez no ano 1539, tería sido levantada posiblemente durante as primeiras campañas construtivas do templo xa que da documentación conservada pode deducirse a súa



Reconstrución conxectural de San Bartolomeu o Vello por Celso García de la Riega a comezos do século XX.

existencia cando menos dende inicios do XIII, momento no que, conta Portela Pazos, foi inhumado na mesma o corpo de Frei Rodrigo, xove monxe dominico

¹Sobre este templo: Villamil y Castro, J.: "Pontevedra Monumental. San Bartolomé". *Galicia Diplomática*, IV, 1988; Sampredo Folgar, C.: "Notas sobre la iglesia de San Bartolomé el Viejo de Pontevedra". *El Buen Amigo. Hoja Parroquial*, 39, ano 11, 24 de agosto de 1927; Sánchez Cantón, J.F.: "El derribo de iglesias en Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, IV, 1946, 7-10; González García Paz, S.: "Misceláneas: San Bartolomé el Viejo", *El Museo de Pontevedra*, XIX, 1969, 128-132; De la Peña Santos, A.: "Excavaciones arqueológicas de urgencia en la provincia de Pontevedra durante el año 1981", *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, 81-82; Moure Pena, T.: "Nuevas aportaciones al estudio de la escultura gótica en Galicia. San Bartolomé o Vello de Pontevedra", *El Museo de Pontevedra*, LV, 2001, 193-222.

oriúndo de Pontevedra que, segundo a tradición, tería acompañado ao San Telmo nas súas múltiples viaxes². Na opinión deste erudito, durante os tres séculos seguintes a capela pasou a denominarse “De Frei Rodrigo”.

O 2 de Febreiro de 1539, Simón Rodríguez realizaba a petición “...dentro de la parroquial iglesia de San Bartholomé de la dicha villa...”, elevada ao Rector da igrexa Rodrigo de Portomarín, diante do notario Juan López e numerosos fregueses, expresando a vontade de “...aderezar y corregir la capilla que dizen de fray Rodrigo (co fin de) erigir y dotar una capilla en memoria y servicio del Señor y honor de su gloriosa y bendita Madre Nuestra Señora y de los bienaventurados San Martíny San Xristobal...”. A petición de Simón Rodríguez para construír unha capela en San Bartolomeu pon en evidencia a preocupación do personaxe pola súa memoria póstuma, ao incluír entre as vontades o desexo de que “...me ubiesen de enterrar y pasar los huesos de mi padre (...) y que esta dicha capilla sea entierro mio y de mis herederos y del bachiller Gabriel Rodríguez, mi hermano...”³.

O Rector da parroquia da o consentimento e aprobación. Grazas aos novos ingresos cos que se conta, comeza a remodelación deste espazo; sen embargo, é mágoa que na escritura non se faga mención algunha ou se detalle a condición da obra, o que impide saber qué canteiro se faría cargo da reedificación. Sabemos que no ano 1547 a capela estaba xa completamente terminada e preparada para o culto. Para facilitar o seu mantemento, Simón Rodríguez fai unha importante doazón de diñeiro e de ornamentos litúrxicos, pasando a denominarse dende entón como Capela da Nosa Señora da Piedade⁴. É obvio que logo da dotación e doazón de bens, a Capela gozaría dun poder descoñecido ata entón, o que á fin fará dela unha de las máis mimadas e queridas do templo.

No mesmo ano no que se conclúe a reedificación, nunha extensa carta fundacional asinada o 14 de outubro diante do notario Vasco Fernández, Simón Rodríguez deixaba ben especificado que o padroado e a administración terían que ser exercidos, logo da súa morte, polo seu irmán, o cóengo bacharel Gabriel, e, máis adiante, por quen lle sucedese no goce do vínculo⁵.

Aínda que carecemos de noticias ao respecto, cabe imaxinar que Simón Rodríguez tería sido inhumado xunto ao seu pai e a outros membros da súa familia, de acordo coa súa disposición, na mesma capela. Todo leva a supor

que procurou en vida un enterramento que se disporía arrimado a unha das paredes. Esta hipótese non é gratuíta e está amparada por unha serie de datos; en efecto, como consta nun contrato estipulado entre Álvaro Suárez Sarmiento e o pintor Francisco Fernández con data de 15 de abril de 1578, e escriturado diante do notario Gaspar Cabral, o artista sería o encargado de pintar un “...enterramiento y monumento que esta en la dicha capilla en el concabo de la pared frontera...”⁶. Nesta escritura especificábase que o mestre Francisco Fernández “...en los escudos del y letras se debia dar los campos conforme al padron con sus colores y uno asentado sobre olio pilares y molduras de ny mas ny menos que donde se requiere oro se le ponga jaspeado ny mas ny menos y devajo del entierro la peana y hacia el suelo pintado y jaspeado (y todo ello) entierro molduras y pilares del an de yr pintado al olio...”. Aínda que o contrato non aporta moitos datos sobre a tipoloxía, a escasa información que proporciona confirma que o enterramento se acubillaba baixo un arcosolio, e que o sepulcro, pola súa parte, era moi sinxelo, conformado por una *yacija* decorada na parte frontal con brasóns e cuberta por unha tampa na que se desenrolaría unha inscrición.

O interesante é a vontade de perpetuidade, ese desexo por se testemuñar nos tempos vindeiros como promotor mediante a inscrición e os brasóns. E é que a presenza destes xunto á inscrición dota á vida do persoeiro dunha estrutura narrativa e reverdece a súa lembranza, ao tempo que queda a salvo a súa larga fama na memoria colectiva e con elo a súa propia identidade⁷, enlazando co sentir que dende o XIII chega á consideración da tumba coma medio de asegurar a permanencia do defunto á vez no ceo e sobre a terra, pois a ostentación traduce a vontade de proclamar á Humanidade a fama inmortal do finado, unha fama que provén tanto das proezas cabaleirescas coma da erudición humanista ou da práctica das virtudes cristiáns⁸. Trátase, en definitiva, dun afán de prestixio, anque a elo se sume a vertente devocional.

²Portela Pazos, S.: “Fray Rodrigo y su capilla”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, III, 1948, 222-231.

³Ibíd.: 224.

⁴Ibíd.: 225-228.

⁵Ibíd.: 228.

⁶Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección Protocolos Notariais, Pontevedra, Protocolo de Gaspar Cabral, Protocolo nº 899.

⁷Núñez Rodríguez, M.: “La indumentaria como símbolo en la iconografía funeraria”, *La idea y el sentimiento de la muerte en la Historia y en el Arte de la Edad Media*, Santiago, 1988, 1-19.

⁸Aries, Ph.: “Richesse et pauvreté devant la mort au Moyen Age”. *Essais sur l'histoire de la mort en Occident. Du moyen age á nos jours*, París, 1975, 90.

No documento quedan rexistrados interesantes datos acerca da labor promotora deste persoero, que impón incluso os seus criterios no formal ao establecer os contidos do programa pictórico a desenrolar na capela. En efecto, segundo estipula Álvaro Suárez, baixo o arcosolio debíase “...pintar un Dios Padre asentado en unas nubes con su resplandor con dos ymagenes en los extremos una de Nuestra Senora y otra de san Juan, y ençima dos angeles con dos tronpetas y la espada del juicio y el ramo de la Misericordia - y en vajo de todo esto dos ymagenes una de la Santa Catalina y la otra de San Pablo...”. Logo da súa lectura, queda ben patente que o programa iconográfico elixido se correspondía coa visión do Xuízo Final.

Reflexionar sobre a morte e a condenación eterna fanse habituais, e a decoración dos templos deixou un lugar prioritario ao tema ante esta insistente preocupación. Non hai dúbida de que este sentir e reflexionar a miúdo sobre a morte -que representa un tipo de actitude ligada sobre todo ás clases máis elevadas- xustifica plenamente a presenza deste programa iconográfico sobre o monumento funerario, concibido coa

intencionalidade de buscar unha seguridade de salvación persoal ante a inseguridade no Máis Aló. Este tema é recorrente nos ciclos pictóricos murais galaicos da época e, aínda que por desgraza, hoxe por hoxe só temos constancia documental destas antigas pinturas, todo parece indicar que o discurso figurativo se axustaba á fórmula que xa no XIV se presenta nun dos muros do templo ourensán de Santa María de Amoeiro e que con posterioridade ilustrará as cabeceiras de San Miguel de Eiré e San Lourenzo de Fión⁹. En todos eles, o episodio está serenamente definido mediante a imaxe maxestática de Cristo Xuíz sedente sobre o arco iris, flanqueado pola Virxe e San Xoán Bautista. Cristo alza a destra bendicindo e descende a sinistra, en consonancia cos dous atributos suspendidos a ambos lados da súa cabeza;

a rama de lis da Misericordia e a espada flamexante da Xustiza. O núcleo adoita acompañarse de anxos trompeteiros. En Amoeiro a escena complementábase coas figuras intercesoras de dous santos. Na capela de Simón Rodríguez, os dous santos elixidos son Santa Catalina de Alexandría e San Pablo; con eles mantense a idea do importante papel encomendado aos Santos en intercesión diante do Xuízo.

O programa pictórico continuaría polo resto da capela, tal e como se desprende da testemuña de Álvaro Suárez, que seguindo as indicacións ordena que sobre o arcosolio debía representarse “...la Salutación de Nuestra Senora, acompañada por dos ymagenes quales paresçieren una de cada lado quales el dicho Alvaro Suarez Sarmiento



Pinturas murais da cabeceira de San Miguel de Eiré.

pidiere...”. A presenza no programa do tema da Anunciación ten explicación: a importancia que se lle da nun programa que ten como contido prioritario sinalar unha mensaxe de intercesión diante Cristo Xuíz xustifícase, sobre todo, se consideramos o feito de que María é a Máxima Intercesora, a Suma Intermediaria. A Anunciación manifesta a primeira chegada de Cristo, e este concepto tense que poñer en relación coa futura segunda chegada, localizada inmediatamente sobre o sepulcro. A primeira e a calidade de madre de Deus fican así perfectamente clarificadas mediante a figura de María.

⁹Sobre esta iconografía e os exemplos citados: Paz Suárez-Ferrín, A.: “La iconografía medieval en los murales gallegos de los siglos XIV, XV y XVI. Una vista panorámica”, Anuario Brigantino, 28, 2005, 303-350, esp. 324-325, figs. 26-28.

Como vemos, sen dúbida a desaparición do templo no século XIX privounos dun interesante conxunto artístico do patrimonio pontevedrés. Afortunadamente, a fructífera revisión documental que estamos a levar a cabo nos últimos anos está permitindo recuperar algunhas obras de arte significativas como a que acabamos de presentar, aínda que só sexa no papel, e ir colmando os baleiros e enriquecendo o coñecemento do noso patrimonio perdido.


--- 0 ---

Contrato entre Álvaro Suárez Sarmiento e o pintor Francisco Fernández para a realización de certas pinturas na Capela da Nosa Señora da Piedade do templo parroquial de San Bartolomeu O Vello. (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Protocolos Notariais. Pontevedra. Protocolo de Gaspar Cabral. Protocolo nº. 899).

Pontevedra, 15, Abril de 1587

En la villa de Pontevedra a quinze dias del mes de abril de myll e quinientos y ochenta y siete anos por ante my el notario publico e testigos ynfrascritos conparesçieron presentes las partes avajo non bradas hes a saber de la una Alvaro Suarez Sarmiento y de la otra Francisco Fernández pintor vecinos de la villa y se conçertadon el uno con el otro en la manera siguiente – quel dicho Francisco Fernández se obligó con su persona y bienes de hazer y pin tar a su costa y misión al dicho Alvarez Suarez Sarmiento en la su capilla de Nuestra Señora de la Piedad colocada en la yglesia de San Bartolomé de la dicha villa – primeramente ençima del entierro y monumento que esta en la dicha capilla en el cóncavo de la pared frontero la Salutación de Nuestra Señora en medio y en los lados de la vidriera dos ymagenes quales parecieren una de cada lado quales el dicho Alvaro Suarez Sarmiento pidiere – y devajo del arco del dicho entierro ha de pintar la Madalena y en los escudos del y letras dar los canpos conforme al padrón con sus colores y oro asentado sobre olio pilares y molduras de ny mas ny menos que donde se requisiere oro se le ponga jaspeado ny mas ny menos – y debajo del entierro la peana y hacia el suelo pintallo y jaspeado – y ençima en el alto de la Madalena estrellado y faxas y bocel alderredor del entierro pintado-y detrás del asiento de ençima avajo ha de pintar un Dios Padre asentado en unas nubes con su resplandor con dos imágenes en los extremos una de Nuestra Senora y otra de San Juan – y ençima dos angeles con dos tronpetas

y la espada del juicio y el ramo de la Misericordia- y en vajo de todo esto dos ymagenes una de Santa Catalina y la otra de San Pablo y ansi mesmo ha de labrar y dar lustre a la rreja de la dicha capilla y pilares al lado a donde esta asentada la dicha reja de la parte de dentro los ha de jaspear- y toda esta obra de suso rreferida ha de yr pintada al fresco sobre cal ecepto el entierro molduras y pilares del que an de yr pintado a olio la cual dicha obra de dar echa y acabada dende el día de la fecha desta carta hasta el dia de Santiago del mes de julio primero que viene y por razon delo el dicho Alvaro Suarez Sarmiento le ha de dar y pagar veynte ducados en rreales de plata y mas setecientos panales de oro en esta manera [...] rreales de plata y el oro quando quisiere començar la dicha obra y los otros diez restantes ansi como fuere haçiendo la obra- pagado todo ello en esta dicha villa y el dicho Francisco Fernández se obligo hazer la dicha obra para el dicho plaço y no lo haziendo quel dicho Alvaro Suarez Sarmiento a su costa la pueda mandar hazer a otro pintor y si mas le costare del preçio de suso rreferido quel dicho Francisco Fernandez se lo pagara de contado juntame te con los dez ducados que ansi rresçibe y con las mas costas danos intereses y menoscabos que en razón dello se le rrecresçieren y para el cunplimento paga y execuçion de lo que dicho es las dichas partes cada una dellas por lo que le toca y a que se obliga otorgaron dello esta carta en forma con poder y submysion a las justicias seglares de leis e [...] para



que se lo agan guardar como por senttencia difinitiva de Juez competente passada en cossa juzgada cerca de lo qual renunciaron a todas leyes de su favor con la xeneral que las proibe. Y anssi lo dixeron ante mi el scribano y testigo, y lo firmaron de sus nombres de que fueron testigos. Alvaro Suárez Sarmiento, Francisco Fernandez. Passo ante my Gaspar Cabral.

O CULTO ÁS ÁNIMAS EN GALICIA

Por: Buenaventura Aparicio Casado

Antropólogo

INTRODUCCIÓN

Sobre as crenzas e as prácticas relixiosas dos galegos –na súa fasquía popular- circulan unha serie de noticias fundamentadas, case sempre, no tóxico paifoco e despachadas olímpicamente baixo o cualificativo de supersticiosas.

Soamente a Antropoloxía Cultural pode explicar axeitadamente a lóxica que fundamenta estas crenzas, en coherencia cunha forma de ver e pensa-lo mundo –unha cosmovisión- que, aínda que mostre certos matices ou peculiaridades (os chamados feitos diferenciais), non é exclusiva nosa nin moito menos, a pesares de que algúns, dende este verde recuncho, continúen, teimosamente, a espallar a imaxe do galego fetén, único e incontaminado que, milagrosamente, quedou ancorado na Prehistoria, e cuxos sinais identitarios son o escurantismo e o rexeitamento da modernidade.

Mal que lles pese a estes eséxetas, os galegos –almenos os centos ou miles que nós temos tratado- son moi normais. O problema, por conseguinte, radica non no noso obxecto de estudio –as crenzas dos galegos-, senón nalgúns “estudiosos”.

A RELIXIOSIDADE POPULAR GALEGA: PERFÍS DIFERENCIAIS

Os galegos –coma outros pobos de tradición agrícola- veneran á Virxe e aos santos porque son poderosos, é dicir, porque lle poden axudar a resolver determinados problemas materiais ou espirituais que se presentan no vivir cotián. O pragmatismo, pois, é a primeira característica deste tipo de relixiosidade, encamiñada, ante todo, a remediar todo tipo de enfermidades, tanto do corpo como da alma.

O carácter terapéutico, sanador, de moitos santos é outra peculiaridade a subliñar. Semella que a cousa vén de moi atrás, como o demostran as recentes escavacións no Facho de Donón (Cangas do Morrazo), lugar no que se erguía un santuario ao deus Berobreo, ao que se lle dedicaron centos de aras, algunhas coa significativa inscrición “*pro salute*”.

Inmerso neste aspecto terapéutico o máis rechamante da relixiosidade popular galega é a ritualidade practicada sobre grandes penedos (Christian Jr, s.d.: 558).

Na panoplia santeira as devocións máis populares son Santo Antonio de Padua, a Virxe do Carme e as Ánimas. Curiosamente, as tres gardan relación cos defuntos, como mostra a súa reiterada representación nos retablos dos petos de ánimas. Precisamente, a atención aos defuntos, o culto ás Ánimas –*almiñas*- é a cerna, o verdadeiro centro vertebrador das crenzas galegas.

A cosmovisión popular parte dunha determinada concepción do tempo e do espazo. O tempo é eterno, unha liña sen fin. O espazo é a parroquia. Este tempo sen fin é o fío condutor que concatena pasado, presente e futuro: aos que xa non están –os mortos-, aos vivos e aos que están por vir, no entendemento de que a parroquia dos mortos “é simbolicamente tan real como a dos vivos” (Vázquez Rouco, 1998: 161).



A esencia da relación entre vivos e defuntos é o troco de favores e beneficios. Os que aínda camiñan por este mundo axudan con oracións, ofrendas e sacrificios a libera-las ánimas do Purgatorio. E estas, unha vez na gloria, devolverán os favores recibidos intercedendo na resolución dos problemas terreaís. Trátase, xa que logo, dunha moral de mediación e de intercambio para que uns acaden a salvación e os outros teñan unha vida próspera e solucionen a súas coitas (Vázquez Rouco, 1998: 25).

A MORTE

Na chamada mentalidade tradicional a morte supón unha cesura, un *impasse*, unha verdadeira mutación ontolóxica, un pasamento ou tránsito dunha situación a outra nova, feito que implica un status distinto no que a persoa morta experimenta un “plus” ou medro espiritual, mellorando a súa valoración por parte de parentes e veciños.

En Galicia os defuntos son influentes e poderosos e endexamais interrompen a relación cos vivos: “a comunicación dos vivos cos mortos, pódese dicir que é moito maor en Galiza do que noutros países; o galego semella moitas veces que os sinte arredor de si, que os vé en soños ou desperto, que fala coñes, que ten pra esto unha especial sensibilidade que lle vén de recuados tempos” (Risco, 1979: 598).

Cando os paisanos falan cos seus familiares defuntos piden consello sobre asuntos que eles coñeceron en vida (herdanzas, compra ou venda de fincas, etc.). Os mortos son bos conselleiros porque co pasamento teñen adquirido sabedoría. As ánimas son “moi poderosas” en expresión dunha velliña de Barbudo (Ponte Caldelas). Por esta razón certos ritos sanadores teñen que levarse a cabo no cemiterio: “a terra onde repousan os mortos é sagrada e por conseguinte con virtudes curativas, de aí o costume de pendurala en bolsas do pescozo para curarse. A determinados enfermos aconséllaselles percorrer de noite nove cemiterios para conquistar a saúde” (González Cougil, s.d.: 46).

Mais para gañar os favores das almiñas cómpre corresponder con veneración e ofrendas. Ata hai non moito tempo depositábanse nas sepulturas dádivas de pan e viño, os alimentos que simbolizan a vida. A Galicia orante ofrece a maioría das misas polos defuntiños. A lectura das mandas testamentarias déixanos abraiados polo número que poden acadar. Esta é a razón do dito popular: “ano por ano, máis como o morto que o vivo” (Vázquez Rouco, 1998: 170).

OS ANTECEDENTES DO CULTO ÁS ÁNIMAS

O culto aos mortos remóntase á noite dos tempos. Mais sobrancea de maneira moi notable na chamada cultura megalítica, é dicir, na parcela funeraria do período Neolítico, tempo no que se constata unha verdadeira sacralización dos devanceiros que chegan a se converter en reitores ou controladores dos vivos. A relixión megalítica fundaméntase nunha serie de mitos e crenzas que consideran aos antepasados “potencias do mundo do imaxinario das cales depende a satisfacción, lograda mediante rituais dedicados a eles, das necesidades dos humanos” (Vázquez Varela, 1993: 62).

Durante o período galaico-romano réndese culto aos **Lares Viales**, deuses dos camiños e da morte, “o seu culto practicado nas encrucilladas, continuaba en época sueva e en etapas posteriores e podería estar entroncado coas figuras míticas da Compañía, de tanta importancia no folclore galego” (Vázquez Varela e Bermejo Barrera, 1991: 100).

O grande número de cruceiro e petos de ánimas que inzan os camiños da Galicia rural son a plasmación da vixencia desta crenza.

O PURGATORIO

A Alta Idade Media foi unha época moi convulsa e desacougante para Occidente. A Europa cristiá, en tronso de consolidación, viviu momentos de grande perigo: invasións (sarracenos, normandos, húngaros...), andazos, etc. axitaron as consciencias co seu cortexo de mortes, fames, medos e milenarismos.

Nas derradeiras décadas do século XII albiscouse a luz, a esperanza nun tempo novo, nunha sociedade máis segura, rica e feliz. Consonte con esta atmosfera emerxente a crenza no temible Inferno foi deixando paso a afirmación do Purgatorio, un lugar nada envexable pero do que se podía saír tras a conseguinte purga e redención das penas temporais. A acurtar a estadía neste lugar podían axudar as esmolos, oracións, ofrendas, sacrificios e peregrinacións dos vivos. Como un resorte, toda Europa púxose en pé para orar, peregrinar e ofrecer dádivas. E a Igrexa, triunfante, acadou un poder e unha riqueza excepcionais. No século XIII, a crenza no Inferno foi definitivamente superada pola esperanza –como mal menor- do Purgatorio (Pallares Méndez, 1991: 217).

Chegados ao século XVII, asentada a doutrina trentina, en Galicia desatouse unha verdadeira obsesión polo Purgatorio, fenómeno ao que non foron alleos os xesuítas. Dende entón a veneración ás benditas ánimas “constitúe a devoción máis entorgada dos galegos” (González Cougil, s.d.: 50).

O CULTO ÁS ÁNIMAS

Dende o reinado de Felipe II (2ª metade do século XVI) España se converte en abandeirada da doutrina contrarreformista. Comeza a chamada época dos repregues. O cansazo, a derrota que se intúe, fai que o País se peche sobre si mesmo e deposite toda súa esperanza na relixión, na outra vida. A comezos do XVII principia un inusitado movemento fundador de confrarías. En todas partes, pero en Galicia dun xeito especial, colleu pulo a confraría das ánimas, que se sobrepón na valoración popular a todas as demais. Esta confraría é a única que non precisa de penas nin de requirimentos para que os confrades acudan aos cultos e paguen –engadiríamos que gustosamente- o establecido nas ordenanzas.

O fundamento da crenza nas ánimas na nosa Terra é un sincretismo: unha mestura da ortodoxia católica (o dogma da comunión dos santos) e de ideas precristiás, as máis antigas de clara raizame megalítica, como temos exposto.

SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Cren os galegos que as almas dos que se foron volven a este mundo e manifestan a súa presenza por medio de sinais ou signos recoñecibles. O común é que se aparezan baixo a forma de certos animais: avelaíñas, bolboretas, abellas, etc., máis tamén, como nos camiños que conducen a Teixido, en aparencia de lagartos, cobras e bechos diversos.

As almiñas avisan da necesidade de sufraxios de distintos modos, mais sempre adoptando a forma de chamadas de atención: provocando a enfermidade dun familiar, producindo ruídos estraños na casa, ou facendo que os animais domésticos se comporten de xeito anormal.

Vicente Risco (1979: 419 e ss.) deixou moi claro os motivos polos que as ánimas se aparecen aos vivos. O etnógrafo ourensán cita, entre outros, a petición de sufraxios (misas, rosarios, cabodanos...) que as axuden a saír do Purgatorio. Veñen, tamén, para demandar que

os seus parentes cumpran os votos e promesas que elas deixaron incumpridos en vida. É, sobre todo, para que reparen os males feitos, moi especialmente aqueles actos sociais e insolidarios como o desprazamento dos marcos para coller terra dos veciños (Fraguas Fraguas, 1990: 67). Idea que se reflicte na imaxe, patética, do morto co marco ao lombo berrando “onde o pouso... onde o pouso?” (Risco, 1979: 420). Por último, achéganse a este mundo para dar consellos sobre aspectos de interese para a casa e, incluso, para botar unha man e axudar á familia.

A presenza das ánimas nos camiños e nas casas faise patente en determinados días do ano, como a noite de defuntos e a de Nadal. Neses días non se recollía a mesa nin se apagaba o lume da lareira, deixando un gran tronco ardendo –o tizón de Nadal– para que as ánimas se quentaran (Fraguas Fraguas, 1990: 64).

OS PETOS DE ÁNIMAS

O peto de ánimas é unha edícula moi sinxelo, erguido nun lugar de paso ou nunha encrucillada. Trátase dunha construción, normalmente pétreo, na que non poden faltar dous elementos: a

Cruceiro de Covelo (Pontevedra)



caixa ou peto pechado cun cadeado –para recibir as esmolas–, e un retablo, en pedra ou madeira, policromado, no que se representan, nun plano inferior, as almiñas entre lapas e, sobre elas, a efixie de Santo Antonio de Padua, da Virxe do Carme e, con menor frecuencia, de San Francisco.

Segundo Fernández de la Cigoña (1989: 28) a orixe dos petos de ánimas é, relativamente, recente, non indo moito máis alá de hai trescentos anos. O creador foi, en palabras deste autor, un portugués-galego quen “estaba a inventar, sen el o saber, o peto de ánimas e non puido supor que aquela capeliña feita nunha corredoira transitada do veciño Portugal acadaría tal éxito que, en poucos anos, centos de copiadores calcaron a idea, cubrindo de petos as terras da vella Gallaecia”. comarca do Alto Verdugo (A Lama, Ponte Caldelas e Fornelos de Montes) na que arestora estamos a realizar traballo de campo, a maioría


dos petos de ánimas permanecen “activos”, perpetuamente alumados e recibindo agasallos –agora só monetarios–. O ano 1996 o “récord” de recadación semella que recaeu sobre o peto de Santa María do Castro de Barbudo. Acadou a nada desprezable cantidade de 260.000 pesetas.

EPÍLOGO

Como colofón deste traballo, e a modo de síntese, concédame a licenza, o amable lector, de transcribir tres textos da miña autoría.

“Teño para min que a preocupación pola morte e polo alén que está no centro das crenzas das sociedades megalíticas deixou fonda pegada en Galicia. Sen estes antecedentes dificilmente podería explicarse a peculiaridade do culto ás ánimas no noso País e a existencia de mitos como a Santa Compañía e, o máis rechamante, que persoas de toda condición, mesmamente aquelas con poucos recursos económicos, mostren máis interese pola preparación da morada eterna que pola deste mundo” (Aparicio Casado, 1999).

“A parroquia materialízase nunha serie de elementos visibles, cargados de simbolismos: a igrexa, o adro, o cemiterio e o campo da festa ou rueiro. Estes compoñentes serven para establecer unha identidade propia e unha continuidade, na que é posible a conexión entre os vivos e os mortos. A parroquia abrangueos a todos; nela, imaxe do permanente e duradeiro, está o pasado, o presente e o porvir. O campesiño é unha parte dese microcosmos. Nel están as súas raíces, e inda que no transcurso da vida dea moitas voltas polo mundo adiante, ó final ha procurar por tódolos medios repousar no cemiterio parroquial, entre os seus, preto das veigas, regos e mananciais, soutos e carballeiras que lle foron tan familiares. As reunións e xuntanzas, as festas, os enredos lúdicos e amorosos, acontecen moi preto do lugar no que descansan os defuntos, nun desexo intencionado de que a estes lle cheguen os ecos das actividades dos vivos. A morte non é unha barreira infranqueable. A relación entre vivos e defuntos transcénde, porque ambos están sumidos nun tempo que non se acaba, na eternidade. Neste verde recanto nunca se morre de todo” (Aparicio Casado, 2002: 25-26).



“Un incendio, recente, ennegrece os outeiros que dominan a aldea, mais sêrvenos de pretexto para inspeccionar as grandes laxes, antes cubertas pola mesta vexetación. Nestas andabamos, cando algo reclamou a nosa atención. Na cara dun gran penedo pegárase unha placa de feitiño moderno. Achegámonos cabo dela e puidemos ler o que dicía: POR SU DESEO AQUÍ DESCANSA ALSIRA DA POUSA. Seguían as datas de nacemento e defunción e a dedicatoria da súa familia. O feito pareceunos bastante insólito...

Xa na madurez, Alsira marchara a Bilbao, para vivir na compañía da súa filla. Alí finou, pedindo expresamente que as súas cinzas descansaran, unha parte baixo dunha pereira da horta,

mudo testemuño de moitas vivencias, e o resto nos Outeiros da Pousa, un miradoiro natural a un tiro de béstia da súa casa.

Francisco Fernández del Riego, nun fermoso libro *-Sinias dunha cultura-*, reflexiona sobre a percepción da paisaxe polo galego, a fonda pegada da terra, coa que establece un ligame tan forte que nin sequera a morte é quen de rachar. Este sentimento inmorredoiro enchoupa ese trazo diferencial dos galegos que é a saudade.

Moito se ten falado e escrito desta emoción. Uns definen como naturalismo, outros como animismo. Para moitos, entre os que me conto, é puro panteísmo, unha integración, ou mellor, mergullo total na natureza, identificada con Deus...

En Galicia, precisamente por este panteísmo, endexamais se morre de todo. A morte é, sinxelamente, unha mutación, un proceso mediante o cal un se integra definitivamente na natureza, na totalidade, no tempo eterno.

Dende os Outeiros da Pousa, aló no alto, o bo Deus –porque Deus ten que ser bondade, ou non é nada- ha permitir que Alsira bote unha ollada, de cando en vez, por un burraquiño do ceo, para mirar ós seus, a súa casa, a horta, e A Pousa, ese pequeno e fermoso lugar do mundo onde lle coubo nacer” (Aparicio Casado, 2005).

Parada (Ponte Caldelas), Nadal de 2006.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- APARICIO CASADO, B. (1999): Exposición sobre “O megalitismo”, *III Xornadas de Historia de Galicia*. I.E.S. “Chan do Monte” (Marín).
- (2002): *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega*, Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, n.º 27. Universidade de Santiago de Compostela.
- (2005): “Alsira da Pousa. O sentimento da terra”, *Diario de Pontevedra* (24-VII).
- CHRISTIAN JR., W.A. (s.d.): “La religiosidad popular hoy”. In José A. Durán (dir.), *Galicia. Realidade económica e conflito social*. Banco de Bilbao.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGONA E NÚÑEZ, E. (1989): “Aproximación ós petos de ánimas da provincia de Pontevedra. Os petos cara ó ano 2000”. *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*, n.º 12. Deputación de Pontevedra.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1990): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, (2ª ed.), Edicións do Castro. Sada (A Coruña).
- GONZÁLEZ COUGIL, R. (s.d.): *Galicia. La religiosidad gallega ordenada a una liturgia inculturada*. Deputación Provincial de Ourense.
- PALLARES MÉNDEZ, M. C. (1991): “El sentimiento de la muerte y su influencia en la sociedad gallega bajomedieval”. In Xavier Castro and Jesús de Juana (eds.), *VI Xornadas de Historia de Galicia. Mentalidades colectivas e ideolóxicas*, Deputación Provincial de Ourense, pp. 211-227.
- RISCO, V. (1979): “Etnografía: Cultura Espiritual”. In R. Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*, volume I. Akal, Madrid.
- VÁZQUEZ ROUCO, S. (1998): *San Xoán de Poio. Monasterio, coto, parroquia*. Deputación de Pontevedra.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1993): “El megalitismo”. *Galicia. Arte*, tomo IX, *Arte prehistórico y romano*. Hércules de Ediciones, A Coruña.
- VÁZQUEZ VARELA, J.M. e BERMEJO BARRERA, J.C. (1991): “La cultura castreña”, *Historia de Galicia de Faro de Vigo*, 5, Vigo, pp. 81-100.

Aceite de autor
de Oliva

Virgen
Extra

Aires

Jaén rumbo al interior



PONTEVEDRA, ¡ TAN BONITA !

Por: Pepy Clavijo

Era unha mañá soleada e aquela persoa decidiu dar un paseo pola cidade. Saíu da súa casa con moitas ganas de observar sen presa, con detemento, todas as belezaas das rúas.

Subiu as escalinatas da Basílica e quedouse un rato contemplando o magnífico retablo pétreo que constitúe a fachada oeste. Obra de Cornelis de Holanda, componse de tres corpos, en cuxo centro se abre un arco románico para dar paso ao interior.


Observou de abaixo cara arriba e en seguida descubriu aos personaxes que aparecen: á dereita San Pablo, Felipe II, San Xerome (con gafas) e Santa Bárbara. Á esquerda San Pedro, Carlos I, Santa Catalina e San Gregorio.

Enriba da porta: a durmida da Virxe, con San Marcos e San Lucas aos lados, ambos sobre cunchas, o mesmo que se verá, un pouco máis arriba, aos outros dous evanxelistas, San Máteo e San Xoán.

Máis enriba o rosetón. Aos lados, dous bustos que se cre pertencen a Colon e Hernán Cortés. O rosetón aparece rodeado de anxos en representación do Ceo.

Encima do rosetón, a Asunción da Virxe e un pouco máis elevado a Santísima Trindade coa curiosidade de que o Fillo non está á destra senón á esquerda.

Basílica de Santa María. Pontevedra



Pontevedra. - Santa-María.

A. Banientos Príncipe 43 Vigo.

Un precioso remate, a modo de encaixe, remata a fachada co Calvario: a Cruz no centro e aos lados a Virxe e San Xoán. Á dereita pódese ver a Teucro (o mítico fundador da cidade) e á esquerda San Miguel (patrón dos homes do mar).

Chega a nosa amiga ao Campillo (nesa hora tranquila e sen botellón). Está situada á esquerda da Basílica, séntase nun dos bancos arrimados á antiga muralla de Pontevedra, para pensar baixo a sombra das árbores; recorda que está circundado pola muralla que conta dunha lonxitude de case dous quilómetros; algunhas casas don do s. XIX, constituíndo un marco incomparable para reposo durante o día.

Agora baixa pola rúa de Isabel II, unha longa costa que remata na rúa Real, pero mo seu camiño irá deixando cousas interesantes que ver. Recordou que Isabel II foi raíña de España filla de Fernando VII e a súa cuarta esposa M^a Cristina de Nápoles; a rúa leva o nome dende 1854, antes se chamou "Soberanía Nacional" de Carlos III e "da Correría".

Ao comezar a rúa e pegada á Basílica atopa unha imaxe da Virxe da O (Patroa de Pontevedra); debaixo dela atópase un sepulcro onde, posiblemente, estea soterrado Alfonso de Baltuino.



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



O Campillo. 1919



Deixa dúas rúas: a da Platería e a da Amargura, onde tiña lugar o encontro da Virxe co seu Fillo o Venres Santo. Nela estivo instalado o cuartel de carabineiros, nunha casa do s. XV, cuxa porta ábrese baixo un arco con escotadura no centro que o asemella a un cortinado (arco conopial). Nesta casa nos anos 50 do pasado século houbo unha escola de primaria. O escudo pertence a familia Vaamonde.

Á esquerda deixa o canellón de San Martiño nunha de cuxas casas vemos un escudo que pertenceu ao Arcebispo de Santiago, Juan de San Clemente.

Deixa tamén ao seu paso a Rúa Alta que se chamou “das ovelas” no século XIV e tamén se cre que levou o nome de Domingo Robeira aínda que se lle coñecía pola rúa de Primo por un forno que había alí. Tamén houbo outro máis tarde, o do Barqueiro. Leva o nome de Rúa Alta dende 1854. As súas casas teñen soportais con columnas cilíndricas e altos muros. Nela dise que estivo a “aljama” (de al – yama) lugar de reunión, ou barrio xudeu.

Non esquece facer unha visita á Capela da Virxe (antigo colexio das Madres Doroteas), chámase da Hermana Lucía por aparecerse a Virxe na cela desa monxa, lugar de gran recolleto; esta rúa chamouse “Do peso da Fariña”.

Chega a nosa paseante á Praza de Rogelio Lois que se coñece como as “Cinco Calles”. Un pouco antes atopa unha casa cunha inscrición en caracteres góticos que di: “*Esta obra mandou facer Esteban Martínez, regidor; Era de CCCLXXX*”; no medio desta hai un escudo con dúas cunchas e dúas follas de figueira en forma de cruz e un pouco máis arriba outro, este redondo con flores de lis e na súa cimeira plumaxe de fidalgo, e dous escudos máis, iguais.

Na praciña atópase unha casa na que viviu Valle Inclán e un artístico cruceiro do s. XVIII (1773). Na parte inferior do fuste están representados Adán e Eva, un pouco máis arriba S. Antonio e na parte superior sobre o capitel o Crucificado cun frade.

Por fin chega no seu paseo á rúa Charino. Nesta os seus recordos non van dirixidos ao personaxe en toda a súa extensión, os seus recordos afondan máis nos seus amigos, na cociña da súa casa, no ben que o pasaban con pouquísimo diñeiro e no cariño que aínda perdura entre aquelas persoas que se reunían nos anos 50. Sinte moito que a rúa estea tan abandonada e que só se compoña de bares, cando naquel tempo as portas non se pechaban e todos formaban unha grande familia.

Aparece a nostalgia e ela... sigue o seu camiño.

Rúa da Amargura. 1919



CERCOS REAIS E CEDAZOS, ARTES SEMELLANTES, LANCES DISTINTOS

Por: Francisco Calo Lourido

Cando, no ano 1979, andaba eu a preparar a monografía sobre artes de pesca para o Museo do Pobo Galego, a que sería a primeira tentativa, non vou dicir de estudo histórico dos mesmos, porque sería demasiado pretencioso; pero, cando menos, si do seu ordenamento cronolóxico (Calo, 1980), non puiden acceder ao exemplar do traballo de Sáñez Reguart (1791-1795) que obraba en poder da familia Massó de Bueu. De nada serviron as recomendacións do director nin do secretario do Museo de Pontevedra, profesores Filgueira e García Alén respectivamente. Tiven, xa que logo, que contentarme con ler unhas vellas e moi parciais fotocopias que obraban no devandito museo, o mesmo que o gravado do seu lance, o mesmo que aparece repetido en todo tipo de traballos sobre o noso mar e que ocasionou

Hai pouco tempo, cando lle fixen notar a un historiador que o *cercos real* non era máis que a *sacada* de maiores dimensións que tivemos nas nosas rías, aínda se me escandalizou, por dicilo suavemente, o que me fixo pensar que andaba no certo, cando escribín que “A falla de coñecementos etnográficos en moitos historiadores failles dicir cousas certamente chocantes e peregrinas, que, por suposto, non invalidan, pero que fan desmerecer os seus textos, por outra banda baseados rigorosamente nas fontes documentais. Para estudar o mundo mariñeiro non é imprescindible saber de mar, pero tampouco estorba” (Calo, 2003: 21, nota 2).


No extenso traballo que fixen para a *Antropoloxía* de Hércules de Ediciones sobre as artes de pesca, case deixei todo perfectamente entendido e claro; pero aínda alí hai un

detalle que non se corresponde coa que foi a verdadeira largada do *cercos real*. Deixei dito: “Os patróns ou atalieiros (nótese que na pesca do atún se chama a estes homes *atalayeros* en castelán) dos barcos lixeiros, ás veces desde terra, observaban o mar para descubrir o peixe e dirixían a operación de cerco. Chegaba o trincado ou galeón a onde estaba o cardume e rodeábao co aparello; viñan barcos auxiliares e axudábano a arrastrar a rede coa pesca cara a terra ata chegar a 4-5 brazas de auga (se a rede non tivera forma de sacada non se podería facer isto). Alí amarrábaselle o longo pano duns 140 m, o cartel ou cuartel, que pechaba a trampa e iría todo á auga. Temos, xa que logo o arrastre previo e o posterior peche do cerco. Contando coas dimensións do aparello hai un enorme “cilindro” de mar

cheo de sardiña. Para evitar que se xuntara a rede por efecto do vento, das correntes ou da ondada, trincábase con rízons desde a tralla do corcho todo en volta ou por onde se considerara oportuno.

A sardiña xa non pode fuxir. Entra un barco no enorme cerco, pasando por riba do corcho, e lanza no interior unha rapeta, arrastra e mete a sardiña a bordo; repite os lances ata cargar e vai para o porto, deixando o sitio e a rapeta a outro barco, e así sucesivamente nunha operación que pode durar varios días en función da cantidade de sardiña cercada” (Calo, 1997a: 179-180).

Largada do cedazo (Sáñez Reguart)



moita confusión a tódolos investigadores. Unha vez que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixo, no ano 1988, unha tirada facsimilar da alfaia de Sáñez, entendín, por fin, o funcionamento do grande aparello denominado *cercos real* ou, como veremos, mellor sería dicir, neste caso, *cedazo*. Se tivera lido con maior atención o precioso libro de Casto Sampedro (1904) comprobaría que está alí todo perfectamente claro; pero as súas descrições e explicacións non me encaixaban co gravado. E, daquela, pasei por riba sobre uns parágrafos nos que D. Casto fai notar as diferenzas entre a largada do *cercos real* e a do *cedazo*.

No traballo de 1980, cunha descrición máis breve, pero semellante, agás na mención do cartel ou cuartel, falei do perigoso que resultaba esta manobra, considerando que a ceifa se realizaba nos meses de inverno e que o tempo podía virar en calquera momento. Lembrei, para ilustralo, aquel funesto episodio do “venres, 21 de novembro de 1533, dous días antes da caída do raio que desfixo un anaco da catedral de Santiago, cando os de Muros e Noia cercaron a sardiña xunto á illa da Creba, onde se refuxiara fuxindo do mar de fóra. Ese día, ao clarear, cargou máis o vento e a chuvia e os de Muros mediaron de sardiña e puxeron proa ao porto, pero tanto o trincado como os barcos máis pequenos foron ao fondo ao despuntar a Creba, morrendo doce homes. O trincado de Noia e outras lanchas puideron chegar a terra, desfacéndose outro trincado e máis catro lanchas. As catro ou cinco que conseguiron recalar a Noia con sardiña levaban uns 40 milleiros, pero viña tan lavada e baticada polos golpes de mar que a tiveron que botar ás leiras para esterco. Zafáronse moitos homes a nado, pero o saldo da pesca foi de doce ou trece afogados, dous trincados duns 300 ducados cada un ao fondo, amais dunhas oito lanchas, a perda dos cercos, que valerían 500 ducados, a sardiña estragada e uns 200 milleiros dela, que estaba pechada na rede, fuxiu polos rachos do aparello” (Calo, 1980: 18-19).

¿Como era realmente o *cercos real*? Tratouse, sen dúbida, do máis grande dos aparellos que houbo en Galicia ao longo de toda a nosa historia pesqueira.

Nos séculos finais da Idade Media, empregáronse unhas artes enormes para matar preferentemente o “cupleido” que nos visitaba, ano tras ano, rompendo do noroeste. Nalgures escribín que así como se di que a cidade de Amsterdam está construída sobre as espiñas dos arenques, a de Pontevedra (e podería engadir moitas outras vilas galegas) repousa os seus alicerces sobre as espiñas de sardiña. Dúas maneiras había para matalas: o xeito e as sacadas. Consistía, e consiste, o xeito en longas e altas redes dun pano que se largaban preferentemente nas bocas e pasantías das rías para que os cardumes de sardiña mallaran nelas e quedaran presas polas garlas. Non cómpren agora máis detalles, pois o meu interese aquí son as sacadas. O traballo destas era moi diferente, xa que o seu papel consistía en rodear os manchos e arrastralos cara a unha praia, un “sacadoiro vello”, como se lle chamaba desde o S. XVIII. Para poder realizar este cerco e subseguinte arrastre tiña que ter a arte unha forma de saco, de onde o nome, que se conseguía empalmado panos de rede para

confeccionar un aparello de aspecto fusiforme: dous laterais máis estreitos, as bandas ou pernas, que, na parte central ou copo, van medrando en altura. As mallas do copo son máis fecheiras, ergo máis fortes e pescadoras, que nas bandas. Duns calóns colocados nos remates das pernas saen as betas, seneiras ou cabos, polos que se cobra arrastrando todo o aparello cara á praia. A propia tracción facía que o copo abombase en forma de saco.

Describín unha *sacada* tipo, remitindo para os detalles á miña bibliografía citada. O que variaban, e moito, eran as dimensións e os nomes que, en función delas, se lles daban, tanto nun mesmo porto como nos diferentes que se espallaban ao longo da costa, desde Asturias ata o Miño. Temos así os seguintes: “sacadas altas, grandes, de inverno, siskas e rapetóns, por unha banda; noutro grupo: sacadas pequenas, baixas, de verán, rapetas, traíñas e chinchorros” (Calo, 1997b: 296). Neste traballo, que dediquei especificamente ás sacadas, xávegas e boliches, deixei dito, en páxina 298: “Non hai dúbida de que a *sacada* era o gran



aparello xunto co *cercos real* e, para Sampedro y Folgar (1904: 90) cecais sexan da familia e posiblemente a que nos ocupa antepasada do cerco. Nós tampouco estamos en condición de aseguralo, pero non dubidamos de que efectivamente o segundo deriva da *sacada*, anque non é cousa de entrar agora niso”. Pois ben, agora si estou entrando niso, pois coído que xa non teño ningunha dúbida de que, malia os contemporáneos non deixalo claro, o *cercos real* era tamén unha *sacada*, a máis grande con moito das *sacadas*, e por iso era *real*.

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE


Seguindo a D. José Cornide, sabemos que o *cercos real* recibía na costa da Coruña o nome de *cedazo*. Lemos: “Úsase el Cedazo cerrándolo enteramente y dexándolo quedar cerca de la costa, asegurado según toda su vuelta con varios Ancorales...” (Cornide, 1788: 203). Nun traballo anterior, que tiveron a fortuna de estudar e reeditar, vai falando dos diferentes tipos de sacadas nos distintos portos. Sabemos así que, nos do norte, a *traíña* era a máis grande das sacadas, con 400 brazas de lonxitude, sendo idéntico a ela o *chinchorro*; pero coa metade de longo. Pola contra, o *trabuquete* é un aparello semellante ao *cedazo*, polo que tamén pecha en redondo no medio do mar. Para as augas de Pontevedra, menciona a Ordenanza de 9 de abril de 1768, na que se di que as *sacadas pequenas, rapetas ou traíñas* non deben de levar cope nin cartel. Lemos tamén que o aparello máis grande de todos é o *cercos real* ou *cedazo*, con nada menos que 1 000 brazas de rede (Cornide, 1774: 16-97).

D. Antonio Sáñez Reguart (1791-1795) é, cronoloxicamente, o seguinte dos grandes autores para o estudo do noso mar. Na súa obra monumental aporta unha mancha de datos sobre as *sacadas* e o *cercos real*, así como, seguindo na estela da Enciclopedia Francesa e no espléndido traballo de Duhamel de Monceau, de quen é debedor en moitas páxinas, uns preciosos gravados da autoría de D. Juan Bautista Bru. Como sabemos ben todos os que facemos traballo de campo sobre aparellos, os seus nomes son tantos e tan variados como os portos. En ocasións, o único que cambia son as medidas e, noutras, o mesmo nome designa aparellos moi distintos. Esta tremenda confusión tamén a fixo notar Sáñez en bastantes lugares da súa obra. Cando fala das *traíñas*, no Cantábrico cántabro e asturiano, di que hai varias redes con este nome, que é arte moi antiga e que tal vez xa existía en época romana. Chámalle *traína* e “*trainera*, que tamén suelen pronunciar muchos pescadores en el hecho de querer significar dicha red”. Está a falar de San Vicente de la Barquera. Di que en Asturias, en Ribadesella, que chaman *trainera* á *salmonera*, que en Galicia recibe o nome de *pardellos* e que “es al modo de la que se conoce en aquellos mares con el nombre de Volante, propia para pescar merluza”. Engade que tamén Duhamel chama á *traíña traîne* e coida que procede do latín *trahere*. Sen dúbida é así, aínda que, máis ben, desde o seu vulgar *traginare*.

Xa en Galicia, di que en varios portos confunden a *traíña*, chamándolle *cedazo*, *cercos* ou *cercos real*. As súas 400 ou 500 brazas de longo (caso da de Betanzos) conséguense a base de aportes de panos por parte dos mariñeiros, o mesmo que no *cercos real* e, igual que a este,

compáraa coas *almadrabas de vista* que hai no sur para o atún. Fala de moitos portos e moi variadas medidas das *traíñas*, deixando nota de que na Coruña hai unha e un *cercos real*, ao que realmente debera de chamar *cedazo*; pero todo é unha confusión razoable. Á palabra *Cedazo* só lle dedica 11 liñas escasas, porque, segundo el, non debera chamarse así, senón *cercos*, polo que o que escriba sobre este será válido para aquel. Entra a continuación en *Cercos Real* (non cito páxinas por tratarse dun dicionario), e aquí escribe, nada menos que ao longo de 50. Vexamos algunhas das súas frases: “La pesca de Sardina en las Costas de Galicia es un tesoro de los más preciosos, y preferible a los de las minas de nuestras Indias, porque es inagotable”; “Esta red es de una extensión enorme: suele llamarse también *Trahiña* alternativamente en algunos puertos, sin que la distinción de nombres arguya diversidad positiva, porque no la hay, si se atiende a la figura, corchos, parages y peces...” Di que a única diferenza é o tamaño, pois a *traíña* e moito menor, e engade que tamén se chama *cedazo*; pero insiste en que, sendo todo o mesmo, o nome que máis lle acae é o de *cercos real*, “pues que en realidad queda cercada la pesca, y en depósito los días que conviene”. Máis adiante

Sacada con pandullos (Rodríguez Santamaría, 1923)



lemos que o tamaño é o de menos, pero que sendo “instrumentos de raer, no se deben cargar con exceso por las trallas o cabos de abaxo, de modo que trastornen o arrasen los fondos”. Fala, por suposto, de Pontevedra, cos 1 500 mariñeiros que traballaban con 12 destas artes, tamén chamadas “*Armazones Reales*”, da conta do *cercos* que mandou armar, a mediados dese século XVIII, o irmán do Padre Sarmiento, D. Francisco Xavier Sarmiento, Ministro de Mariña (o que hoxe chamariamos Delegado Provincial), detense nos conseguíntes problemas e preitos, etc.

O gravado co que ilustra o lance do *cercos real* é mesmo esteticamente fermoso, polo que todos o repetimos nos nosos traballos; pero non se corresponde coa realidade. O que realmente está a representar é o *cedazo*, ou, se queremos, o mesmo aparello, pero na costa coruñesa, polo que, cando se escriba sobre o *cercos real* de Pontevedra non debería de empregarse máis esa ilustración, por ser distinto o tipo de lance que mostra. Relendo con calma e atención o libro de Casto Sampedro, vémolos agora con meridiana claridade: “No xeito de cobra-la rede e recolle-la pesca, a diferenza entre os cercos brigantinos e os que alguén chamaría ‘helénicos’ era moi salientable.

Como que alí o tiraban polas 'sisgas' sobre os rizóns, ou ben desde terra achegaban o cerco ata a profundidade de catro ou cinco brazas e alí pechábano cun cartel ou peza de rede, dándolle unha forma xeral ovalada ou redonda, para o que se afianzaban con moitos rizóns pequenos e con pandullos. Así mesmo facíase que unha das dúas bandas ou pernas rodeara o gran cope, dándolle tantas voltas como acadara". Isto é xustamente o que vemos no gravado de Sáñez Reguart. Pero seguimos lendo:

"E aquí (en Pontevedra) botábase á mesma ribeira sen constituír depósito ningún, nin no mar, nin fóra del, envorcando de seguido o contido do cope nos barcos ou na praia, no medio de cadanseus salabardos e cestas.


E por iso non tiñan a necesidade de empregar nestas rías a rapeta ou 'cuchara' coa que alá se sacaba o peixe de dentro do 'cedazo' en funcións das necesidades do consumo e do mercado" (Sampedro y Folgar, 1998: 252).

Completemos o lance en Pontevedra para non deixar a faena a medias. A largada do enorme aparello e das súas betas leva unhas dúas horas, se non hai atrancos, realizando un cerco de 8 km de lonxitude. Cobrala desde a praia demora unhas 9 ou 10 horas, en función do vento e das correntes. Aconsello a lectura de Sampedro y Folgar pola beleza da completísima descrición do traballo e do ambiente que pinta dos centos de persoas ao redor da grande arte. Leamos a D. Casto na case inaccesible edición de 1904 ou na tradución de 1998, aínda que non podo resistirme a protestar contra este tipo de traducións, xa que os traballos etnográficos deben de ser traducidos (se as linguas son distantes, non do español dun pontevedrés ao galego) con grande pulcritude científica. Neste caso, quedou o libro absolutamente inutilizado para todo tipo de traballo lingüístico, pois que non se pode saber como lle chamaba o autor as cousas, ao estar

traducidas, segundo o criterio da tradutora. Exemplos: Na páx. 47 da tradución, xusto no inicio da obra, lemos 'xeiteiros e trañeiros' por 'Jeiteros y

traineros'. Certamente non é o mesmo e non é cousa agora de volver sobre as "traínas", "traññas", "traineras" e "traineiras/trañeiras", das que xa teño escrito moito e polas que agarrei cabreos cos correctores terroristas, que sempre esnaquizan os meus textos, algo que sei facer eu só, como diría Luísa Castro. Eu, neste libro, non sei cando as palabras que me interesan son de Sampedro ou da tradutora, o que me invalida o texto en moitos aspectos.

Deixando o anterior, pediría, por rigor científico, que, xa desde agora, non volvamos a empregar o gravado do *cedazo* para ilustrar o *cerco real*. Empreguemos o dunha *sacada*, pois diso se trataba.



Sacada sen pandullos (Rodríguez Santamaría, 1923)

Resumamos. Na costa da Coruña rodéase a sardiña e, tirando polas betas cóbrase do aparello, arrastrando polo fondo, ata unha profundidade de 8 ou 10 metros onde se completa o cerco con outra rede rectangular, o cartel, e se envolven sobre si mesmo os panos para reforzar o cerco. Na costa de Pontevedra rodéase a sardiña e, tirando polas betas, arrastrando polo fondo, chégase con el ata unha praia, sen pechar ningunha caste de círculo.

Coido que despois de todo o escrito quedará xa clarexado o asunto e verase que, como dixen ao primeiro, o noso *cerco real* non é máis que a máis grande das sacadas e coma elas, exactamente igual, traballa. Só se diferencia no tamaño; pero en ningures hai dúas sacadas coas mesmas medidas.

Bibliografía:

- CALO LOURIDO, Francisco (1980): *As artes de pesca*. Cadernos do Museo do Pobo Galego 1. Santiago.
- CALO LOURIDO, Francisco (1997a): "Artes de pesca marítimas e fluviais". In GONZÁLEZ REBOREDO (Coord.): *Galicia. Antropoloxía. Mariñeiros. Creación Estética*. Hércules de Ediciones, S.A., A Coruña, pp. 148-267.
- CALO LOURIDO, Francisco (1997b): "Da sacada ó boliche. O caso de Raxó na Ría de Pontevedra". In *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*. T. I. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. IEGPS. Santiago de Compostela, pp. 295-317.
- CALO LOURIDO, Francisco (2003): "Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII-XVI)". In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Actas do Simposio de Historia Marítima do século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra, Pontevedra, pp. 19-42.
- CORNIDE, José (1774): *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Ed. facsimilar de CALO LOURIDO (Edición e Estudio) (1997). Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- CORNIDE, José (1788): *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia...* Ed. facsimilar de PAZ-ANDRADE (Estudo Preliminar) (1983). Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.
- SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1904): *Documentos, Inscripciones y Monumentos para la Historia de Pontevedra*. T. III. Pontevedra. Hai ed. traducida de 1998: *Ordenanzas da Confraría do "Corpo Santo" e do Gremio de Mareantes de Pontevedra*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.
- SÁÑEZ REGUART, Antonio (1791-1795): *Diccionario Histórico de las Artes de la Pesca Nacional*. Madrid. Hai ed. facsimilar do MAPA, Madrid, 1988.

¡ ROUBARON UN RODABALLO ! UN FEITO REAL QUE INMORTALIZOU ESTE PEIXE

Por: Laureano Mayán Taboada


Un corpo aplanado; cabeza pequena, cos ollos no lado esquerdo; unha aleta dorsal tan longa como todo o corpo; unha cola case redonda, e exemplares que poden chegar a alcanzar un metro de ancho... non son características que proporcionaran popularidade ao rodaballo. Máis ben: a súa escaseza, o seu elevado custo, o seu exquisito sabor e... ser o protagonista dun feito, cun principio sen transcendencia e un final insospeitado.

Un feito, real, que quedou plasmado nuns versos, cuxa letra foi modificándose, ben cambiando palabras, ben engadíndoas... posiblemente nun intento de dotar de máis orde ou racionalidade, o acontecido. Perdeuse a súa orixinalidade, pero permanece invariable, ao paso do tempo, non só a música que acompaña a letra (a súa orixe descoñécese ou, ao menos, descoñézoa), senón, tamén, a “obrigada” interpretación naquelas xuntanzas que se consideren enxebres.

Son coñecedor deste feito, a través dunha agradable e simpática muller, que fai poesía de todo o relacionado co mar e o seu entorno, do que se sente profundamente namorada: Josefa Area Moreira, veciña de Marín. O seu pai, Cándido Area, foi o protagonista desta historia que describimos.

O señor Cándido, máis coñecido por “Cándido o Putón”, era patrón dun barco no que a tripulación era da Poboia do Caramiñal e andaban ao mar na Coruña. Un día cando estaban escollendo o peixe que ían logo a vender na lonxa, agocharon un rodaballo debaixo dunha caixa. O patrón, comprobando todo o peixe que viñera no lance, sentiu que algo se batía debaixo da caixa. Levantouna e mirou que era un rodaballo que aínda estaba vivo. - ¡Parece que chamas por min! - foi a súa expresión. Colleuno, e púxoo co outro peixe para que fose vendido no Muro (A Coruña). A noite da venda, o patrón Cándido, preguntoulle ao armador cantos cartos dera o rodaballo, pero o armador díxolle que el non mirara rodaballo ningún. Cándido deduciu que o peixe levouno o vendedor que chamábase Cachirulo, e cando chegou a bordo, díxolle aos mariñeiros: - “oxalá vos deixara ir o rodaballo a vós... ao fin foi roubado en terra”.

Os mariñeiros, á vista de que a cousa xa non tiña solución, tomárono da mellor forma posible, e para recordar con humor este feito, inventaron unha letra que logo se convertería nunha canción tan simpática e alegre, como pegadiza e popular.



Pin, patrón do Comatí (Illa de Ons), cun exemplar de rodaballo de 8 kg.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

*Nun barquiño da Coruña,
nunha caixa de carballo,
catro muchachos da Pobra, ai, ai, ai,
agachan un rodaballo.*

*O patrón que o mandaba,
era un patrón de Marín,
que lle dixo ó rodaballo, ai, ai, ai,
como chamabas por min.*

*E levouno para a proa,
e con moito disimulo,
inda ben chegou a terra, ai, ai, ai,
roubouno o Cachirulo.*


*Alá pola media noite,
ven o patrón a chorar,
roubaron o rodaballo, ai, ai, ai,
que vós queriades roubar.*

*Non teña pena patrón,
que ese peixe é un desgraciado,
que xa naceu co sino, ai, ai, ai,
que tiña que ser roubado.*

Habitualmente, ao menos nestas latitudes, faise uso das seguintes estrofas:

*Nunha barca de Marín,
coa proa de carballo,
catro rapaces da Puebla,
roubaron un rodaballo.*

*O patrón que a mandaba,
tamén era de Marín,
e decía ó rodaballo,
moito miras para min.*



Rodaballo pescado ao carón da Illa de Onza.

*Fórono a vender á lonxa,
e con moito disimulo,
e quen o foi a mercare:
A filla do Cachirulo.*

*Cala esa boca, patrón,
que este peixe é condenado,
porque xa naceu co sino,
que había de ser roubado.*

*Equí acaba a historia
deste peixe, rodaballo,
que por non haber aceite,
houbo que comelo asado.*

Tamén soe ser habitual, intercalar a seguinte estrofa

*Mala chispa te coma,
mala chispa te de,
mala chispa te trague,
ui, ai, e.*

Resulta curioso que acción tan común, como antiga, dera lugar a que unha soa das especies mariñas, se convertera en protagonista exclusivo. Un pensa que xa era o momento de realzar as virtudes e calidades que adornan este peixe que, a diferenza dos demais, sempre dá que falar: vivo, morto ou “desaparecido”.